



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X leislatura  
Serie Pleno  
Número 90

**Sesión plenaria**  
7 de novembro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

### Punto 3. Proposicións non de lei

#### 3.7 39067 (10/PNP-002902)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Álvarez Martínez, Luis Manuel e tres deputados/as máis**

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, antes do remate do curso 2018-2019, do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, de xeito que se garanta de forma efectiva a posibilidade de prestar distintas modalidades de xestión do servizo de comedor escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 24.10.2018

#### 3.8 39126 (10/PNP-002913)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Otero Rodríguez, Patricia e cinco deputados/as máis**

Sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar o peche dos centros de produción e asegurar o mantemento dos postos de traballo da empresa Alcoa en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 24.10.2018

### Punto 4. Interpelacións

#### 4.1 35115 (10/INT-001170)

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a política do Goberno galego en materia de vivenda protexida

Publicación da iniciativa, BOPG nº 352, do 05.09.2018

#### 4.2 36087 (10/INT-001202)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto en Galicia da suba constante do prezo da electricidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 12.09.2018

#### 4.3 38782 (10/INT-001283)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa Rede galega de atención temperá

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 24.10.2018

## **Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**

### **5.1 39482 (10/POPX-000112)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as propostas que vai impulsar a Xunta de Galicia co fin de garantir un marco estable para as empresas electrointensivas e evitar o peche de Alcoa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 378, do 31.10.2018

### **5.2 39483 (10/POPX-000113)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da calidade do emprego que se crea en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 378, do 31.10.2018

### **5.3 39484 (10/POPX-000114)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Villares Naveira, Luis**

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para reducir a desigualdade económica en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 378, do 31.10.2018

## **Punto 6. Preguntas ao Goberno**

### **6.1 39072 (10/POP-004572)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Blanco Rodríguez, Noela e catro deputados/as máis**

Sobre a solicitude da Fiscalía de Ourense para a citación como imputados de dous cargos da Consellería de Facenda por un presunto delito de acoso inmobiliario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 24.10.2018

### **6.2 38963 (10/POP-004560)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o remate da execución do Plan director para o proxecto de saneamento integral do concello de Lalín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 24.10.2018

### **6.3 36765 (10/POP-004341)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación coa venda de Itínere

Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

**6.4 39471 (10/PUP-000197)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á adxudicación dunha praza de docente na Escola de Restauración de Bens Culturais, de Pontevedra, no concurso de traslados de 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 378, do 31.10.2018

**6.5 39480 (10/PUP-000199)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e seis deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á adxudicación dunha praza de docente na Escola de Restauración de Bens Culturais, de Pontevedra, no concurso de traslados de 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 378, do 31.10.2018

**6.6 36414 (10/POP-004310)****Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca**

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgunha xuntanza coas principais plataformas web de reservas de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

**6.7 38948 (10/POP-004557)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rey Varela, José Manuel e dez deputados/as máis**

Sobre o estado de tramitación do expediente para a declaración de Ferrol como cidade Patrimonio da Humanidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 24.10.2018

**6.8 39479 (10/PUP-000198)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis**

Sobre a situación de precariedade dos servizos de atención á drogodependencia, en especial no que atinxe ás mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 378, do 31.10.2018

**6.9 37100 (10/POP-004379)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Arias, Marta e seis deputados/as máis**

Sobre a evolución que presenta a atención á dependencia en Galicia nos últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 362, do 26.09.2018

## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás dez da mañá.*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as propostas que vai impulsar a Xunta de Galicia co fin de garantir un marco estable para as empresas electrointensivas e evitar o peche de Alcoa. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 11.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 12.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 15.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da calidade do emprego que se crea en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 18.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 20.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para reducir a desigualdade económica en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 22.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 23.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 25.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 26.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e tres deputados/as máis, sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, antes do remate do curso 2018-2019, do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, de xeito que se garanta de forma efectiva a posibilidade de prestar distintas modalidades de xestión do servizo de comedor escolar. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 28.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 28.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Chao Pérez (EM)* (Páx. 31.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 33.) e *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 34.)

*O señor Álvarez Martínez (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 36.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez e cinco deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar o peche dos centros de produción e asegurar o mantemento dos postos de traballo da empresa Alcoa en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 37.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 40.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 43.), *Sr. Casal Vidal (EM)* (Páx. 44.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 47.)

*O señor Díaz Villoslada (S) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 49.)

### ***Votación das proposicións non de lei***

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a dotación pola Xunta de Galicia do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela dos medios humanos e materiais necesarios demandados polo persoal do centro: *Rexeitado por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 51.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia das accións destinadas ao asinamento e aplicación do protocolo entre Aecosan e Intecmar: *Aprobada por 40 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 51.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e nove deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno do Estado para a concreción do prazo e da fórmula elixidos para a supresión da peaxe de Redondela: *Aprobada por 54 votos a favor, ningún en contra e 20 abstencións.* (Páx. 52.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co proceso de negociación que se está a desenvolver para o establecemento dun novo acordo salarial para o persoal da industria auxiliar de Navantia na ría de Ferrol, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto: *Rexeitada por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 52.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do expediente para declarar o parque do Pasatempo, de Betanzos, como ben de interese cultural, así como o financiamento das obras para a súa rehabilitación: *Aprobada por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 53.)

Votación do texto transaccionado do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e salariais existentes no sector da conxelación e refrixeración dos produtos do mar: *Aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 53.)

Votación dos puntos 2, 3, 4, 5 e 6 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e salariais existentes no sector da conxelación e refrixeración dos produtos do mar: *Rexeitados por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 53.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e tres deputados/as máis, sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, antes do remate do curso 2018-2019, do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, de xeito que se garanta de forma efectiva a posibilidade de prestar distintas modalidades de xestión do servizo de comedor escolar: *Rexeitada por 14 votos a favor, 40 en contra e 20 abstencións.* (Páx. 54.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez e cinco deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar o peche dos centros de produción e asegurar o

mantemento dos postos de traballo da empresa Alcoa en Galicia: *Aprobada por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención* (Páx. 55.)

**Interpelación do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre a política do Goberno galego en materia de vivenda protexida.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 55.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 58.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 61.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 63.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa Rede galega de atención temperá.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 65.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 67.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 70.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 71.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a solicitude da Fiscalía de Ourense para a citación como imputados de dous cargos da Consellería de Facenda por un presunto delito de acoso inmobiliario.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 73.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 74.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 75.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 76.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o remate da execución do Plan director para o proxecto de saneamento integral do concello de Lalín.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 77.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 78.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 79.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 80.)



**Pregunta de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación coa venda de Itínere.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 81.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 82.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 84.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á adxudicación dunha praza de docente na Escola de Restauración de Bens Culturais, de Pontevedra, no concurso de traslados de 2016.** (Punto sexto da orde do día.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e seis deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á adxudicación dunha praza de docente na Escola de Restauración de Bens Culturais, de Pontevedra, no concurso de traslados de 2016.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención das autoras: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 85.) e *Sra. Pierres López (S)*. (Páx. 86.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 87.)

Réplica das autoras: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 89.) e *Sra. Pierres López (S)*. (Páx. 90.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 90.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez, do G. P. de En Marea, sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgunha xuntanza coas principais plataformas web de reservas de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 92.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 93.)

Réplica da autora: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 95.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 96.)

**Pregunta de D. José Manuel Rey Varela e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o estado de tramitación do expediente para a declaración de Ferrol como cidade Patrimonio da Humanidade.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rey Varela (P)*. (Páx. 97.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 98.)

Réplica do autor: *Sr. Rey Varela (P)*. (Páx. 100.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 100.)

**Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a situación de precariedade dos servizos de atención á drogodependencia, en especial no que atinxe ás mulleres.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Verao (EM)*. (Páx. 101.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 102.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Verao (EM)*. (Páx. 104.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 104.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Marta Rodríguez Arias e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a evolución que presenta a atención á dependencia en Galicia nos últimos anos.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 106.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 106.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 108.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 108.)

*Remata a sesión ás tres da tarde.*

*Retómase a sesión ás dez da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Reiniciamos a sesión.

Antes de continuar coa orde do día, saudamos a Asociación de ex-alumnos e alumnas da Universidade Senior da Coruña que hoxe nos acompañan e tamén a todos os invitados que hoxe están na tribuna do Parlamento. Benvidos ao Parlamento.

Comezamos co punto quinto da orde do día, que son preguntas para a resposta oral do presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as propostas que vai impulsar a Xunta de Galicia co fin de garantir un marco estable para as empresas electrointensivas e evitar o peche de Alcoa**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos coa pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas.

Moi bo día a todos e a todas.

Señor Feijóo, desde hai tres semanas os traballadores e as traballadoras de Alcoa están en pé de guerra, e nós estamos con eles. E estamos con eles porque é impresentable que unha multinacional pense que pode vir a este país, espremer unhas fábricas que eran públicas, espremer os traballadores e as traballadoras, e despois de gañar millóns de euros, colgar o cartel de pechado cun ERE ilegal e deixando tiradas a centos de familias. E hai que dicilo alto e claro: Alcoa non se pecha e hai solucións. *(Aplausos.)*

Vostede sabe —igual que o sei eu, igual que o saben os traballadores e traballadoras que están nesta tribuna— que a solución a este problema é político. A solución pasa por ter a defensa da produción de aluminio galego como un sector estratéxico e por unha política enerxética que realmente sexa competitiva, estable e que nos permita como país beneficiarnos da produción de enerxía eléctrica. Porque é indignante que, nunha Galiza na que producimos electricidade a esgalla, teñamos pobreza enerxética ou teñamos a 400 traballadores na picota por culpa da enerxía.

Tamén é indignante que o seu Goberno non tivera a valentía suficiente como para defender unha rebaixa na tarifa eléctrica e un novo marco que nos permitira darlle estabilidade e posibilidades de competir en pé de igualdade á industria do noso país. En todo caso, o importante neste momento é o que fagamos de aquí en diante.

Hai quince días neste Parlamento aprobamos unha declaración institucional, e imaxino que ninguén pensa que é o punto final dun debate. Para nós é o punto de inicio para poder con-

formar unha posición de país que permita manter a produción e o emprego en Alcoa. E para iso —dixémosllo ao conselleiro— era importante que se constituíra unha mesa de diálogo, para que cando vaian a Madrid poidan defender unha posición de país concertada con todos os axentes. Nestes quince días iso non o fixeron. Aínda podemos facelo, señor Feijóo. En todo caso, hai algunhas propostas que nos parece que é urxente que vostede mañá defenda ante a ministra.

O primeiro é que ese ERE ilegal ten que ser retirado, porque baixo esa presión non se pode negociar. En segundo lugar, ten que haber un compromiso claro de que se vai manter a produción e o emprego na fábrica da Coruña; e dicimos que se ten que manter con ou sen Alcoa.

Se a multinacional quere seguir adiante co ERE, o Goberno ten instrumentos. Pode facer, a través da SEPI, un rescate desa fábrica para garantir o emprego. É unha proposta legal, é unha proposta necesaria e é unha proposta que vostede debería defender na reunión que mañá ten coa ministra.

E por último, señor presidente, pensamos que é absolutamente necesario que se poña en marcha unha nova política enerxética que garanta un marco estable e competitivo para o noso sector industrial. E dentro desa política enerxética é necesario que se articule unha tarifa industrial para as empresas electrointensiva similar á que existe nos países do noso contorno.

Entendemos que dentro desa tarifa tamén Galiza ten que ter compensacións. Debemos de ter rebaixas nas peaxes que pagamos para compensarnos polos custos sociais e ambientais da produción de electricidade. E, evidentemente, as empresas que se acollan a esta tarifa necesitan ter contraprestacións sociais: teñen que garantir o emprego; teñen que garantir investimentos nas súas instalacións; e, por suposto, plans industriais para crear máis emprego.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Feijóo, estamos ante un tema clave e importante para o futuro deste país. Agardamos polas súas propostas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, a Xunta de Galicia está traballando ao lado dos traballadores de Alcoa dende que tomamos posesión. Este conflito iniciouse xa no ano 2012, volveu rebrotar no ano 2014, e agora, no ano 2018, volvemos falar das dificultades de Alcoa como consecuencia, entre ou-

tras, de non ter unha tarifa estable que regule as empresas que utilizan a enerxía como un custo fundamental que condiciona os seus produtos.

Señoría, imos seguir defendendo os traballadores porque nós non facemos distincións entre traballadores. Xa sei que vostedes queren pechar Elnosa, queren pechar ENCE, queren pechar Reganosa. Nós non. Nós pensamos que todas as empresas que cumpren a normativa en Galicia teñen dereito a continuar en Galicia, e preocupámonos as familias que conforman esas empresas.

Efectivamente, hai quince días neste Pleno aprobouse unha postura unánime. Vou seguir exactamente a postura unánime que o meu grupo e o resto de grupos pactaron neste Parlamento. Primeiro, dicirlles ás familias que entendemos perfectamente a súa situación. En segundo lugar, plantexarlle á empresa que hai que negociar, pero negociar co Goberno central, para concretar unha tarifa de interrompibilidade, unha tarifa concreta, unha tarifa estable; unha tarifa que teña unha certa vocación de permanencia para que a empresa non utilice argumentos torticeiros para pechar a factoría de Alcoa na Coruña e en Avilés.

Pero —insisto, señoría— isto non é porque mo pida o BNG —que tamén— senón porque o primeiro que lle plantexei ao actual Goberno do Partido Socialista na reunión de xullo na Moncloa, dentro dos asuntos que levaba para tratar co señor Sánchez, foi Alcoa. Polo tanto, o Goberno central sabe dende xullo, por min mesmo, as dificultades que advertiamos xa ante a falta de concreción da interrompibilidade e a falta de pago dos 150 millóns de euros que están consignados nos presupostos do ano 2018 en favor das empresas electrointensivas.

Repetiullo o conselleiro ao secretario de Estado de Enerxía en agosto. E volveuno repetir o conselleiro en outubro na Comisión sectorial de industria. Eu mesmo me despracei a Oviedo para ter unha reunión co presidente do Principado de Asturias. E volvemos ter unha reunión coas organizacións sindicais, o Goberno central e a empresa hai unhas semanas en Madrid.

Señoría, levamos traballando con Alcoa dende o ano 2012. Volvemos no ano 2014. Seguiremos no ano 2018. E ímoslle pedir ao Goberno exactamente o mesmo que pactamos nesta resolución. Primeiro, hai que concretar unha tarifa estable de interrompibilidade, como mínimo, de cinco anos. Porque, se non hai uns prezos de enerxía minimamente garantidos, é evidente que todas as industrias electrointensivas en España teñen moitas coartadas para dicir simplemente que non é rendible e que non poden seguir traballando.

O que si deberían facer vostedes é traballar con nós para que as mensaxes en materia de enerxía que está lanzando o Goberno de España non sexan mensaxes tan apocalípticas. ¿Apocalípticas por que? Porque o único que fan é incrementar o prezo da enerxía. Primeiro, que hai que pechar as nucleares. Iso significa incrementar os prezos da enerxía un 25 %. Segundo, que hai que pechar as centrais de carbón. Iso significa incrementar os prezos da enerxía un 15 %. Terceiro, que hai que seguir financiando as primas ás renovables. Iso significa seguir incrementando o déficit tarifario.

Polo tanto, señoría, o que necesitamos son garantías, seguridade e estabilidade. E estas mensaxes continuadas en materia enerxética o único que producen son coartadas ás empresas electrointensivas para pechar a súa actividade.

Polo tanto, señora Pontón, non teña vostede ningunha dúbida, non vou cambiar de opinión. Non cambiei cando gobernaba o Partido Popular nin vou cambiar cando goberna o Partido Socialista. Espero que vostede tampouco cambie de opinión simplemente porque agora lle interesa defender uns traballadores e ás veces prexudicar outros. Todos os galegos temos dereito a un traballo digno, e os profesionais de Alcoa, por suposto.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

Réplica, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Feijóo, realmente eu creo que vostede é incapaz de vir aquí e non repetirnos argumentario tras argumentario, dá igual o tema do que falemos. Mire, nós hoxe queremos falar de Alcoa porque nos preocupa —e moito— o que lle poida pasar non só a 400 familias, senón a toda unha zona, como é a zona da Coruña, na que nos últimos anos se destruíu moitísimo emprego industrial. Destruíuse moito emprego industrial na Coruña e destruíuse moito emprego industrial na Galiza, polo tanto, é necesario que pasemos desa posición absolutamente inútil para este país que vostede ten, pois só lle interesa ver a quen pode responsabilizar dunha situación pero non poñer sobre a mesa solucións valentes e que realmente falemos en serio, porque —insisto— estamos falando dun tema importante para o futuro de moitas familias e dun sector que é estratéxico para Galicia.

Nós plantexámoslle algunhas cuestións sobre as que vostede non dixo nada, e parécenos que é importante que os traballadores e as traballadoras coñezan cal é a posición da Xunta. En primeiro lugar, ¿que pasa se Alcoa decide non retirar o ERE? ¿Que vai defender o seu Goberno, señor Feijóo? ¿Vai defender que haxa un rescate por parte do Estado para que se garenta o emprego?, ¿si ou non?

Creo que esta é unha cuestión importante, porque levamos visto nos últimos anos, por exemplo, como se rescatou a banca. Fíxoo o Partido Popular con cartos de todos e todas para salvar os quen hoxe vemos como actúan neste país. O seu Goberno do Partido Popular rescatou as autoestradas madrileñas, e nós preguntámonos: ¿vai defender vostede que se rescate a fábrica de Alcoa para que haxa futuro para o emprego no noso país? Creo que esta é unha cuestión importante, e vostede sabe que lle preocupa aos traballadores e ás traballadoras.

E hai unha segunda cuestión á que tampouco non fixo referencia. ¿Pensa que hai que recoñecer o status das industrias electrointensivas cunha tarifa que lles dea estabilidade e que tamén teña un retorno desde o punto de vista social? ¿Si ou non?

Creo que estas son as dúas cuestións máis importantes que temos que dilucidar neste momento.

E non se equivoque de inimigo, nós vimos a este debate coa man tendida para poder conformar unha posición de país, e parece que vostede non quere convocar nin os sindicatos, nin os partidos políticos para facer unha fronte desde Galiza para defender o emprego.

Insistimos en que nos gustaría, señor Feijóo, que vostede, cando vaia a Madrid, non fora única e exclusivamente como militante do Partido Popular, senón que levara unha posición de país conformada desde o diálogo. Iso é o que está facendo Asturias. Lamentamos que neste tema vostede parece que non ten esa disposición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Peche desta pregunta, señor presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** O primeiro que debería saber, señora Pontón, é que Alcoa ten dúas factorías en Galicia. Polo tanto, cando vostede di que lle preocupa Alcoa na Coruña, a min preocúpame Alcoa na Coruña e Alcoa en San Cibrao, as dúas. Por conseguinte, debería vostede matizar determinados plantexamentos que vostede fai aquí, porque hai miles de postos de traballo: máis de 1.200 na Mariña e máis de 500 na Coruña. Plantexemos, en consecuencia, o problema no seu conxunto e non por partes, porque, se o plantexamos por partes, o que podemos é concretar o futuro do conxunto.

Señora Pontón, vostede non me escoita porque me di que non nos reunimos... Eu mesmo me reunín co comité de empresa. O conselleiro tamén se reuniu co comité de empresa. Temos os teléfonos abertos para o comité de empresa e para as centrais sindicais. Señora Pontón, ¿como di vostede que non plantexamos unha proposta de estabilidade nas tarifas, cando acabo de facer unha proposta concreta que nin sequera escoitou? Se o que imos plantexar son cinco anos de estabilidade nos conceptos de interrompibilidade, iso significa establecer cinco anos de estabilidade para as tarifas das empresas electrointensivas en Galicia. En consecuencia, señora Pontón, exactamente non sei de que se nos acusa.

Eu estaba ao lado dos traballadores ano 2012 e no ano 2014, cando a culpa de todo isto a tiña o Goberno central do PP. Agora resulta que mudou o Goberno central en España e a culpa séguela tendo, neste caso, a Xunta de Galicia porque eu tamén son do PP, aínda que estea gobernando o Partido Socialista. Isto é algo sorprendente, señora Pontón. (*Aplausos.*) Debería vostede de velar polos intereses de Galicia.

Señoría, eu non estou buscando culpables, simplemente estou buscando solucións. Vostede xa ten os culpables, eu necesito solucións para os traballadores. Primeiro, non enganalos. Segundo, plantexarlle ao Goberno central, na miña primeira reunión en xullo, que o Goberno central tiña que facer unha proposta de forma inmediata porque hai que concretar a interrompibilidade xa para os próximos anos nestes meses. En segundo lugar, aboar os 150 millóns de euros que estaban consignados nos orzamentos e que aínda non se abonaron. Señora Pontón, non deamos argumentos a ningunha empresa para marchar de aquí. Fagamos unha proposta para que as empresas non utilicen o prezo da enerxía para deslocalizarse. Negociemos conxuntamente co Goberno central e coa empresa. A empresa que retire o ERE, e o Goberno central que plantexe unha tarifa competitiva. (*Aplausos.*) Iso é exactamente o que temos que facer, señora Pontón.

Cando estamos plantexando esas mensaxes que o único que fan é tensionar o prezo da enerxía á alza, pechar as centrais nucleares sen que finalice o ciclo de vida útil, pechar as centrais de carbón para incrementar o prezo da enerxía, incrementar as primas ás renovables para facer negocio os que invisten en renovables, iso xa o fixemos; iso si, vostedes, nós non. Nós dixemos que o prezo da enerxía en España ten que ser competitivo; que temos que competir con Alemaña, que temos que competir con Francia, que temos que competir con Noruega, e o que é máis difícil, que temos que competir con países asiáticos que teñen o prezo da enerxía regalado.

Por conseguinte, señora Pontón, non se preocupe. Eu estou co BNG no asunto de Alcoa, cunha diferenza, que eu non busco culpables, busco solucións. E do mesmo xeito que nunca lle botarei a culpa ao BNG de cuestións que non teñen nada... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, ¿como lle vou botar a culpa ao BNG, se por primeira vez non me falan da tarifa vasca?

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Por primeira vez non volven enganar os traballadores de Alcoa neste conflito. Si, señora Pontón, vostedes están enganando con esas tarifas especiais..

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...a todos os traballadores galegos. E eu, como represento á maioría dos galegos e, por suposto, aos traballadores de Alcoa, non os enganarei nunca. Non o fixen no ano 2012, nin no ano 2014, nin no ano 2018. Ou plantexamos unha proposta de prezos garantidos na interrompibilidade, ou seguiremos simplemente botándolles a culpa aos demais.

Mire, cada un o seu, a empresa que retire o ERE e o Goberno central que concrete unha tarifa para que nos dean forzas, argumentos e razóns...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...para gañar este ERE, absolutamente impropio, que a Xunta de Galicia non comparte.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da calidade do emprego que se crea en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de don Xoaquín María Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.



**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Bo día a todos.

Bo día, señor Núñez Feijóo.

Tamén quero saudar a todos os que nos acompañan, incluídos os traballadores de Alcoa.

A máxima preocupación que teñen os cidadáns en Galicia e que teñen as familias é o emprego. A súa cantidade é insuficiente, pero tamén a súa calidade. E temos un lugar común: as xeracións máis competentes e mellor formadas da nosa historia.

As persoas mozas esfórzanse para formase nos seus distintos ámbitos, e como consecuencia, cando obteñen resultados —que normalmente é así—, o noso nivel formativo sobe, e debemos tender a que o faga aínda máis porque é unha garantía de futuro. O problema vén despois, ¿e logo que? Porque a dedicación e o esforzo chocan moitas veces coa crúa realidade do mercado laboral. Algúns —os menos— teñen a sorte, ou as relacións familiares, ou a competencia para atopar unha boa solución e conseguir estabilidade e bos salarios. Outros teñen que marchar. Marchan e atopan fóra unha solución. Pero os máis vense obrigados a seguir en Galicia, condenándose á precariedade e a baixos salarios. A ir dando tumbos de contrato en contrato, en condicións laborais que non son nada presentables, con salarios que dificilmente permiten chegar a fin de mes, dependendo moitas veces de familiares, e sentindo, sobre todo, que o seu esforzo, a súa formación, a súa dispoñibilidade a traballar, non son adecuadamente recompensados.

No último ano, de case un millón de contratos laborais en Galicia, máis de 900.000 foron contratos temporais. A precariedade segue deixando a súa pauta. E voulle dar moi rapidamente tres datos. Desde que comezou a recuperación, o emprego temporal medra a tres veces o ritmo do emprego indefinido. Un de cada dous empregos que se crean en Galicia son empregos temporais. Peor para as mulleres, desde logo, tamén aquí hai fenda de xénero.

Segundo dato. Por debaixo dos trinta anos, todo o emprego creado é emprego temporal. Todo, absolutamente todo o emprego creado. Condenamos á nosa mocidade enteira, a que queda en Galicia, a encadear, un tras outro, contratos temporais que non dan nin a estabilidade nin os salarios suficientes.

Pode dicirme que isto non depende demasiado de vostede porque é un resultado do funcionamento do mercado de traballo que ocorre en toda España, e é verdade. Pero voulle dar un terceiro dato: todo o emprego creado no ámbito público en Galicia desde o ano 2014, e un pouco máis —todo e un pouco máis—, tamén é emprego temporal; e isto si que depende directamente de vostede.

Hai que rectificar as políticas neste campo, non chega que o faga a Xunta de Galicia, tamén o Goberno central. Hai que recoñecer en Galicia que creamos demasiado pouco emprego; que o emprego que creamos non cumpre as condicións mínimas de estabilidade e de suficiencia salarial: non ofrece boas oportunidades, condena á mocidade no presente e sacrifícaa no futuro, porque o salario e as condicións laborais de entrada condicionan toda a traxectoria laboral. Pero, en terceiro lugar, ten que recoñecer tamén que o sector público non está a altura

das súas responsabilidades, e que, en vez de corrixir esta tendencia tan forte á temporalidade, agrava esta tendencia porque vai máis alá incluso que o sector privado. E non podemos pedirlle á nosa mocidade compromiso co futuro se non lle ofrecemos boas condicións. E non podemos tampouco pedirlle demasiado ao sector privado, señor Núñez Feijóo, se desde o sector público non facemos os deberes.

Eu dígolle que o cambio na política laboral da Xunta de Galicia é urxente e que debe facerse para dentro da propia Administración, pero tamén para fóra, cos instrumentos que a Xunta de Galicia ten, que son abondos; instrumentos que ata hoxe non foron ben utilizados e que normalmente acaban pechando o seu presuposto cun grao de execución demasiado baixo.

Esa é a súa responsabilidade, señor presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor Leiceaga.

Efectivamente, máis ou menos no mes de outubro do pasado ano vostede me preguntaba polo emprego. Un ano despois, vostede vólleme preguntar polo mesmo. Paréceme correcto porque, efectivamente, é un dos problemas fundamentais de España e, en consecuencia, de Galicia. Díxenlle entón, hai un ano, que pensabamos que as perspectivas de creación de emprego ían polo bo camiño e que estabamos en condicións de cumprir as previsións de emprego plantexadas no Plan estratéxico da nosa economía. Hoxe, un ano despois, podo dicirlle que esas perspectivas se cumpriron, e os datos así o testemuñan, colla vostede a ratio que colla.

Paro rexistrado. En Galicia estamos baixando o paro rexistrado 2,6 puntos por riba do que está baixando o resto de España; 8,7 baixada do paro rexistrado en Galicia, 6,1 en España. Afiliacións á Seguridade Social no último ano, 23.300 máis que hai un ano. Na EPA que acaba de saír, do terceiro trimestre, a taxa de paro está en 2,3 puntos mellor que a media de España; en Galicia o 12,2 % e en España o 14,5 %. Recuperamos a taxa de paro do ano 2009 e temos 24.000 novos empregos.

Agora vostede quere falar de se hai calidade no emprego. Creo que é mellorable a calidade do emprego. Agora ben, debe vostede de ter en conta, primeiro, que se crea máis emprego indefinido que no resto de España. Segundo, que hai máis emprego a tempo completo que no resto de España. E, terceiro, que os salarios aumentan a maior ritmo que no resto de España.

Permítame darlle un dato de emprego indefinido. O 73,2 % dos traballadores teñen un emprego indefinido, de acordo coa EPA. Iso sitúanos por riba de todas as comunidades autónomas socialistas de España: por riba de Extremadura, de Andalucía, de Castela-A Mancha, de Baleares e de Valencia. E non é un tema menor, a taxa de emprego indefinido era inferior no ano 2008, cando vostedes gobernaban en Galicia. A taxa de emprego indefinido no ano 2008, cando vostedes gobernaban en Galicia, era do 68 %, hoxe é do 73,2 %.

Pero sigamos. Ocupados a xornada completa, de acordo coa EPA, o 87,3 % dos ocupados en Galicia. Somos a terceira comunidade autónoma cos mellores datos de xornada a tempo completo; a terceira. Por certo, estamos por riba da Unión Europea. En Galicia o 87,3 % dos traballadores están ocupados a xornada completa, e a media da Unión Europea é o 80,5 %.

Evolución de salarios. En Galicia, dende o ano 2008 ao ano 2017, os salarios incrementáronse un 8 %, en España, un 5,4 %; o cal non significa que Galicia estea por debaixo na media de salarios na media de España. Polo tanto, hai que dicilo todo, señor Leiceaga.

O que si me sorprende é que vostede me fale do emprego público, porque crin que vostede sabía que Galicia ten a porcentaxe de temporalidade máis baixa de España. Crin que vostede sabía que temos ofertas públicas de emprego comprometidas, acordadas e asinadas con Comisión Obreiras ou con UXT, incluso algunhas veces coa CIG, coa CSIF etc., para a sanidade e a educación, que sobreosan os 16.000 postos de traballo, o que nos vai situar nunha taxa de interinidade entre o 5 % e o 7 %; é dicir, a mellor taxa de interinidade do Estado. *(Aplausos.)*

Señor Leiceaga, creo que vostede debería de matizar a súa posición. Efectivamente, a taxa de interinidade na Administración central do Estado e na Administración local non é a mesma, pero criticar a Galicia por ter o mellor dato en materia de función pública de España paréceme impropio dun persoeiro tan rigoroso como vostede.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Non se preocupe, señor Núñez Feijóo, seguireille preguntando disto mentres a situación sexa a que é, non a que vostede intenta representar. *(Aplausos.)*

Fíxese, a min o que máis me chama a atención é que vostede, como presidente da Xunta, sexa tan feliz coa situación de precariedade que ten a nosa mocidade e que teñen tamén moitos traballadores e traballadoras por riba dos trinta anos. Iso é o que me chama máis a atención.

Eu non me conformo co que temos. Mire, as súas cifras gustaríame saber cales son exactamente. ¿Cal é o número de persoas que están contratadas en situación de interinidade, por exemplo, na sanidade pública en Galicia? Déame unha cifra, unha cifra en termos absolutos, ¿canto é? Porque as cifras que aparecen nas estatísticas nos falan de 6.500 persoas. ¿Son correctas? Iso indicaría que a cifra de temporalidade na sanidade pública está por riba do 25 %, ¡do 25 %! Esas son as cifras. E no ensino tampouco temos o dato. ¿Cal é o número de interinos que hai no ensino público? Dígamo vostede, porque a min o que me sae é que estamos arredor do 15 %. Por tanto, moi lonxe dese 5 % que di vostede.

As ofertas de emprego están ben, pero son insuficientes. ¿E sabe por que son insuficientes? Porque a maior parte desas ofertas son consumidas polas xubilacións que se producen... Si,

si, a maior parte. Por exemplo, no ensino, 1.300 xubilacións, 2.000 de ofertas. Hai 700, pero desas 700 tamén hai a promoción interna. Polo tanto, ao final convertemos a 300 dos que están en situación máis precaria en fixos. Pois a nós parécenos un ritmo insuficiente, porque para chegar ao 5 % con ese esforzo imos necesitar máis desta lexislatura e a próxima. É insuficiente ese ritmo.

E, en todo caso, ten vostede varios mecanismos adicionais que pode poñer en marcha. Por exemplo, as cláusulas sociais na contratación de obras e servizos públicos, que permitiría introducir mellores condicións laborais en sectores como o transporte, a limpeza, a seguridade e a atención social que afectarían a decenas de miles de traballadores e, sobre todo, traballadoras, porque son sectores moi feminizados.

E necesitamos algo máis, necesitamos que nos diga que pasou coa iniciativa de garantía xuvenil, financiada por fondos europeos, que xestionou a Xunta de Galicia e que tivo un fracaso tan rotundo. ¿Como hai que cambiar isto? O Goberno central está lanzando iniciativas, non só a subida do salario mínimo interprofesional, que vai afectar sobre todo aos xoves, senón tamén un plan de choque para o emprego xuvenil, e gustaríame saber se a Xunta de Galicia está disposta a colaborar lealmente para que iso se aplique en Galicia con todas as garantías e nos permita reducir este problema.

Eu non estou conforme coa situación que temos no mercado laboral, sobre todo para os xoves, que os condenamos á inestabilidade durante demasiado tempo —por riba moitas veces dos 35 anos— e a salarios demasiado baixos, e hai que modificalo. O que máis me estraña é que vostede estea contento con esa situación.

Moita grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche da pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas.

Señor Leiceaga, debe ser que vostede non escoita o que digo. Digo que o emprego é a primeira prioridade do Goberno actual da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Vostede está preocupado polo emprego. Non me estraña, señor Leiceaga, porque a situación en que deixaron Galicia en materia de emprego é para preocuparse: 50.000 parados no último ano de goberno non é un dato menor; case seis millóns de parados cando vostedes se foron do Goberno central non é un dato menor. O que si digo —e reitero— é que as previsións do Plan estratéxico da economía galega se están cumprindo: que en Galicia o paro baixa máis que o resto de España; que os ocupados a tempo completo son superiores en Galicia que no resto de España; e que o emprego indefinido é superior en Galicia que no resto de España, aceptando que España é un dos países da Unión Europea con peores datos de emprego. Ese é o contexto, señor Leiceaga, e nese contexto o reitero.

Señor Leiceaga, cando vostedes gobernaban non se podía falar de calidade de emprego porque o único do que se podía falar era de derruba, mes a mes, do emprego. Hai unha pequena e gran diferenza, señor Leiceaga. O que si me sorprende é que vostede me invite a seguir e a imitar o Goberno central. Señor Leiceaga, ¿vostede cre que se pode subir o salario mínimo un 22 % nun ano? ¿Si? Ben, de acordo.

Señor Leiceaga, ¿por que a Airef —que é un organismo independente— advirte que a destrución mínima de postos de traballo, se se concreta esa medida, sería de entre 40.000 postos de traballo menos a 120.000 postos de traballo destruídos?

O Banco de España —institución independente— advirte que a perda de empregos nun ano, de activarse ese incremento do 22 %, suporía 150.000 empregos menos. ¿Sabe quen vai sufrir isto? A xuventude.

Señor Leiceaga, tiñamos o acordo coas organizacións sindicais de subir o salario mínimo interprofesional durante varios anos. ¿Pensa vostede que o señor Sánchez é mais responsable que o secretario xeral de Comisións Obreiras? ¿Pensa vostede que o señor Sánchez vai defender máis os traballadores que o secretario xeral da UXT? ¿Ou é que hai que facer o que diga o señor Iglesias? Señor Leiceaga, ¿vostede con quen está?, ¿coas organizacións sindicais sensatas ou co populismo de Podemos, en Galicia e en España? (*Aplausos.*) Dígame con quen está, señor Leiceaga.

Vostede tamén está de acordo en subir os impostos aos traballadores, está de acordo en subir as cotizacións aos traballadores. ¿Verdade que iso non vai producir empregos? Vai destruír empregos, señor Leiceaga, advertímolo.

Señor Leiceaga, ¿temos que subir o salario mínimo? A resposta é que si. ¿Temos que facelo de forma razoable, en varias anualidades? A resposta é que si. Pero subilo abruptamente, simplemente para manterse na Moncloa, é destruír milleiros de postos de traballo dos mozos e das mozas galegas e españois.

Señor Leiceaga, o que me sorprende en materia de función pública. Pero ¿vostede non sabe que hai leis, preceptos básicos na lei de presupostos, que impediron a todas as administracións públicas facer ofertas públicas de emprego durante moitos anos? ¿Vostede agora nos está imputando a nós que non fixeramos ofertas públicas de emprego cando estaba prohibida por lei a súa convocatoria? ¿Agora resulta que a responsabilidade deste goberno, que ten a taxa de interinidade máis baixa de España; agora resulta, señorías, que despois de pactar 16.500 novas prazas en ofertas públicas de emprego —en educación, en sanidade e en Administración xeral— para seguir colocándonos dentro das administracións públicas con máis estabilidade e con menos temporalidade de España, é responsabilidade deste goberno?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, eu asumo todas as responsabilidades pero non me pida que asuma as responsabilidades que afectan ás leis da Administración xeral do Estado aprobadas en Cortes.

Por conseguinte, de acordo con esas leis —porque eu son demócrata, señor Leiceaga—, en Galicia o emprego vai mellor que no resto de España e as ofertas públicas de emprego e a estabilidade na Función Pública é moi superior ao resto de España.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para reducir a desigualdade económica en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de don Luis Villares Naveira, portavoz do Grupo Parlamentario de En Marea.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Bos días, señorías.

Señor presidente.

Señor Núñez, a precariedade laboral xera desigualdade económica e desigualdade social. Pouco emprego e con baixos salarios non dá para vivir, senón ao sumo para malvivir. E un goberno xusto, tamén no noso país, debería de redistribuír mellor a riqueza para corrixir esta situación.

Esta semana coñecemos tamén para Galicia os datos do paro rexistrado e a afiliación á Seguridade Social. O número de afiliados en Galicia caeu, mentres que no conxunto do Estado subiu un 0,69 %. Esta situación é estrutural, ademais, no mercado galego, e a radiografía sociolaboral do noso país é alarmante: hai 77.000 persoas menos traballando que antes da recesión, e existe máis precariedade porque todo o emprego creado dende o ano 2013 é temporal, polo que a taxa de temporalidade xa supera o 26,8 %.

As mulleres son o colectivo que sofre aínda máis a precariedade, porque a súa taxa de temporalidade total é do 22,6, a de parcialidade de 22,6 e a do paro do 15,2; unha precariedade que acada valores absolutamente escandalosos nas persoas máis novas: o 53 % de contratos temporais, o 28 % traballando por horas e máis do 30 % en desemprego.

Dentro do universo dos precarios están os traballadores pobres; é dicir, aquelas máis de 300.000 persoas que ingresan menos do salario mínimo. Son unha de cada tres persoas asalariadas. É a desgraza de traballar e non saír de pobres.

Sumados estes colectivos, a radiografía da precariedade en Galicia suma 1,2 millóns de persoas; xente que en moitas ocasións non sabe se vai chegar a fin de mes ou que vai ser dela ao mes seguinte.

Nesta situación, espérase dun goberno con sensibilidade social unha actuación firme e decidida a prol da cohesión social, da loita contra a precariedade e de políticas públicas que

superen esta situación. Pola contra, vimos hai unha semanas como o seu goberno presentou un proxecto de orzamentos que consolida a desigualdade económica e social e agranda os privilexios dos máis ricos.

En efecto, a política estrela do señor Feijóo para este ano foi unha baixada de impostos, e ¿a quen se lle baixan estes impostos? Collamos o imposto sobre patrimonio. O imposto sobre patrimonio grava a riqueza en estado puro, é dicir, ser propietario de bens e de dereitos de contido económico unha vez deducidas cargas e gravames e calquera tipo de obriga. E, ¿que fai o PP con esta manifestación pura de riqueza? Baixarlles o imposto aos máis ricos. Un verdadeiro favor fiscal para os máis ricos. Algo que nos parece absolutamente escandaloso e inxusto. Mentres que moita xente non chega a fin de mes, Feijóo —o goberno seu— regálalles millóns de euros aos ricos, e isto debería de saberse.

Esta é a gráfica comparativa da evolución de impostos sobre o patrimonio ata o 2018 e a partir de 2019. Son uns datos ben evidentes. Estamos ante un imposto para ricos onde, canto máis grande é o patrimonio e máis rico é o contribuínte, máis grande vai ser o agasallo deste ano. Así, para que todo o mundo o entenda, con tres millóns de euros, os ricos van aforrar —coa súa reforma— 6.000 euros ao ano. Se o patrimonio é de 6 millóns de euros, van levar de regalo 16.000 euros. E se teñen máis de 10 millóns de euros, é dicir, os multimillonarios do noso país, van levar de agasallo case 40.000 euros cada ano. O seu favor fiscal aos ricos vainos custar a todos un desembolso de 18 millóns de euros.

Señor Núñez, ¿como explica vostede este favor fiscal aos ricos mentres o 40 % da cidadanía de Galicia non chega a fin de mes? ¿Como explica este regalo aos de arriba mentres afoğan os de abaixo?

Dous datos e remato. ¿Sabe cantas risgas se poderían pagar con este regalo? 3.700 risgas anuais. ¿Sabe cantas gardas médicas se poderían pagar en PAC como o da Estrada? Pois mire, 60.000. E a pregunta é, ¿porque goberna vostede só para os ricos? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** *No te acostarás sin saber una cosa más.*

Señor Villares, 1,2 millóns de galegos están en precariedade laboral, é dicir, todos os que traballamos en Galicia estamos en precariedade laboral. Villares *dixit*. Tomen nota desta grande intervención, tanto en forma como en fondo.

Señor Villares, a EPA acaba de saír, estamos recuperando a taxa de paro do ano 2009 e creamos 24.000 novos postos de traballo. Agora vostede trátame do mes de outubro, pero ¿por que non falamos dos doce meses, incluído o de outubro? De acordo co paro rexistrado temos 16.000 parados menos; é dicir, un 8,7 % menos, e en España, un 6 % menos. Pero, ¿por que

mente tanto, señor Villares? Eu estou convencido de que vostede non quere mentir, o problema —volvo dicirlllo— é quen lle fai os papeis.

Emprego feminino. Di vostede que estamos nunha taxa de emprego feminino... Non, a taxa de emprego feminino, paro feminino, en Galicia é do 13,4 %, e en España do 16,2 %. É maior a temporalidade en España que en Galicia, é maior o paro en España que en Galicia, é maior o paro feminino en España que en Galicia, e agora vostede vén aquí dicir este tipo de consideracións sen ter un mínimo de respecto non xa polos deputados, senón pola verdade. ¿Como pode dicir que hai 1.200.000 galegos en precariedade laboral, cando somos 1.013.000 galegos os que cotizamos á Seguridade Social? (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Villares, tampouco se fíe..

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...doutras bancadas —é un consello, señor Villares—, fíese das estatísticas.

**O señor PRESIDENTE:** Señor Lago, silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** A taxa de pobreza en Galicia, señor Villares, segundo os últimos datos do ano 2017, é dun 12,7 %, case tres puntos por abaixo da media española. Pero o que vostedes non queren dicir é que hoxe, de acordo co Instituto Nacional de Estadística, a taxa de pobreza é inferior á que había no ano 2008, e resulta que isto tampouco lles vale.

Baixa o número de fogares con dificultades; temos a cifra máis baixa da serie histórica. Se me di se eu estou conforme con isto, a resposta é que non. Pero esta visión apocalíptica de Galicia, señoría, se compadece co respecto e coa intelixencia dos galegos.

Sobre o imposto de patrimonio. ¿De que se me acusa, señor Villares? O único Goberno que subimos o imposto de patrimonio fomos nós durante cinco anos consecutivos, seis: 2013, 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018. O único Goberno en Galicia que subiu o imposto de patrimonio fomos nós. ¿Que acabamos de facer? Poñelo exactamente como estaba cando chegamos ao Goberno. Iso non é baixar ningún imposto, señoría, non. Nós subimos o imposto de patrimonio e agora o mantemos co resto das comunidades autónomas e co resto das tarifas do Estado. (*Aplausos.*)

Señor Villares, nós subimos o imposto de patrimonio durante seis anos para pedir maior esforzo fiscal as rendas máis altas, e agora deixamos o imposto de patrimonio de acordo coa tarifa estatal e de acordo co que había polo BNG e polo PSOE cando chegamos ao Goberno. Por certo, sorpréndeme que vostede nos diga que nós temos un imposto de patrimonio que beneficia os ricos, cando resulta que exactamente a mesma tarifa que onde gobernan vos-



tedes. ¿E que acaso Podemos de Castela-A Mancha quere beneficiar os ricos de Castela-A Mancha? *(Murmurios.)*

Señor Villares, a mesma tarifa que Castela-A Mancha, onde Podemos governa co Partido Socialista Obreiro Español. Pídlle que recorde que o único Goberno que subiu o imposto de patrimonio foi o Goberno que presido.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** A pregunta é clara, ¿é xusto que a xente multimillonaria de Galicia, que ten un patrimonio neto de máis de dez millóns de euros, reciba un favor fiscal de 40.000 euros ao ano mentres hai un 40 % da poboación de Galicia que non chega a fin de mes? *(Aplausos.)* É que as cousas son así de claras. Vivimos en Galicia, non vivimos en ningún outro sitio, e a nosa situación é esta. Explíquelles este regalo aos autónomos. Mire, o 55 % dos autónomos declaran uns ingresos... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor!

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...brutos...

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor VILLARES NAVEIRA:** A verdade é incómoda, ¿non? *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor!

**O señor VILLARES NAVEIRA:** É moi grave. Son 791 euros brutos ao mes os declarados polos autónomos. Explíquello, a ver que lles parece que vostede lles regale a eses multimillonarios 40.000 euros ao ano. Explíquelles a rebaixa ás familias normais de Galicia, ás que di o IGE que son normais. Esas que di que son agora un 20 % máis pobres que antes da recesión. Ese IGE que di que o 40 % teñen problemas para chegar a fin de mes. ¿Que pensará a xente máis humilde de Galicia da súa rebaixa fiscal?

En Galicia hai 492.000 persoas que viven en fogares con carencia material, o que equivale a un 18 % do total. Talvez a vostede non lle parecerá moito. E dentro delas hai 162.000 con carencia material severa. Fale para eles, fale para eles. En 2016, último ano con datos oficiais, había 362.000 mulleres en risco de pobreza e exclusión social. Fale para elas e dígalles que é xusto regalarlles 40.000 euros aos patrimonios de ricos de máis de 10 millóns de euros. Explíquelles ademais á xente nova, a xente nova que ten un risco de pobreza do 38 % e que está ameazada pola exclusión social, esta rebaixa.

A Xunta vai investir en 2019, en bolsas predoutorais, 7 millóns de euros, e vai investir en bolsas para o alumnado universitario 3,8 millóns de euros. Mentres que esta rebaixa fiscal suporá

cesar de ingresar nas arcas públicas practicamente 18 millóns de euros. Isto é un favor económico a quen non o necesita que se fai negando dereitos a quen si os necesita.

Vou dar un último dato que espero que os nosos oíntes saberán utilizar para sacar as súas propias conclusións, porque do presidente da Xunta xa non espero tal, pero si da xente que nos está escoitando. Hai 108.000 persoas en Galicia que están en situación de pobreza severa porque viven en fogares con ingresos inferiores a 342 euros ao mes. Son datos oficiais.

Pois ben, co que nos custa o seu agasallo aos ricos, que son case 18 millóns de euros, viven 54.000 persoas, case a metade desa poboación máis necesitada de Galicia. E a pregunta é, ¿por que temos que aturar esta inxustiza social mentres hai xente que está pasando necesidade?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Peche da pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ¿A vostede que máis lle dá? Se total di que hai máis precariedade que o total de xente que traballa en Galicia. ¿Que máis lle dá? ¡Se pode dicir o que lle pete! Eu dou os datos do Instituto Nacional de Estatística: taxa de pobreza en Galicia, 18,7 %. ¡Claro que me preocupa! ¿Como non me vai preocupar?

Pero ¿como pode dicir vostede que Galicia ten a taxa de pobreza máis alta de España, se ten unha das taxas de pobreza máis baixas de España? ¿Como pode dicir que dende que chegamos ao Goberno a taxa de pobreza aumentou, cando a taxa de pobreza diminuíu? A taxa de pobreza no ano 2008 era máis do 20 %, en plena bonanza económica, e agora, a pesar da recesión económica, está por debaixo da do ano 2008.

¿Como pode dicir todo este conxunto de consideracións cando estamos dentro das cinco comunidades autónomas con menor porcentaxe de persoas con carencia severa, que son en España: Navarra, Aragón, Castela e León, Cantabria e Galicia? E di unha cousa, e volve dicir outra, ¡e queda tan campante!

¿Como pode dicir que nós estamos neste momento baixando os impostos aos ricos, cando dos máis de 1.000 millóns de euros que baixamos os impostos é unha obsesión continuada baixar impostas ás rendas baixas e ás rendas medias durante dez anos de Goberno? (*Aplausos.*) ¡Son dez anos de goberno baixando os impostos ás rendas baixas e ás rendas medias! Entre o ano 2009 e o ano 2018 baixáronse 1.000 millóns de euros ás rendas baixas, aos mozos, aos menores de 36 anos, para unha vivenda usada. O imposto de transmisións patrimoniais, o imposto de datos xurídicos documentados, o imposto da renda, o imposto de sucesións, cun obxectivo: baixar as rendas medias e baixas.

¿Como pode dicir que estamos beneficiando aos que máis renda teñen, se fomos o único Goberno en Galicia que subiu o imposto de patrimonio? Cando chegamos ao goberno o imposto

de patrimonio estaba como vai estar a partir do ano 2019, ¿e agora a responsabilidade é deste Goberno, que subiu o imposto de patrimonio a todos os que teñen patrimonio durante seis anos consecutivos?

¿Como pode dicir que a nosa política fiscal é unha política fiscal para ricos, cando é exactamente igual a onde gobernan vostedes, en Castela-A Mancha? ¿Como me pode dicir isto, señor Villares? Porque lle dá igual, ¡que máis dá! Porque vostede, como di, fala para os oíntes. E os oíntes, como os datos son o que vostede di e o que digo eu, haberá xente que diga, bueno, ¡pois non sabemos exactamente cal é a verdade! Ese é o obxectivo permanente da política das Mareas de Podemos: poñer en cuestión cal é a verdade.

A verdade é que se come tres veces ao día en Venezuela, punto. Non hai máis verdade que esta. E en consecuencia, cando alguén di: non é verdade, señor Errejón, vostede está mentindo a todos, vostede simplemente di: non importa o que digan, o importante é o que digan os oíntes, o que digan os venezolanos.

Vir vostede falar de pobreza severa en Galicia en nome desa ideoloxía, cando estamos recibindo a millóns de venezolanos que non poden comer en Venezuela, é algo cando menos sorprendente, señor Villares, ¡é algo sorprendente dar leccións aquí! (*Aplausos.*).

Pero, señor Villares, Errejón di que... (*Interrupcións.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perdoen vostedes, señorías, por favor, os que non son de Podemos que calen, e os que son de Podemos que escoiten.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. ¡Silencio!

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Errejón di que *gracias a Maduro la gente hace tres comidas al día*. ¿Pero vostedes non len o que vostedes din, señor Villares? Comprendo a súa inqueda coa xente de Podemos, ¡pero é o que hai! Sen Podemos, vostede non estaría aí, señor Villares. Non sei se se decata.

Señor Villares, a nosa política fiscal é unha política o máis xusta coas rendas medias e baixas. Nunca houbo unha política fiscal que garantise as rendas baixas e medias en Galicia a menor presión fiscal. Tome nota, señor Villares. E, por favor, sobre pobreza e sobre todo isto, calquera familia que estea nunha situación de pobreza é un problema. Cuantificar as persoas que están en situación de pobreza é unha política que eu non comparto. Agora ben, si lle pediría unha cousa, vostedes están gobernando en moitos sitios en Galicia...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...a Xunta de Galicia está facendo a política contra a pobreza que non fan os alcaldes das Mareas de Podemos en Galicia. Bote unha man, señor Villares, ¡boten unha man, vostede e os seus alcaldes!

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e tres deputados/as máis, sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, antes do remate do curso 2018-2019, do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, de xeito que se garanta de forma efectiva a posibilidade de prestar distintas modalidades de xestión do servizo de comedor escolar**

**O señor PRESIDENTE:** Continuamos co punto terceiro da orde do día, proposicións non de lei-

Presentouse a esta proposición unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Luca Chao Pérez e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 39067)*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que:*

- 1. Defenda o dereito de todos os nenos e nenas de Galicia a ter unha alimentación de calidade independentemente da escola na que estuden, garantindo as prazas necesarias de comedores públicos en todos os centros escolares de Galicia.*
- 2. Recupere a xestión directa dos comedores escolares por parte da Consellería de Educación primando os alimentos frescos e de proximidade.*
- 3. Faga un chamamento a toda a comunidade educativa para establecer unha mesa polos comedores escolares que permita consensuar un único modelo de comedores escolares para todo o país.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Imos falar nesta proposición non de lei non de se os alumnos de Pontevedra neste caso poden comer ou non, a diferenza dos de Venezuela, por cuestión económica, senón por unha cuestión relativa á normativa da propia consellería.

Esta é unha iniciativa política que non é particularmente vistosa, iso o recoñezo, pero que resolve ou debería resolver os problemas da xente, e para iso si que é importante, e para iso si que está a política.

Versa esta iniciativa sobre a disfunción que se dá na normativa de comedores escolares, logo de que se produciran distintas modificacións na súa regulación ao longo dos últimos anos.

En primeiro lugar, partimos —permítanme unha pequena referencia histórica— dunha normativa que viña establecida desde o ano 1984 e que, con algunha que outra modificación de pequeno calado, se modificou dunha forma importante no ano 2007 mediante a publicación do decreto 10 dese ano, de 2007, que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* do 6 de febreiro dese mesmo ano.

Esta normativa desenvolveuse mediante a publicación dunha orde correspondente menos dun mes despois; o día 5 de marzo publicouse a Orde do 21 de febreiro do ano 2007, que regulaba o desenvolvemento dese decreto. Co cambio de Goberno, no ano 2013 o Goberno da Xunta de Galicia publica un novo decreto, no que hai cambios substanciais que fundamenta nese momento o Goberno sobre a base de que é consciente de cambios socioeconómicos e de que existen demandas de medidas concretas en materia de conciliación da vida familiar e laboral.

Vanme permitir vostedes que faga unha referencia ao que poñía un decreto e ao que pon outro porque isto é moi relevante para os efectos do debate que estamos a ter.

En primeiro lugar, no ano 2007 a consellería consideraba como modalidades de servizo a xestión directa polo propio centro, a xestión directa mediante a elaboración de comidas centralizadas en cociñas con persoal propio da Administración e a contratación de subministración de comidas. Esas son as modalidades que prevía con carácter xeral. E falaba —e isto é moi relevante— de que con carácter excepcional a Administración educativa podería colaborar na xestión e organización do servizo dos respectivos concellos, deputacións e outras institucións públicas ou privadas, así como outras entidades ou colectivos como poden ser as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións. Esta era unha modalidade excepcional.

No ano 2013, na exposición de motivos do decreto da Xunta de Galicia presidida polo señor Núñez Feijóo di que se trata de implicar na xestión de servizo, mediante fórmulas de cooperación e colaboración previstas no marco xurídico actual, a totalidade das administracións públicas con competencias concorrentes e os colectivos e asociacións afectados, en definitiva, as propias familias. E establece como modalidades de xestión: a xestión directa pola consellería, a xestión indirecta, a xestión indirecta con contratación a través da concesión de servizo, a xestión do comedor escolar polas administracións públicas distintas da Xunta de Galicia, e a xestión do comedor escolar por entidades privadas sen ánimo de lucro, responsables da contratación e xestión integral do servizo, autorizadas para o efecto pola consellería, como pode ser o caso, en concreto, de asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións.

A continuación, este decreto di: «excepcionalmente... », e enuncia outra serie de modalidades de xestión do comedor escolar. Polo tanto, as anteriores non son excepcionais, son ordinarias.

¿Cal é o problema? O problema está en que a consellería non desenvolveu este decreto mediante unha orde que adecuase o escenario de prestación de servizos por esas modalidades

ordinarias —ímoslles chamar así— con carácter xeral, e estase dando unha disfunción importante. Disfunción importante que ademais a propia consellería, mediante as instrucións que publica anualmente, resolve dando a posibilidade de que alumnos dun centro escolar acudan a comer a outro que ten servizo de comedor cunhas determinadas condicións. E, neste caso, a propia consellería non pide en ningún momento a autorización do centro receptor de alumnos. É dicir, establece un marco xeral no que a propia consellería pode autorizar que alumnos dun centro utilicen o comedor escolar de outro simplemente por unha cuestión organizativa. Insisto, non se lle pide ao centro receptor de alumnos ningún tipo de autorización nin de permiso para que eses alumnos poidan asistir a ese comedor.

Este curso, no caso da provincia de Pontevedra, a Federación de ANPA de centros públicos desta provincia solicitou autorización para poñer en funcionamento un comedor escolar que eles xestionarían, neste caso nun instituto que se menciona na proposición non de lei, pero que tampouco parece necesario mencionar aquí, e o consello escolar dese centro non autorizou que ese comedor se puxese en marcha.

Simultaneamente a esta imposibilidade, atopámonos con outro caso, tamén na cidade de Pontevedra, na que o propio centro admite a posibilidade de que ex-alumnos que cursaron alí a ensinanza primaria, e que polo tanto agora están escolarizados noutros institutos, poidan empregar o servizo de comedor.

¿Que ocorre? Vemos que se dan dúas realidades antagónicas dentro do mesmo escenario, ou o mesmo escenario teórico tal e como está concibido, e é que nun caso un centro oferta unha posibilidade e, á par, outro centro veta esa mesma posibilidade; posibilidade que está vinculada, obviamente —como todos sabemos—, a un elemento de prestación dun servizo complementario, como é o comedor escolar, que resulta crucial para a conciliación da vida familiar e laboral. E isto prodúcese porque non se conta cun marco normativo axeitado que permita —como dicía antes— darlles resposta ás distintas peticións e ás distintas modalidades organizativas.

Francamente, o noso grupo parlamentario considera que, despois de cinco anos de publicado un decreto, o feito de que non se teña desenvolvido unha orde para regular ese decreto e que estea dando lugar na práctica a distintas respostas por parte dos centros é unha situación que evidencia a desidia ou o abandono —se queren, por suavizar o termo— da propia Administración educativa. E, polo tanto, a nós parécenos necesario que se regule mediante algo tan sinxelo como unha orde. Unha orde desde o punto de vista de elaboración como unha orde. Unha orde, desde o punto de vista de elaboración normativa, non require un gran despregamento nin de tempo nin de medios, nin de tramitación. Non estamos a falar dun novo decreto, que leva unha tramitación que —todos coñecemos— ten que pasar polo Consello da Xunta de Galicia e seguir unha serie de trámites. Estamos a falar dunha orde que se elaboraría por parte dos técnicos da Consellería e que o único que necesita para a súa entrada en vigor, para a súa aprobación, é o asinamento neste caso da señora conselleira de Educación.

Polo tanto, pedimos algo sinxelo, pedimos algo que se pode facer dunha forma rápida e que daría resposta, de ser un desenvolvemento normativo acaído, a que non se dean circuns-

tancias de asimetría ou manifesta oposición e, sobre todo, deixar en mans dos centros educativos a prestación dun servizo que todos —creo que todos os que estamos aquí— e, desde logo, a propia Administración reconece como algo fundamental para a conciliación da vida laboral e familiar das persoas como é a prestación do servizo de comedor escolar.

Ademais, temos que engadir que á Administración educativa neste caso non lle suporía ningún tipo nin de custo nin de compromiso. É dicir, é a propia Federación de ANPA de Centros Públicos de Pontevedra a que solicitou ese permiso e, polo tanto, a que se encargaría por completo da prestación dese servizo.

Entendemos que é unha solicitude tan de sentido común que non nos cabe a máis mínima dúbida de que vai contar coa aprobación unánime deste Parlamento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Chao.

**A señora CHAO PÉREZ:** Grazas, presidente.

Unha vez máis temos nesta Cámara o necesario debate sobre os comedores escolares, toda vez que se trata dun asunto fundamental do noso sistema educativo, ao que destinamos importantísimos recursos e que precisamente entendemos que deberían estar destinados a ter o mellor sistema de comedores posible.

Non é o que temos hoxe en Galicia. E non o temos porque o proceso de privatización aumenta. Non o temos porque a lóxica intención lucrativa das empresas que entran a alimentar as nenas e nenos cada día nos comedores escolares pode entrar en colisión co seu dereito a ter unha alimentación de calidade. É por iso que cada ano periodicamente os xornais recollen novas de pizzas e bocadillos para as nenas e os nenos, alimentos precociñados, ausencia de peixes e verduras; en definitiva, menús pouco saudables nas escolas que consomen as nenas e nenos cada día; situacións algunhas realmente graves ás que a Consellería debería dar resposta.

Para o Grupo Parlamentario de En Marea —como xa temos dito nesta Cámara— os comedores non deben seguir sendo considerados un servizo complementario. Non. Alimentar as nosas nenas e nenos non deba ser un servizo complementario, senón un servizo fundamental. (*Aplausos.*) Por iso foi xa unha das primeiras iniciativas que o noso grupo parlamentario trouxo a este Parlamento, e será, sen dúbida, obxecto de máis iniciativas, porque vencella tres dereitos fundamentais da nosa infancia: o dereito ao ensino público, o dereito a ter unha boa alimentación e o dereito á saúde. Un servizo fundamental tamén para garantir a igualdade de oportunidades e que, como saben, xoga un papel fundamental na loita contra a pobreza infantil aquí en Galicia, non en Venezuela, aquí en Galicia, (*Aplausos.*) para desprezo do presidente da Xunta, que debería velar polo benestar de toda a cidadanía.

Ao noso entender, un espazo prioritario da actuación educativa debería ser, polo tanto, preservar a saúde da mocidade e a infancia escolarizadas nos centros educativos. Nese senso, os comedores escolares deberían xogar un papel fundamental, propiciando a mellora nas condicións de vida das estudantes e promovendo modelos de vida saudables que as vaian acompañar ao longo das súas vidas. É dicir, que as escolas, tal e como nós as entendemos, deberán formar parte dun modelo integral que promova a mellora das condicións sociais, económicas e de saúde da cidadanía.

Lamentablemente, cando priorizamos os negocios das empresas privadas, perdemos o foco, perdemos a capacidade transformadora deste espazo. Así, lamentablemente, en Galicia temos cada vez máis escolas con servizo de *catering*, moitas xestionadas por empresas globais alonxadas dos centros educativos e que non atenden nin aos produtos de tempada nin de proximidade nin nada de nada, soamente ao negocio máis barato. Ao mesmo tempo, vemos como as escolas con cociña propia son cada vez menos, ata tal punto que a Xunta de Galicia constrúe escolas sen cociña e sen comedor.

Motivos de preocupación, polo tanto, sobran, e por iso nós pensamos que o debate que deberíamos abordar aquí tería que centrarse no modelo de comedor escolar que defendemos. O que nos gustaría, señor Álvarez, é que a súa iniciativa fora máis ambiciosa e abordara a problemática de raíz.

Pola nosa banda, seguimos insistindo. Dende En Marea defendemos un modelo 100 % público de xestión directa e gratuíto, para que todas as nenas e nenos de Galicia teñan garantido este servizo, un modelo 100 % público que asegure alimentos de proximidade e de calidade, que faga do servizo de comedor o que debe ser un espazo educativo no que as nenas e nenos deste país aprendan hábitos de vida saudables e socialicen adecuadamente cos seus compañeiros e compañeiras.

Por iso presentamos a nosa emenda de substitución, que, por suposto —como dicía—, pretende ser moito máis ambiciosa e global que a proposta do Grupo Socialista; unha emenda de substitución en virtude da cal: «Instar a Xunta de Galicia, en primeiro lugar, a defender o dereito de todas as nenas e nenos de Galicia a ter unha alimentación de calidade, independentemente da escola na que estuden, garantindo as prazas necesarias de comedores públicos en todos os centros escolares de Galicia. Segundo: recuperar a xestión directa dos comedores escolares por parte da Consellería de Educación, primando os alimentos frescos e de proximidade. E, terceiro: facer un chamamento a toda a comunidade educativa para establecer unha mesa polos comedores escolares que permita consensuar un único modelo de comedores escolares para todo o país.»

Medidas que entendemos que axudarían a evitar problemáticas como as que sinalaba o voceiro do Partido Socialista e que, dende logo, nos poñerían en camiño de facer dos escolares o modelo mellor para a infancia neste país. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.



**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Dicía o señor Álvarez que non era unha iniciativa vistosa, pero si que é verdade que ten un fondo calado político. Non é técnica en boa medida —comentábao tamén a señora Chao na súa intervención—, porque apelan vostedes ao desenvolvemento dun decreto, o 132/2013, que introduciu importantísimas reformas no modelo de xestión do servizo de comedor como servizo complementario e, ademais, que foi enormemente contestado e rexeitado por parte da comunidade educativa e, no que atinxe a esta Cámara, polo menos por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Un servizo complementario da xestión dos servizos de comedores que está estreitamente ligado —vostede xa o dicía, señor Álvarez, na súa intervención— ao dereito de conciliación, pero tamén ao dereito de acceso a unha alimentación de calidade, a unha alimentación equilibrada, e tamén, por suposto, a unha alimentación con produtos de proximidade e que garantan valores nutritivos, non *caterings* e precociñados.

É un decreto —insisto— que nós desde o BNG rexeitamos con firmeza xa no ano 2013, cando daquela o conselleiro, o señor Vázquez, anunciaba que se ía aprobar. Rexeitámolo por múltiples razóns, pero fundamentalmente por tres: primeiro, introducía o repagamento no servizo nun momento de enorme crise económica, e, ademais, introducía ese repagamento para o conxunto das familias, incluídas aquelas que tiñan enormes dificultades económicas. Introducía a xestión externalizada —como xa se acaba de comentar— a través de empresas de *catering*, o que supuxo ademais importantes mermas na calidade da prestación do servizo e tamén importantes mermas nos valores nutritivos dos propios menús que se servían.

Temos exemplos recentes —hai moitos—. Facíase antes referencia a empresas de *catering* que estaban contratadas noutras latitudes como podía ser Málaga. Pero temos un exemplo bastante recente, que é o caso da empresa Gescor. Desde o BNG trouxemos este caso á Comisión 4<sup>a</sup>. Era a adjudicataria de sete lotes, e falamos de máis dunha vintena de comedores escolares que estaban espaxados por moitas e distintas comarcas do conxunto do país, algunhas da Costa da Morte, outras da Terra Chá. Foille rescindido o seu contrato, impuxéronse *de facto* sancións por incumprimentos absolutamente gravísimos, non só na prestación do servizo no que ten a ver coa calidade da propia comida ou mesmo con que se levase a comida aos centros —porque houbo centros, como o caso do instituto da Pastoriza, que quedaron sen comida durante algúns días—, senón que tamén vulneraba os dereitos laborais das persoas que eran prestadoras do servizo, as persoas coidadoras ou as persoas que elaboraban as comidas.

E tamén introducía —vostede facía referencia a iso na exposición de motivos e tamén na súa intervención— un cambio fundamental a respecto do decreto que rexía desde o ano 2007, e era que outorgaba un carácter xeral a cuestións que até o momento eran excepcionais. O que primaba até o ano 2013 era que o modelo de xestión prioritaria ou aquel que debía empregarse con carácter xeral era o de xestión directa por parte das cocinas pertencentes aos propios centros e dotadas con persoal directamente fornecido pola Administración, ou que se centralizase o servizo noutros centros e se repartise despois a outros lugares, pero de

novo tamén con persoal da propia Administración. Agora o que se xeneralizou foi que se puidese externalizar e privatizar o servizo para que fose prestado, entre outras, por empresas privadas de *catering*, ou mesmo que fose prestado por outras entidades que non é a Administración pública, como neste caso poden ser as ANPA ou outras.

Nós non imos apoiar desde o BNG. Eu creo que é lóxico e coherente que se desenvolva un decreto, ao que nos opuxemos no ano 2013 e que seguimos opoñéndonos a día de hoxe. No seu momento pedimos a retirada e insistimos en que debe ser retirado e debemos recuperar a xestión pública e directa dos comedores escolares. Así o vimos defendendo. Agora estamos no proceso de tramitación dos orzamentos para 2019 e houbo unha emenda exactamente igual por parte do BNG nos orzamentos do ano 2018. O que pedimos é un plan de recuperación para o público da xestión dos comedores escolares. Tamén o temos defendido noutras ocasións na propia Comisión 4ª.

Nós entendemos as circunstancias concretas, señor Álvarez, dos dous exemplos que poñen vostedes. Pero, evidentemente, hai un debate de fondo que ten máis calado político que non o meramente técnico. E, nese sentido, toda vez que hai unha emenda, pois agardamos a que vostede se posicione sobre a emenda, porque cambia bastante o contido, se se acepta, da súa proposición e despois votaremos en consecuencia. Pero xa digo que nós non imos apoiar un decreto nin que se desenvolva un decreto co que non estamos para nada de acordo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

**O señor FERNÁNDEZ GIL:** Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Señor Álvarez, parece que o que vostede definía como unha iniciativa de sentido común e que ía contar con unanimidade pois no fondo escondía algo máis e parece que o posicionamento non vai ser tan unánime como vostede quería aventurar.

E é que hai posicións claras, evidentemente; hai quen —como se manifestaba antes— se ten posicionado en contra deste decreto reiteradamente. Vostede na iniciativa está pedindo o desenvolvemento do decreto e eu teño que dicir, como grupo político que sustenta o Goberno, que nós entendemos que ese decreto está perfectamente desenvolvido, que se dá resposta á casuística que entra dentro do marco do decreto. Entón, non entendemos moi ben cal é o espírito ou a razón da proposición non de lei.

Pero mire, antes de falar un pouco máis polo miúdo das cuestións relativas ao decreto e ao que vostede sinalaba, quero facer unha serie de precisións, porque hai afirmacións que a nós nos parecen, dende logo, fóra de lugar. E é que se veña falar de que existe un sistema ou un modelo que, dalgún xeito, está consagrando ou reiterando a presenza en comedores esco-

lares de comida rápida. Pouco menos aquí se falaba de pizzas e de hamburguesas e cousas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —non, non, non vostede, pero digo outras voceiras doutros grupos, concretamente a señora Chao—, falar destas cuestións, ¡home!, nós temos que negar a maior. Vostede sábeo: existe unha guía de menús saudables, que é a que se segue para precisamente dar de comer nos comedores escolares.

Pero ben, xa o colmo das afirmacións da señora Chao tivo dúas perlas fantásticas. A primeira delas foi o de «defendemos un modelo 100 % público». Ese é o modelo de En Marea: «defendemos un modelo de xestión 100 % público». ¡Home!, cando se fan afirmacións con esa rotundidade, xeralmente é bo, para ter credibilidade, que se sustenten en feitos. Entón, se eu fago esa afirmación e teño feitos detrás que referendan o que eu estou dicindo, pois gaño credibilidade. Pero se eu fago unha afirmación e detrás non teño feitos que o referendan, senón todo o contrario, pois a credibilidade queda como mínimo en entredito. Porque, se ese é o modelo de En Marea, ¿por que nos comedores de xestión municipal nos concellos en que goberna En Marea se utiliza o método de *catering*, de xestión indirecta? Explíqueo; explique o porqué. É así de sinxelo. Se non temos feitos detrás que sustenten as nosas palabras, os nosos argumentos quedan baleiros e, dende logo, alonxámonos da realidade e perdemos credibilidade.

Pero, mire, é que ademais vostede facía unha afirmación na que eu creo que case non merecería a pena entrar, cando falaba do tema da pobreza infantil. Porque viña como establecer diferentes perspectivas da pobreza infantil. Mire, para nós a pobreza infantil é un problema tan grave tanto aquí como en Venezuela como en calquera outro lado, ¡eh! Imaxino que para vostedes a pobreza infantil en función do réxime ou do goberno que haxa en cada lugar pois é máis ou menos loable ou máis ou menos defendible. Ese é o modelo de En Marea. Porque vostedes están permanentemente con esa idea ou ese argumento que é xa case un novo paradigma político, esa especie de novo despotismo ilustrado que vostedes queren instaurar na política galega e na política española, que é: nós impoñemos a nosa visión ao pobo e sen contar absolutamente para nada co pobo. Esa é a nova visión dun despotismo ilustrado que si é moi despótico pero, dende logo, pouco ilustrado. E ese é o seu paradigma político. (*Aplausos.*)

Evidentemente, cando falabamos do decreto e o señor Álvarez na exposición de motivos da proposición non de lei debulla diversos aspectos do decreto, concretamente a exposición de motivos do decreto, hai un aspecto fundamental. E dicía antes o da participación ou non participación ou ese símil do despotismo ilustrado, porque un dos aspectos fundamentais da exposición de motivos do decreto sinala que se está ou se pretende promover con isto a participación no funcionamento e goberno dos centros públicos da comunidade educativa.

O propio decreto recolle como base xurídica o artigo 119.1 da LOE, que sinala que as administracións educativas garantirán a participación da comunidade educativa na organización, o goberno, o funcionamento e a avaliación dos centros. Sinala despois o punto 2 do artigo 119 da LOE que a comunidade educativa participará no goberno dos centros a través do consello escolar. E, por último, o artigo 120 da LOE sinala que os centros disporán de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión no marco da lexislación vixente e nos termos recollidos nesta lei e nas normas que a desenvolvan.

Ben, se estamos co decreto na man e vemos que ten que participar a comunidade educativa, se consulta a comunidade educativa a través do seu órgano de representación, que é o consello escolar, e a comunidade educativa di que non quere que se instaure, que se implemente ese comedor, pois teremos que respectar a decisión da comunidade educativa. Nós dende logo somos demócratas e entendemos que, se a comunidade educativa non quere a implementación deste comedor, pois temos que respectar a súa decisión, e iso é o que ampara tamén o decreto do que estamos a falar.

En definitiva, como dicía ao principio da miña intervención, nós non entendemos que sexa necesario elaborar unha orde para o desenvolvemento do decreto, porque o decreto estase a aplicar con absoluta normalidade a través das instrucións que ano a ano emanan da Secretaría Xeral Técnica para falar dos particulares do desenvolvemento do mesmo. Polo tanto, entendemos que non é necesario elaborar esa orde. Polo tanto, evidentemente, nós votaremos en contra desta proposición non de lei. Agora ben, convidamos tamén a outros grupos a reflexionar cando falan de modelos e cando falan de xestión política, porque dende logo non hai nada mellor para gañar credibilidade que sustentar, como fai o Goberno do Partido Popular, o seu discurso con feitos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Gil.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas, presidente.

Vou ir por orde nas intervencións, que parece que é o que procede.

Con respecto á intervención da señora Chao, mire, o debate que vostedes plantexan —lexitimamente, por suposto—, e no que no fondo estamos de acordo, transcende con moito o ámbito e o calado desta iniciativa. A iniciativa é moitísimo máis sinxela que todo iso. Polo tanto, non podemos aceptar a emenda, pero non porque non esteamos de acordo no fondo da emenda que plantexan, senón porque o debate que nós traemos é moitísimo máis sinxelo. Falamos de publicar unha orde simplemente. Falamos de algo que, con independencia de que non compartamos o modelo —que non o compartimos—, o modelo do decreto do ano 2013, pode resolverlles a persoas concretas problemas concretos nun momento determinado, e esa é simplemente a orientación da nosa iniciativa.

E dixoxostede que pecaba de falta de ambición. Non, non peca de falta de ambición. Ten toda a ambición para dar resposta a un colectivo que se puxo en contacto co noso grupo parlamentario e que nos pediu axuda ante unha situación concreta que están a vivir. *(Aplausos.)* Simplemente, esa é toda a ambición que ten que ter esta iniciativa, que xa cualifiquei no inicio da miña intervención dunha iniciativa que non é particularmente vistosa —e admitímolo—.

Señora Rodil, o decreto é o que temos. Non o compartimos, sabe vostede que non o compartimos, non compartimos o modelo. De feito, recórdolle a vostede e á señora Chao que o

Grupo Parlamentario Socialista foi o único, o único grupo da Cámara que no recente debate do estado da Autonomía trouxo unha iniciativa, unha proposta de resolución, na que se falaba de comedores escolares. Vostedes non trouxeron ningunha iniciativa dese tipo, nós si. Non compartimos o modelo, pero —insisto— tratamos de resolver con este modelo que hai neste momento un problema para persoas concretas nunha situación concreta que se nos trasladou.

Con respecto ao que dixo o señor Fernández Gil, parece haber unanimidade, excepto no caso do Grupo Socialista, en que a iniciativa se vai votar en contra, polo tanto certa unanimidade. Posiblemente sexa un fito histórico neste Parlamento que ante unha demanda de persoas concretas para que se lles resolva un problema concreto hai un único grupo que apoia unha proposta concreta.

Mire unha cousa: vostede, que é amante da lóxica, amor que compartimos de forma distinta ás veces, pero se a normativa dá resposta a todos os problemas que plantexa e dá unha resposta acaída, ¿como é posible que ante demandas idénticas produza respostas distintas? ¿Como é posible? Porque sabe vostede que está dándose esta situación. Polo tanto, a normativa non ten que estar moi ben redactada neste momento.

E di vostede que consultan a comunidade educativa, porque son demócratas. Eu puxen un caso e vostede sabe que está na normativa, nesas instrucións de principio de curso ás que vostede fixo referencia. Cando a Consellería decide que alumnos dun centro poden ir comer a outro, non se consulta a comunidade educativa, non, non se consulta, decide a Administración. Polo tanto, esa mesma democracia debера ser para todos os casos, pero parece que non.

Alegroume moitísimo que practicamente toda a súa réplica fora dirixida ao Bloque Nacionalista Galego e a En Marea, practicamente nada relativo á propia iniciativa. Debe ser que a iniciativa no fondo algo de sentido ten. É difícil defender un «non» a esta proposta.

En todo caso, este é un exemplo máis de que a normativa da Xunta de Galicia é unha normativa de cartón pedra, é unha normativa aparente, pero, así que rascas, non aguanta o máis mínimo envite.

Nada máis e moitas grazas a todos polo seu apoio. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez e cinco deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar o peche dos centros de produción e asegurar o mantemento dos postos de traballo da empresa Alcoa en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario Socialista, unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario de En Marea.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 39126).*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:*

*«O Parlamento de Galicia apoia a proposta para a continuidade das plantas de aluminio primario que Alcoa ten en Avilés e A Coruña, presentada polo Comité de Empresa de Alcoa Inespal Coruña, S.L., o pasado 30 de outubro de 2018, perante a Delegación do Goberno en Galicia.»)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei para debate en Pleno, doc. núm. 39126 [10/PNP-002913].*

*Emenda de adición.*

*Engadir o seguinte texto:*

*«...a comezar por implicarse na consecución dos puntos acordados no Parlamento Galego no Pleno do 23 de outubro e dos puntos demandados no escrito remitido polo Comité de empresa á Xunta de Galiza con data de rexistro do 30 de outubro de 2018. De forma especial, a Xunta deberá:*

*a) insistir á compañía Alcoa para que retire o expediente de extinción de emprego*

*b) impulsar de forma inmediata a constitución dunha mesa de negociación con todas as partes implicadas para atopar unha solución urxente que garanta o mantemento da actividade empresarial e o emprego, así como implicarse para achegar seguridade e permitir ao conxunto das empresas electrointensivas competir en igualdade de condicións co resto de factorías a nivel internacional.»)*

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 39126 (10/PNP-002913).*

*Emenda de adición.*

*Para poder dar cumprimento ao punto 1, débense engadir na parte resolutiva da proposta os seguintes puntos:*

*«2. Instar a Alcoa a retirar o expediente de despido colectivo.*

*3. Establecer os mecanismos necesarios e de urxencia para evitar que as plantas poidan entrar nunha parada técnica.*

4. Creación dunha mesa con todas as partes implicadas para que, no espazo de tempo de 18 meses, xestione un proceso co obxectivo principal da continuidade e viabilidade das plantas de Avilés e A Coruña.

5. Instar aos Ministerios de Industria e Transición Ecolóxica a preparar e establecer, no período de 18 meses, unha nova regulación enerxética (eléctrica) similar a de outros países europeos, que faga viables esta ou outras industrias electrointensivas.

6. Instar aos Ministerios de Industria e Transición Ecolóxica a vincular a concesión de calquera axuda ás empresas ao mantemento do emprego e instalacións.

7. Instar aos Ministerios de Industria e Transición Ecolóxica, e que tamén se leve a cabo por parte da Xunta de Galicia, a vixiar e regular a entrada de metal externo de plantas de Alcoa polos portos españois.

8. Instar a UE a desenvolver aranceis medioambientais baseados na pegada de CO<sup>2</sup> dos produtos que entren na UE procedentes de países terceiros. Non pode ser que o aluminio das factorías que Alcoa desenvolveu, como por exemplo a de Ma'aden en Arabia Saudita, cos beneficios obtidos nas plantas de Galicia e Asturias e cos 1.000 M€ de axudas que saíron do peto de todas as persoas consumidoras de electricidade, lle fagan a competencia ás factorías locais. O aluminio de Ma'aden entra masivamente polo porto de Vigo, un aluminio producido a partir de enerxía eléctrica que queima fuel e auga obtida en desalinizadoras que tamén queiman fuel, é dicir cun nivel de emisións de gases de efecto invernadoiro masivas. Este é o verdadeiro motivo estrutural que manexa Alcoa e non a falsa falta de competitividade das factorías galegas ou asturianas.

9. Instar aos Ministerios de Industria e Transición Ecolóxica á convocatoria e execución inmediata da partida orzamentaria de 2018 de 150 M€ para mellorar a viabilidade da industria electrointensiva.

10. Instar aos Ministerios de Industria e Transición Ecolóxica que tanto as compensacións mencionadas no apartado anterior como a nova e replantexada poxa de interrumpibilidade, que terá que ser convocada de inmediato para os próximos anos, que compense un verdadeiro servizo de interrumpibilidade, se diferencien en varias categorías de empresas en función do impacto que os custos da subministración eléctrica ten nos seus custos totais de produción. Isto evitará que compitan empresas nas que a compensación é imprescindible para a súa viabilidade e outras para as que só é unha axuda para o seu desenvolvemento pero non tan crítica para a súa supervivencia.

11. Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica a modificar de maneira inmediata a regulación do sector eléctrico para facer competitiva a toda a industria. A primeira medida sacar a produción hidráulica, eólica e nuclear das poxas diarias de enerxía e obrigar a que sexa vendida a longo prazo con prezos xustos e estables. Así mesmo permitírase a contratación bilateral física entre produtores e grandes consumidores como Alcoa.

12. En caso de que Alcoa insista na súa intención de pechar a factoría de A Coruña, desenvolver os estudos legais necesarios para avaliar a posibilidade de presentar unha demanda á compañía para exixir a devolución das axudas recibidas dada a evidencia de que non foron aplicadas aos fins previstos na normativa, garantir a viabilidade da factoría.

13. *Para evitar por todos os medios a parada técnica das factoría, estudar a aplicación do artigo 128.2 da Constitución Española tendo en conta que Alcoa é monopolística na fabricación de aluminio en España.»*)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Si, grazas, presidente.

Vou poñer na tribuna, porque creo que é o máis procedente, *(O señor Díaz Villoslada coloca na tribuna unha camiseta)* esa reivindicación que me traslada o comité de empresa durante este debate, porque creo que visualizar as reivindicacións en situacións como esta é máis que relevante, señor presidente. *(Aplausos.)*

Saudar os membros que nos acompañan do comité de empresa da planta de Alcoa na Coruña.

Gustaríame —tamén é certo— que estivera presente neste debate o conselleiro de Economía, o conselleiro de Emprego e o conselleiro de Industria, porque é o mesmo conselleiro, e sería interesante que puidera ter a necesaria implicación polo menos para escoitar os argumentos tanto do propio comité de empresa, do que hoxe traemos aquí a súa proposta, basicamente, como os posicionamentos de cada un dos grupos políticos que conformamos esta Cámara.

Estefanía Muíños, Emilio Gómez, Manuel Sánchez, Francisco Javier Fernández, Pablo Mallo, Rubén Amado, Miguel Conde..., e así poderíamos relatar ata 369 traballadores e traballadoras da planta de Alcoa na Coruña, tras unha historia —que esperemos que non remate— de cincuenta e sete anos de funcionamento. E así poderíamos tamén relatar os nomes dos traballadores e das traballadoras, dos 317 empregados da planta de Alcoa en Avilés. E así tamén poderíamos nomear todas e cada unha das persoas afectadas polo anuncio de peche, do ERE extintivo, de todos os contratos de traballo das dúas plantas, da Coruña e de Avilés, formulados por Alcoa desde Pittsburgh. Porque estamos ante unha decisión empresarial dunha gran corporación multinacional que afecta a nosa economía, por suposto, pero que, en esencia, afecta a vida de moitas familias.

En 1998, como sabemos todos, o Goberno privatiza Inespal, en tempos en que había que facer caixa nas contas públicas, adelgazando ao mesmo tempo o sector público industrial, por certo un sector público, sector produtivo, de carácter estratéxico. Daquela a operación, como se ten dito en moitas ocasións, considerouse un auténtico pelotazo. En doce anos, entre 1998 e 2010, Alcoa tivo unhas ganancias de ao redor de 1.895 millóns de euros, que multiplicaron por cinco precisamente o prezo que se pagou por Inespal, ao redor de 385 millóns de euros. Mentres, segundo os datos do Rexistro Mercantil, os investimentos desenvolvidos por Alcoa situáronse entre o 20 % e o 22 % dos resultados obtidos. Recordemos que no momento da venda Inespal contaba con oito centros de traballo en España, os tres actuais ou nove-catro se consideramos os dous centros en San Cibrao.

En 2012, ante a ameaza de Alcoa de pechar as factorías de España, o Ministerio de Industria puxo en marcha o mecanismo de interrompibilidade para os grandes consumidores de ener-



xía eléctrica, mecanismo que ten sufrido, como sabemos, modificacións do sistema de poxas, cuxa inestabilidade e os bloques que se estaban ofertando de potencia prexudicaban dunha forma relevante os grandes consumidores, as industrias electrointensivas.

Por certo, na última poxa deste ano retiráronse máis de 200 millóns de euros dos, máis ou menos, 500 millóns que se viñan ofertando precisamente en primas de interrompibilidade desde o ano 2014. Este mecanismo de interrompibilidade, como sabemos, ten inxectado aproximadamente a Alcoa España ao redor de 1.000 millóns de euros, que pagamos evidentemente todos os consumidores na factura da luz, sen exixencias. E é de destacar esta cuestión de melloras tecnolóxicas e sen exixencias por certo nestas primas de aseguramento do emprego.

Os expertos, como coñecemos, en diferentes ditames, teñen defendido sistematicamente a necesidade do sistema de primas ás empresas electrointensivas, mediante a interrompibilidade, ante —din— basicamente a variabilidade das renovables e, sobre todo, ante a débil conexión eléctrica do noso sistema co sistema eléctrico europeo, factores que evidentemente exixen de maneira urxente e inaprazable a revisión do noso modelo de conexión eléctrica.

Facía antes o presidente Feijóo, na sesión de control anterior, unha referencia a unha proposta de que ía levar a Madrid, evidentemente, un sistema de oferta estable a cinco anos das primas de interrompibilidade. Pode ser que sexa unha saída para traballar na reunión de mañá, pero gustaríanos tamén saber por que en anos anteriores, basicamente desde 2012, non se vén traballando con posibilidades e con ofertas onde estas subastas introduzan estabilidade ao sistema.

Alcoa, como sabemos, non compite unicamente en deslocalización con países emerxentes. Alcoa non compite con países unicamente sen regulación laboral ou sen regulación medioambiental. Alcoa España, como saben ben os traballadores representantes do comité de empresa, está a competir con Francia, está a competir con Noruega e está a competir con Islandia ou con Canadá, países que teñen establecido un marco enerxético estable e competitivo.

A factoría da Coruña, a factoría de Alcoa na Coruña, é unha factoría rendible en termos de produtividade laboral e en termos de estándares de produción. Non son os prezos precisamente da enerxía que precisa, que supón aproximadamente entre o 40 % e o 45 % dos custos de produción, o triplo especialmente que en Francia ou que en Islandia ou o dobre que en Noruega.

Pero agora este non é o argumento central que reflicte Alcoa no seu expediente extintivo anunciado, ou si, varían as versións. Precisamente, como o comité de empresa de Alcoa non coñecía a documentación ata que fora recibida onte por parte da multinacional, é difícil realmente entrar a valorar un expediente extintivo presentado desta forma a priori e ilegal por parte da multinacional.

Alcoa, por certo, declarou 36 millóns de perdas no terceiro trimestre deste ano, pero por custos extraordinarios, porque Alcoa gaña diñeiro en España, especialmente a partir do produto intermedio, da alúmina.

O pasado 23 de outubro, nesta Cámara e por asentimento, acadamos todos os grupos políticos un acordo sobre a declaración institucional sobre Alcoa, un acordo no que reafirmabamos o compromiso de todos os grupos políticos aquí presentes co mantemento da actividade e do emprego, un acordo no que se traslada o apoio aos traballadores e ás traballadoras, un acordo no que se rexeita a decisión unilateral de Alcoa de peche unilateral das instalacións tanto na planta da Coruña como en Avilés e se demanda a retirada inmediata do ERE de extinción, un acordo no que se asume o compromiso de abrir unha mesa de negociación entre todas as partes implicadas.

Pero, fundamentalmente, o pasado 30 de outubro o propio comité de empresa de Alcoa Inespal da Coruña presentou, dirixida ao presidente do Goberno de España, ao presidente da Xunta de Galicia, á ministra de Industria, Comercio e Turismo e ao conselleiro —como dicía inicialmente— de Economía, Emprego e Industria, a súa proposta para a continuidade das plantas de aluminio primario de Avilés e da Coruña, unha proposta que relata os seis puntos esenciais para garantir estabilidade da planta da Coruña e da planta de Avilés.

De novo, todos os grupos políticos presentes nesta Cámara entendo que debemos apoiar esta proposta de forma pechada e que permita así xestionar un proceso que garanta a continuidade e a viabilidade das plantas da Coruña e de Avilés. Esta debe ser, como o pasado día 23 nesta Cámara, a cerna, o sentir deste debate, acadar este acordo de forma unánime, nin máis nin menos.

O Grupo Parlamentario Socialista presentou esta PNL que agora traemos a este debate o día seguinte ao 18 de outubro, ao do anuncio por parte de Alcoa do peche das plantas de Avilés e da Coruña.

E tamén o noso grupo parlamentario presentara no Parlamento Europeo as necesarias preguntas urxentes á Comisión, porque, se precisamente a Unión Europea ten unha previsión de que o peso industrial sobre o PIB supoña o 20 % en 2020, urxe evidentemente que tamén ese plan industrial que tanto reclama o Consello como o Parlamento Europeo se poña en marcha. Pero hoxe o que debemos é novamente acadar unha posición común, non partidista, un verdadeiro pacto polo noso sector industrial.

Transaccionemos os grupos políticos desta Cámara todo o posible as posicións e as emendas que temos presentadas, pero tomemos como base —e é o que lles quero indicar, como proposta, a todos os grupos políticos— este novo acordo presentado polo comité de empresa de Alcoa da Coruña. De aí o sentido da nosa propia emenda sobre a nosa posición inicial.

Porque xogamos moito neste envite, xogamos moitos empregos directos e moitos empregos indirectos. Moitas empresas de mantemento e provedoras de servizos da área industrial da Coruña están altamente afectadas. Salvar a planta de aluminio da Coruña, buscando as alternativas máis solventes, suporá salvar gran parte do noso tecido industrial; fracasar suporá unha ferida difícil de curar.

Non estamos ante unha alternativa, estamos ante unha obriga inaprazable. Os peches de Emesa, en 2013, ou de Sapa, en 2015, precisamente tamén en Arteixo, son ben recentes.

Agardamos que a reunión, precisamente prevista para mañá, entre os presidente da Xunta de Galicia e o presidente de Asturias co Goberno central sexa un paso firme e decidido para o futuro das plantas de aluminio da Coruña e de Avilés. Agardemos, por certo, que as decisións e os pronunciamentos das autoridades laborais e xudiciais de España e de Róterdam paren precisamente o ERE extintivo presentado pola multinacional Alcoa. Pero preparémonos —e iso é certo— para unha toma de decisións críticas.

Por iso, por parte do noso grupo parlamentario, o que pretendemos, precisamente na reconsideración da nosa proposición de lei e neste debate, é circunscribir este acordo a apoiar dunha forma clara, expresa e contundente, diante da reunión de mañá en Madrid, a proposta de traballo presentada polo comité de empresa de Alcoa na planta da Coruña.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

¡Por favor! ¡Por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, non. O espazo é reservado a quen está no uso da palabra, pero... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Esa é outra historia, pero cada grupo pode traer a del, sempre que non ofenda a dignidade da Cámara. *(Aplausos.)* *(O señor Díaz Villoslada retira a camiseta da tribuna.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** *(A señora Presas Bergantiños coloca unha camiseta na tribuna.)* Pois nada, se temos que estar rotando a camiseta toda a mañá, non temos maior problema; así facemos un pouco de exercicio.

Bo día a todas e a todos.

Por parte do Bloque Nacionalista tamén queremos saudar os traballadores que nos acompañan hoxe e transmitir por descontado o noso absoluto apoio ao comité de empresa e a todos e cada un deles. E tamén, por descontado, o noso apoio á iniciativa do Partido Socialista.

Nós tamén presentamos unha emenda nunha liña semellante, remitindo a eses acordos que o pasado 30 de outubro remitiron os traballadores e traballadoras tanto á Xunta de Galiza como ao Goberno central. Nós concordamos con que é un bo punto de partida para que os consensos vaian avanzando e para que vaíamos concretando propostas en serio. Polo tanto, teñen todo o noso apoio.

Nós, desde o BNG, pensamos que estamos nun momento que require compromiso e que require tamén honestidade. E, sendo honestas, temos que dicir que hoxe chegamos un pouco preocupadas a esta intervención. Un pouco preocupadas, en primeiro lugar, porque no día de hoxe o meu grupo tiña previsto ter unha interpelación co conselleiro de Economía, Emprego e Industria. Para quen nos poida estar escoitando e non saiba o que é unha interpela-

ción, é un pequeno debate entre o BNG, neste caso, e o Goberno galego do que despois se extraen unhas conclusións que se votan. E a nós parecíanos moi importante dedicar neste pleno, ese anaco da nosa representación, a falar con máis calma e a dialogar e a que houbera un *feedback* coa Xunta de Galicia para trasladar propostas concretas na liña das que presenta o comité e tamén con achegas propias, sobre todo pois no momento no que estamos, onde mañá vai haber unha reunión no ámbito estatal.

E recibimos con sorpresa pois que se nos comunique que por decisión do Goberno ese debate é aprazado. Recibímolos con sorpresa tamén cando vemos hoxe nas previsións informativas da Xunta de Galiza que o conselleiro de Industria está en China. Eu imaxino que non é algo que se lle ocorrera onte ás dez da mañá, que era unha previsión que o Goberno xa coñecía, e, polo tanto, pois parécenos que, xa que o Goberno é solidario, debería vir outra persoa do Goberno debater connosco ou que cando menos se podería ter avisado isto con máis adianto. Porque, do punto de vista da seriedade da que require este momento histórico, pois a verdade é que nos deixa bastante preocupadas ter un conselleiro *missing* para o comité e para os grupos. E parécenos que é xusto tamén que quen siga este debate pois que saiba o que aconteceu.

E tamén quedamos preocupadas e preocupados —penso que todos os grupos— despois de escoitar o que dixo agora mesmo o señor Núñez Feijóo no debate con Ana Pontón, porque basicamente parecía que, en lugar dun presidente da Xunta de Galiza, tiñamos aquí un representante da empresa. (*Aplausos.*) E eu a verdade é que se mañá é a posición que vai levar a Xunta de Galiza, de absoluta inconcreción, que nos trasladou o presidente da Xunta hoxe, pois a verdade é que case era mellor que fora outra persoa. Nós —temos que dicilo así— quedamos bastante preocupadas.

E miren, nós poderíamos dedicar esta intervención a botar as culpas ás decisións da Xunta de Galiza e do Estado dos últimos anos de ter chegado a esta situación. Temos debatido en moitas ocasións a nosa posición sobre que a interrompibilidade non é o sistema, a nosa posición sobre como se está baleirando o músculo industrial galego, e temos serias discrepancias, das que temos falado moitas veces.

Pero nós pensamos que estamos noutro momento, no que temos que intentar buscar consensos para saír desta crise, e estamos novamente convencidas de que non cabe resignarse e convencidas tamén de que hai saída para Alcoa e de que Alcoa non se pecha se somos quen, desde Galiza, de ter unha posición forte, argumentada e consensuada pouco a pouco para que iso sexa así. E, polo tanto, pois queremos que hoxe sexa esta proposta do comité un novo punto de partida para ter cuestións en firme que trasladar a partir de mañá, porque a nós preocúpanos moito o paso do tempo e ver que non estamos tendo avances cualitativos.

E, neste sentido, creo que todas e todos temos que coincidir en que unha prioridade é esa retirada do expediente de despedimento, que é unha prioridade tamén, como di o comité, impedir unha parada técnica da empresa. Para nós é absolutamente prioritario —insistimos desde o primeiro momento— que se impulse esa mesa de negociación onde os traballadores e traballadoras teñen que estar en absolutamente todos os momentos dando a súa opinión, e parécenos moi triste que aínda non estea constituído un foro dese tipo.

E tamén pensamos que hai que abrir un debate sobre a estabilidade que necesita o marco enerxético, que non é a interrompibilidade, como dicía o señor Feijóo. Agora a receita máxica é que é para cinco anos. Eu quero recordar que foi o Goberno do Partido Popular o que o fixo o último cambio, reducindo dun ano a medio ano.

En todo caso, nós entendemos que tamén hai outra cuestión que hai que poñer enriba da mesa. O tempo corre e hai posibilidades de que o propio Estado, de que a propia Administración ten a SEPI para algo e absorba o control da empresa en canto non se busca unha solución, unha solución que sexa a compra doutro propietario ou propietaria ou sexa a nacionalización. Pero, en todo caso, son alternativas que hai que mirar e das que hai que falar paseniñamente.

Polo tanto, pois queremos convidar desde este foro, primeiro, os traballadores a que non se rendan —temos posibilidades e nós imos estar aí para apoiarnos— e, segundo, a que a Xunta de Galiza ten que actuar como Goberno de país e ten que tomar este asunto en serio, con diálogo, connosco, que somos parte do país tamén, cos traballadores e traballadoras, cos demais grupos, con absolutamente todo este país, para conseguir que Galiza saia adiante neste debate. Porque hoxe é Alcoa, pero mañá virán outras empresas, e estamos xogando o futuro do noso país, e queremos un país con músculo industrial e que non se dedique unicamente ao turismo, ao Xacobeo e a servir na hostalería.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Presas.

¡Señora Presas, señora Presas! *(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.) (A señora Presas Bergantiños retira a camiseta da tribuna.)*

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Casal. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Vostede tiña a súa alí tamén. Podía traela. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Tiña a súa, era máis propia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vale, vale. É igual, non se trata de limpeza, senón do que di.

**O señor CASAL VIDAL:** *(O señor Casal Vidal coloca unha camiseta na tribuna.)* A miña sufriu as inclemencias do tempo do outro día na Coruña.

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**O señor CASAL VIDAL:** Si, grazas.

A conta atrás segue marchando, a ameaza de peche segue aí implacable; entón, temos que ser moi claros e moi serios. A compañía Alcoa, se escoita aquí quen ten a culpa, que se en Irán pasa non sei que, que se en Venezuela pasa non sei canto, estará mexando coa risa. Non podemos entrar nese tipo de debates. Iso só favorece a posición de Alcoa. Espero que o teñamos claro. Pode quedar moi ben para a prensa amiga, pero a efectividade ¿cal é? Cero. E a partir de agora o que hai que ser é eficaces.

Por iso nós presentamos unha emenda con trece puntos, onde os seis primeiros eran tal cal os que plantexa o comité de empresa. O Partido Socialista plantexounos de momento aprazar o resto dos nosos puntos. Estamos de acordo se iso implica que vai haber unanimidade de momento, como xa pasou no anterior pleno. Pero pasaron catorce días e temos que avanzar, é verdade. Imos apoiar eses seis puntos, os primeiros seis puntos da nosa emenda, e renunciar ao resto.

Pero pensamos que hai que empezar a falar do resto. ¿Por que? Porque hai que empezar a falar, porque quedan catorce días, quedan outros catorce días. Dentro de catorce días Alcoa pode darlle así ao interruptor da alta tensión e a empresa sería irrecuperable.

Entón, temos que ter isto claro. E temos que ter claro entón que quere dicir instar Alcoa a retirar o expediente do despedimento colectivo, que é o que plantexa o primeiro punto da proposta do comité. Pois iso os señores do Partido Socialista debían empezar a dicir que significa. ¿Significa que o Ministerio de Emprego vai botar para atrás o ERE, que vai argumentar legalmente para botar para atrás o ERE e gañar tempo? Temos que empezar a falar de cousas concretas.

O segundo punto que di o comité é establecer os mecanismos necesarios e de urxencia para evitar que as plantas poidan entrar nunha parada técnica. Isto ten un nome, e hai que empezar a dicilo: artigo 128.2 da Constitución. ¿Estamos de acordo todos os partidos, todos os grupos parlamentarios representados neste Parlamento, en que, se Alcoa, o día 1 ou 2 de decembro, o día que toque, lle quere dar así á panca do interruptor de 220.000 voltios que teñen alí en Alcoa na Coruña, llo imos permitir? ¿O Estado español vaino permitir? Iso hai que empezar a falalo e saber que posición imos ter, porque é que quedan catorce días para iso e no seguinte pleno ao mellor xa non chegamos a tempo.

Despois, por suposto, a creación da mesa de negociación cun tempo de dezaioito meses. Pero, claro, para ter eses dezaioito meses, ao mellor antes hai que tomar decisións moi concretas e moi duras.

Instar os ministerios de Industria e Transición a preparar nese período unha nova regulación enerxética eléctrica. Pois hai que empezar a falar, porque a nova poxa de interrompibilidade vai ter que ser dentro tres ou catro semanas. Habería que empezar a falar de como ten que ser esa poxa. Por exemplo, nunha das nosas emendas plantexamos que se discrimine en dúas poxas as empresas, nunha para as que o prezo da enerxía eléctrica é imprescindible para a súa viabilidade, entre as que está Alcoa por suposto, pero tamén moitas outras galegas, como Ferroatlántica, Megasa e algunha máis, e, por outra parte, outras empresas que están entrando nas poxas de interrompibilidade pero para as que a axuda non é absolutamente imprescindible para a súa viabilidade; é unha aportación para o seu desenvolvemento industrial, tecnolóxico, etc., pero non implica directamente o peche da factoría.

Entón, claro, ¿que pasa con isto? Que para as que é imprescindible piden o máximo de axuda posible, os outros aceptan menos cartos, e iso é o que pasou o ano pasado, e por iso baixaron tanto as axudas de interrompibilidade. Entón, propoñemos que se reparta a poxa en dúas poxas independentes.

Por suposto, o punto quinto do comité, de vincular ao emprego, iso é evidente e penso que aí non vai haber ningún problema en que esteamos todos de acordo.

Despois o punto 7, instar o Ministerio de Industria e a propia Xunta de Galicia a vixiar e regular a entrada do metal externo de plantas de Alcoa polos portos españois, este é un tema complexo e por iso hai que empezar a traballar. E isto, fundamentalmente, iría por convencer e loitar no Parlamento Europeo para que se estableceran aranceis medioambientais. Non pode ser que aluminio cunha pegada de CO<sup>2</sup> enorme, case dez veces superior ao aluminio que se elabora en Galicia, poida entrar polo porto de Vigo sen ningún problema.

Penso que, evidentemente, é un tema moi complexo; é dicir, non imos dicir que así, cunha variña máxica, se vai solucionar, pero si que hai que poñerse a traballar.

Por iso pensamos que hai que empezar a plantexar por suposto tamén que o Goberno actual deixe claro que vai desenvolver de maneira inmediata a partida orzamentaria de 150 millóns de euros, e non nos poñamos a debater se o fai tarde ou o fai pronto; outros tiveron dous anos para facelo e non o fixeron.

Non entremos nese debate. O debate son os 150 millóns enriba da mesa, a poxa de interrompibilidade o máis desenvolta posible de maneira inmediata e, sobre todo, deixarlle claro á empresa que o día 2, o 3 ou o 4 de decembro non lle vai poder dar ao interruptor, ao machete de 220.000 voltios, e deixar as cubas inutilizadas para sempre, que iso si que sería o final de Alcoa-A Coruña e de Alcoa-Avilés.

Por iso, por favor, unidade, pero empezar a falar tamén de como solucionar este problema.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

A camiseta, por favor, a camiseta. *(O señor Casal Vidal retira a camiseta da tribuna.)* Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** *(O señor Tellado Filgueira coloca unha camiseta na tribuna.)* Grazas, señor presidente.

¡Por camisetas non vai ser! E a camiseta é moi importante, pero moito máis importante é suar a camiseta. *(Aplausos.)* E suar a camiseta é o que está facendo a Xunta de Galicia e é o que ten que facer tamén o Goberno de España. E, polo tanto, a min gustárame que todos defenderamos as camisetas de todos os traballadores de Galicia, tamén as camisetas dos traballadores de Ence, tamén as camisetas dos traballadores de Elnosa, tamén as camisetas dos traballadores de Reganosa, tamén as camisetas dos traballadores das centrais térmicas das Pontes e de Meirama.

Señor Villoslada, efectivamente, o conselleiro de Industria non está neste pleno, porque está en China, está en Shanghai, participando na Exposición Internacional de Importacións, que

se celebra nestes días en Shanghai, acompañando distintos empresarios galegos que queren afondar na exportación dos seus produtos.

As exportacións, no último ano, acadaron a cifra de 15.257 millóns de euros de facturación. Exportar é fundamental para a economía galega. As exportacións baten récords ano tras ano. No último ano medraron un 6,5 %. E, polo tanto, o conselleiro de Economía e Industria acompaña empresas galegas en Shanghai nesta Exposición de Importacións, porque temos que abrirnos a novos mercados e apoiar os nosos empresarios. Apoiar Alcoa, claro que si, e os traballadores de Alcoa, pero tamén apoiar o conxunto do tecido produtivo do noso país, que ten que exportar para que a nosa economía creza.

Eu tiven ocasión de falar con el esta mesma mañá e coincidimos na importancia da unanimidade no día de hoxe neste tema que ten que ver con Alcoa. Nós cremos que é un tema que require moitísima sensibilidade, porque detrás desta problemática hai catrocentas familias que están preocupadas polo seu futuro. E, polo tanto, eu creo que non se pode facer política con determinados asuntos, o que hai que facer é xestión. Eu creo que non se trata de buscar culpables, porque todos seríamos capaces de encontrar culpables ao longo do tempo da situación actual; do que se trata é de buscar solucións, como dicía o presidente da Xunta na súa intervención esta mesma mañá.

Nesta Cámara temos un acordo unánime, acadado hai quince días, un acordo unánime, promovido por certo polo Grupo Parlamentario Popular, a través dunha proposición non de lei do noso grupo, un acordo unánime que respaldaban os traballadores de Alcoa e as súas reivindicacións.

O Partido Socialista presenta unha proposición non de lei que na súa redacción orixinal creo que descafeína un pouco o acordo de hai quince días, pero con esa autoemenda que se plantea creo que presenta elementos novidosos, que nós queremos deixar claro que imos apoiar, porque cremos que non se pode facer política con todo, que hai cuestións nas que temos que estar unidos e traballar xuntos, e nesa cuestión eu lamento que determinados grupos pretendan incluír gretas e abrir debates interesados ou partidistas que creo que non contribúen a nada.

E, polo tanto, eu creo que, efectivamente, temos que traballar nesta dirección, como ten feito o Goberno galego ao longo dos últimos meses. Nesa primeira xuntanza do presidente da Xunta co novo presidente do Goberno, con Pedro Sánchez, xa se plantexou a problemática de Alcoa. En xuntanzas posteriores do conselleiro de Economía e Industria co secretario de Estado de Enerxía, co señor Abascal, tamén se plantexou esta cuestión, o pasado mes de agosto, cando aquí ninguén falaba aínda deste asunto. Tamén o levamos á Conferencia Sectorial de Industria do pasado 3 de outubro, na que se lle plantexaba á ministra Maroto a urxencia de garantir un prezo de electricidade estable e competitivo.

Nós cremos que temos que lanzar unha mensaxe clara aos traballadores de Alcoa, unha mensaxe clara ao Goberno de España, unha mensaxe clara á dirección de Alcoa, e é que contan co respaldo unánime deste Parlamento, do Parlamento de Galicia.



Mañá hai unha reunión moi importante coas ministras de Industria e de Transición Enerxética, na que participará o Principado de Asturias e tamén a Xunta de Galicia, e cremos que é bo que manteñamos a unanimidade e que manteñamos un bo clima de consenso e de respaldo a unha reivindicación que non é de ninguén, senón que é de todos, de todos os galegos e de todos os grupos políticos que conformamos este Parlamento.

¿Que demandamos? Un marco eléctrico estable para as empresas, as industrias electrointensivas para os próximos cinco anos, que se desbloqueen eses 150 millóns de euros para que Alcoa non teña ningunha excusa que xustifique ese peche, e o que demandamos é que a empresa retire de forma inmediata ese ERE que ten presentado.

A nosa proposta de respaldo ás demandas do comité de empresa é total. Pedímoslle ao Goberno actual, ao Goberno de Pedro Sánchez, o mesmo que lle pedimos ao Goberno de Mariano Rajoy no ano 2014: unha solución, unha solución para que Alcoa manteña a súa actividade e para que Alcoa manteña o emprego. E, polo tanto, nós cremos que temos que traballar e incidir no que nos une e non no que nos separa, e, polo tanto, adianto o voto favorable do Grupo Parlamentario Popular á redacción orixinal do Partido Socialista e á emenda de engádega que fixo o propio Grupo Socialista á súa iniciativa orixinal.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.) (O señor Tellado Filgueira retira a camiseta da tribuna.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tellado.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** *(O señor Díaz Villoslada coloca unha camiseta na tribuna.)* Quero agradecer a todos os grupos políticos presentes na Cámara, precisamente, primeiro, o ton evidentemente das intervencións, porque creo que non podía ser doutra forma, e, en segundo lugar, o contido das diferentes exposicións por parte de cada un dos tres grupos, que presentaron ou non emendas, que acaban de intervir.

Porque eu creo, como dicía na miña intervención inicial, que hoxe, como o día 23 pasado, non é un día para presentar posicións absolutamente partidistas. Iso non quere dicir que cada un dos grupos políticos, evidentemente, teña a súa posición partidista, teña a súa ideoloxía e teña a súa forma de ver evidentemente o futuro industrial de Galicia e os mecanismos para que ese futuro quede garantido. Pero, evidentemente, estamos na antesala dunha reunión como a de mañá en Madrid, e eu creo que o importante para nós e para todos era precisamente hoxe visualizar un gran pacto, novamente, desta Cámara polas plantas da Coruña e tamén de Avilés, e, nese sentido, que mellor forma de facelo que apoiando de forma expresa a proposta que presentara o outro día 30 de outubro o comité de empresa da planta da Coruña diante da Delegación do Goberno.

Nese sentido facía unha referencia o señor Tellado. Nós traíamos esta proposición non de lei, precisamente, porque considerabamos que era absolutamente necesario manter nesta Cámara vivo o debate sobre Alcoa, manter o foco posto no gran problema que temos na área industrial da Coruña, pero eu creo que en todo o tecido industrial de Galicia, e nese sentido,

precisamente por iso, nós presentabamos unha emenda para facer nosa e para facer de toda esta Cámara a proposta presentada polo comité de empresa. Incluso nós, evidentemente, en aras desa posición común, retraeríamos a redacción inicial para circunscribir unicamente o texto desta PNL á emenda que presentamos o outro día.

Para rematar, analizando estas cuestións de como actúan as grandes corporacións multinacionais e incluso —e non quero *salirme del tiesto*— observando algunha das actuacións de onte do Tribunal Supremo, si que creo que sería e segue sendo do máximo interese analizar moitas das consideracións que o profesor Boaventura de Sousa Santos nos fixo no paraninfo da Universidade da Coruña o pasado 19 de setembro, con motivo da súa investidura como doutor *honoris causa*, cando nos presentaba de forma provocatoria esa dicotomía, esa dialéctica permanente entre democracia e capitalismo neoliberal, como esa tensión entre quen regula a quen é importante á hora de analizar a situación na que nos atopamos. Eu convídoos precisamente, a todos os membros da Cámara, a escoitar aquela magnífica conferencia do profesor Boaventura de Sousa no paraninfo da Universidade do pasado 19 de setembro.

En todo caso, creo que hoxe temos un motivo de alegría, si, porque apoiamos de forma unánime o comité de empresa de Alcoa na planta da Coruña, pero un motivo —insisto— aínda de máxima preocupación, na que todos temos deberes, tanto en Santiago, evidentemente, como tamén e dunha forma importante en Madrid e tamén no ámbito da Unión Europea.

Moitas grazas e máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¿Acepta as emendas do Bloque e de En Marea?

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Loxicamente, polo que comentaba, rexeitaremos as emendas, na medida en que creo que circunscribiremos todos o texto da PNL que hoxe traemos aquí literalmente á autoemenda que presentamos por parte do noso grupo.

Máis nada. Grazas. (*Aplausos.*)

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Rematado o debate das proposicións non de lei, comezamos coas votacións.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Eva Solla Fernández.

Acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a dotación pola Xunta de Galicia do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela dos medios humanos e materiais necesarios demandados polo persoal do centro.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a proposición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia por iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera.

Non se aceptan as emendas dos grupos que as presentaron; en concreto, o Bloque Nacionalista Galego, o Grupo Socialista e o de En Marea.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia das accións destinadas ao asinamento e aplicación do protocolo entre Aecosan e Intecmar.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; abstencións, 34.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago.

Teño anotada aquí pendente unha transacción. Non sei se se chegou a ela.

*(O señor Pazos Couñago pide a palabra.)*

Si. Déanlle voz.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Dado que un dos grupos xa comprometeu onte o seu apoio, aínda que hai diferenzas de matiz, en aras a facilitar un pronunciamento unánime de Cámara imos manter este posicionamento de mínimos para facilitar o acordo e poder facer a demanda.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Votamos tal como está?

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Votamos tal como está.

**O señor PRESIDENTE:** Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e nove deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno do Estado para a concreción do prazo e da fórmula elixidos para a supresión da peaxe de Redondela.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; abstencións, 20.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños. Non hai emendas.*

*Votación da Proposición non de lei do G. P do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co proceso de negociación que se está a desenvolver para o establecemento dun novo acordo salarial para o persoal da industria auxiliar de Navantia na ría de Ferrol, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de don José Luis Rivas Cruz.*

*Eu teño aquí anotado que acepta o punto 1 da emenda do Grupo Parlamentario Popular, e está pendente a transacción do punto 2. Non sei se chegaron a un acordo con el.*

*¿Chegaron a un acordo? (O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.) Entón léanolo, se fai o favor.*

**O señor RIVAS CRUZ:** *Aceptado o punto 1, que é: «Insta a axilizar a declaración de ben de interese cultural do parque do Pasatempo, reducindo na medida do posible os prazos de tramitación.»*

*E o punto 2 quedaría así: «A prestar o apoio técnico ao Concello de Betanzos para a elaboración do proxecto de rehabilitación, implicando outras administracións públicas, recabando outros posibles apoios financeiros e colaborando economicamente para garantir a consecución do proxecto.»*

**O señor PRESIDENTE:** *Grazas.*

*Votamos esta transacción.*

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do expediente para declarar o parque do Pasatempo, de Betanzos, como ben de interese cultural, así como o financiamento das obras para a súa rehabilitación.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo.

Acéptase unha votación por puntos, entendo. Entón votariamos, en primeiro lugar, o punto 1, que mo pasou ela e o leo eu. ¿Ou quéreo ler vostede? Léoo eu.

Di o punto 1 en concreto: «Actuar no conflito laboral do sector de elaborados do mar a través da consellería competente, que debe adoptar un papel activo de mediación entre a representación legal dos traballadores e a patronal Conxemar para acadar un acordo nun convenio colectivo que mellore os salarios, a calidade do emprego, as condicións de traballo, reduza a temporalidade e reforce a supervisión da subcontratación.»

Este é o punto 1, que é o que imos votar.

*Votación do texto transaccionado do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e salariais existentes no sector da conxelación e refrixeración dos produtos do mar.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o punto primeiro desta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** E agora votariamos o resto dos puntos, que son o 2, 3, 4, 5 e 6, e inclúen as emendas de adición do Grupo Parlamentario do Bloque e do Grupo Parlamentario Socialista.

*Votación dos puntos 2, 3, 4, 5 e 6 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e salariais existentes no sector da conxelación e refrixeración dos produtos do mar.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos da proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez.*

*Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.*

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e tres deputados/as máis, sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, antes do remate do curso 2018-2019, do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, de xeito que se garanta de forma efectiva a posibilidade de prestar distintas modalidades de xestión do servizo de comedor escolar.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 40; abstencións, 20.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada.*

*En definitiva, o único que imos votar é a autoemenda do Grupo Parlamentario Socialista. (O señor Díaz Villoslada pronuncia palabras que non se perciben.) É o que vostede dixó. (O señor Díaz Villoslada pronuncia palabras que non se perciben.)*

*A ver, pronunciose desde aí dicindo que retiraba todo o demais e que se votaba a autoemenda... (O señor Díaz Villoslada pronuncia palabras que non se perciben.) Pero como engádega. Como engádega da inicial. ¡Ten que ser, claro! (O señor Díaz Villoslada pronuncia palabras que non se perciben.) A ver.*

*Déanlle voz ao escano do señor Díaz Villoslada.*

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** *Para conseguir o acordo que comentabamos, o texto final da PNL circunscribe á autoemenda que presentamos.*

**O señor PRESIDENTE:** *¿Iso é correcto? (O letrado pronuncia palabras que non se perciben.)*

*Di que é correcto se hai unanimidade. ¿Hai unanimidade?*

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** *É o que temos falado.*

**O señor PRESIDENTE:** *Pregúntolle ao grupo. ¿Hai unanimidade? ¿Están todos de acordo? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Todos de acordo? (Os membros do grupo pronuncian: si.)*

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** É o que temos falado.

**O señor PRESIDENTE:** Pois entón votamos. Foi o que dixen ao principio.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Si, si.

**O señor PRESIDENTE:** Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez e cinco deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar o peche dos centros de produción e asegurar o mantemento dos postos de traballo da empresa Alcoa en Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Remataron as votacións.

Abran as portas, por favor.

Continuamos co punto 4 da orde do día, que é o de interpelacións.

**Interpelación do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre a política do Goberno galego en materia de vivenda protexida**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra o señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días a todos e a todas.

Bos días, señora conselleira.

A sentenza de onte do Tribunal Supremo respecto dos impostos das hipotecas creo que explica moitas das cousas que pasaron neste país a respecto do desprezo polo dereito á vivenda das persoas. Explica uns poderes públicos ao servizo da banca. Explica unhas políticas públicas ao servizo do negocio da banca dentro do sector da vivenda. E explica a pouca e baixa calidade democrática do Estado español, onde se presiona dende a banca ao tribunal para que mude unha decisión para favorecer a banca.

Evidentemente, hoxe xa na Bolsa os bancos están a subir espectacularmente, e temos que aguantar a vergoña de ter que soportar estas institucións que deciden en contra da maioría social. Por iso, evidentemente, chamamos á mobilización cívica contra estas decisións.

Tamén, señora conselleira, un caso que está a acontecer na cidade de Vigo estes días, o de Elisabeth, con tres fillos menores de idade, explica moitas das cousas que acontecen a diario

neste país. A diario e moitas veces sen saber. É dicir, unha muller con fillos a cargo, un dos colectivos máis vulnerables a todos os niveis, pero tamén na cuestión da vivenda, está ameazada por un fondo buitre, Cerverus, xestionado no Estado español polo fillo de José María Aznar, que fai negocio a custa da xente e que fai negocio tamén cos beneficios fiscais aprobados por gobernos que din defender o interese xeral.

Esa muller está ameazada dun desafiuzamento e conseguiu onte un aprazamento dun mes, parece ser. Tiña enriba da mesa a oferta de axudas do Concello e da Xunta de Galicia, e vemos cales son.

O Concello parece ser —segundo palabras dela— que ofrecía un mes de axuda para pagarlle o alugueiro. E a Xunta de Galicia, como alternativa habitacional, propúñalle unha vivenda en Vila de Cruces, a 130 quilómetros de Vigo. Esa é a realidade que sofre moita xente neste país, ese é o drama que sofre moita xente neste país, pola falta de políticas públicas de vivenda, pola falta absoluta de vontade de defender o dereito constitucional desa sacrosanta Constitución para cando lles interesa, que di que todos temos dereito a desfrutar dunha vivenda digna.

Vostedes, o Partido Popular, nunca apostaron por mudar o modelo especulativo, o modelo do negocio, fronte o modelo do dereito á vivenda. Nunca. Sempre actuaron a favor dese mesmo modelo.

Vostedes aprobaron unha modificación no Goberno do Estado da Lei de arrendamentos urbanos, para reducir a estabilidade dos arrendatarios de 5 a 3 anos a duración mínima do contrato.

Vostedes rescataron os bancos con diñeiro público, miles de millóns de euros de diñeiro público, e non os puxeron ao servizo da xente que o necesitaba neses anos, onde de media neste país se desafiuzaba a seis persoas. E non os puxeron para facer un parque público de alugamento porque os propios bancos presionaban para que os gobernos non o fixeran porque baixarían os prezos das vivendas e, polo tanto, baixarían os seus activos no balance.

Tampouco cumpriron a Lei de facendas locais. Vostedes sistematicamente, dende o Goberno do Estado, bloquearon a aplicación da Lei de facendas locais no que ten que ver coa definición da vivenda baleira, e, polo tanto, imposibilitan a aqueles concellos que queiran aplicar un recargo nas vivendas baleiras de grandes posuidores. Polo tanto, non hai ningunha medida fiscal favorable para a mobilización da vivenda baleira nun país como Galicia, que ten 300.000 vivendas baleiras. Vostedes paralizaron o parque público de vivenda e aprobaron a Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, que permitía a rebaixa da reserva de solo para vivenda de protección oficial do 30 %. Sempre que o concello así o quixese, poderíase adaptar ao que é a demanda existente no rexistro de demandantes.

Así, vemos que o conxunto de todas estas políticas fai que, evidentemente, non sexa casualidade a realidade que estamos a vivir. Realidade que en Galicia vén marcada porque no ano 2017, segundo datos oficiais, volveron incrementarse os desafiuzamentos, case dez anos despois do estoupido da chamada crise. Non é casualidade, por todo iso, que cos salarios que



hai, cos traballos precarios que hai, a xente non poida nin acceder a unha hipoteca e, polo tanto, suba a xente que acode ao mercado do alugamento. O mercado do alugamento non ten ningún tipo de regulación para regular prezos e condicións, ao contrario, é a lei da selva, a lei que favorece a fondos voitre como Cerberus, Sobe a demanda de alugamento e, polo tanto, soben os prezos deste. Os salarios non medran e, polo tanto, soben os desafiuzamentos espectacularmente por non pagamento de alugueiros.

Iso é o que está pasando hoxe en día, e vostedes non puxeron en marcha nin unha soa das medidas que din os expertos que hai que tomar para regular o mercado inmobiliario de cara a fornecer de dereito á vivenda á xente.

Vostedes non incrementaron substancialmente o parque público de alugamento, que é ridículo neste país. Vostedes paralizaron a construción de vivendas de protección oficial. En 2010 iniciáronse en Galicia 2.900 vivendas de protección oficial, e os datos oficiais din que en 2015 foron 5, en 2016 foron iniciadas 6 e en 2017, 12. Iso significa o 0,2 % do que se iniciou no Estado, unha cifra ridícula, que fala ben ás claras da súa política, —xa dixen— da Lei de vivenda. Tamén fala do abandono do IGVS das políticas de construción de vivenda protexida e de vivenda de promoción pública, e a baixísima execución, ano tras ano, dos orzamentos. Iso ten translación na vida das persoas, e hoxe en Galicia non hai medidas para regular os prezos do alugueiro, non hai medidas para fomentar o parque público de alugamento, non hai orzamentos para así facelo e non hai tampouco recursos para ter alternativas habitacionais para xente que chegue xa a ese extremo tan dramático como é vivir un desafiuzamento, que segundo vostedes xa non debería de chegar a sufrir; é dicir, que hai que actuar previndo antes.

Polo tanto, cremos que vostedes, evidentemente, nunca apostaron por mudar a fondo este modelo. Seguen apoiando o negocio por riba do dereito. Pero é que tampouco lles funcionaron os parches e as medidas cosméticas que vostedes levaron a cabo. Nin sequera esas medidas que vostedes anunciaron a bombo y platillo deron resultado.

O programa estrela para a mobilización de vivenda da Xunta de Galicia, o programa de vivendas baleiras, tivo un grao de execución do 3,2 % no ano 2017. De 300.000 euros de execución —xa un orzamento bastante escaso—, só se executaron 10.499 euros. Unha vergoña, un fracaso de programa, así como tamén o fracaso de que no programa de acceso á vivenda se executase o 40 %, e só se executasen 2 millóns dos 5 millóns que había para axuda ao acceso á vivenda da xente nese ano no que se incrementaron os desafiuzamentos.

A mesma Elisabeth, esta señora de Vigo, dicía que a ela non lle servían as axudas para o alugueiro que lle daban tanto a Xunta de Galicia como o Plan estatal de vivenda, porque os prezos estaban disparados na cidade. Tampouco lle vale a alternativa de irse a vivir a Vila de Cruces porque ten os fillos escolarizados, porque ten que buscar traballo, porque ten que vivir. Non se pode ir dun día para outro a 130 quilómetros esta señora. Polo tanto, esta señora o que está dicindo é que non lle serven de nada as políticas que están actualmente en vigor e que vostedes tanto pregoaron.

O que nós lle preguntamos, señora conselleira, é: ¿teñen pensado mudar as súas políticas? ¿Teñen pensado facer unha análise crítica dos resultados das súas políticas durante estes

últimos anos? ¿Teñen pensado facelo honestamente e recoñecer que coas medidas que tomaron vostedes o problema segue aí e que incluso se agrava, que hai xente que non ten ingresos e á que lle soben os alugueiros ano tras ano, que non ten un horizonte de seguridade na súa vivenda?

Recoñezan que as súas medidas non serven nin sequera para darlles unha alternativa habitacional aos casos máis graves. Recoñezan que non hai ningunha das medidas que eu citei postas en marcha para regular os prezos do alugueiro. Recoñezan que pasamos da burbulla inmobiliaria das hipotecas á burbulla do alugamento. Recoñezan que, principalmente nas cidades galegas, están subindo espectacularmente os prezos do alugueiro, os salarios non soben na mesma medida, temos un grave problema agora e ímolo ter nos próximos anos se vostedes non actúan, se non se actúa dende todas as administracións públicas, tamén dende o Estado e dende os concellos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, presidente.

Moi bos días a todos e a todas.

Señor Sánchez, se algo me gustou da súa intervención é dicir que todas as administracións temos que aportar. ¡Que fácil é falar e que difícil é actuar!

Vostedes teñen a oportunidade de demostrar que poden e o saben facer ben. Ata o de agora non demostraron absolutamente nada nas cidades nas que están gobernando. Citaba vostede a unha persoa. Eu creo que a esta xente, lonxe de utilizala, hai que intentar entre todas as administracións darlle unha saída factible e viable. E se, por exemplo, o Concello de Vigo se adhire ao Programa de vivendas baleiras, seguro que a esta señora, en vez de ofrecérselle unha vivenda en Vila de Cruces —jollo!, non só en Vila de Cruces, senón que se están buscando outras alternativas—, poderíanselle ofrecer no mesmo Vigo.

Independentemente de todo isto, señor Sánchez, a Xunta de Galicia leva case unha década apostando polas políticas de vivenda, facilitando o acceso e poñendo o foco de atención nos máis desfavorecidos. Son políticas adaptadas á realidade económica e ás demandas da sociedade, van mudando en función desas demandas da sociedade e fanse polo benestar dos galegos e das galegas. E teña por seguro que así o fixemos e así o imos seguir facendo. Un exemplo deste esforzo é que as medidas de acceso á vivenda que estamos a aplicar dende a Xunta chegarán este ano a máis de 7.000 familias, e créanme que no ano 2019 superaremos con creces este número.

Vostedes trasladaban na súa pregunta por escrito unha serie de estatísticas, e eu quero amosarlles dende aquí non só estatísticas, senón realidades. Son as realidades de Galicia e as realidades das políticas desta consellería.

Dende o Goberno galego estamos impulsando programas de vivendas de promoción pública de nova construción pero tamén de rehabilitación, que entendemos fundamentais nunha sociedade na que temos unha serie de cidades cuns cascos antigos nos que podemos, por un lado, rehabilitar e, por outro lado, facilitar o acceso á vivenda, ben sexa en propiedade ou ben sexa a través dos alugamentos.

As nosas actuacións estanse centrando nas grandes cidades. ¿E por que nas grandes cidades? Porque, efectivamente, é aí onde hai maiores demandas, sen esquecer, por suposto os concellos doutras categorías no que a número de habitantes se refire, e, nese sentido, para os concellos temos o Programa de rehabilitación de vivendas de mestres, o Fondo de cooperación cos concellos ou as infravivendas no rural; e aí temos que apostar todos pola sociedade.

As cifras son claras, e actualmente temos un total de 129 vivendas en construción. Hai 40 no Parque Ofimático da Coruña, grazas a unha actuación que adxudicamos no mes de agosto e na que se están investindo 5 millóns de euros; 61 vivendas en Vigo, nas rúas Chantada e Ignacio Covas, cun orzamento de 8,8 millóns de euros; 22 vivendas en Ourense, nas rúas Covadonga e Cervantes, cun investimento de 1,6 millóns de euros; e 6 no concello de Cenlle onde estamos desenvolvendo un proxecto pioneiro de vivendas modulares dotado cun millón de euros.

E un total de 28 vivendas en rehabilitación, distribuídas do seguinte xeito: 5 en Ourense, nas que investimos preto dun millón de euros; 9 vivendas en Lugo, cun orzamento de 1,3 millóns; 12 en Betanzos, onde estamos investindo 3 millóns de euros; e 2 en Mondoñedo, cun investimento de 400.000 euros. En total, señor Sánchez, estamos impulsando neste momento 160 vivendas, cun investimento de 22 millóns de euros.

Pero isto non remata aquí, e no ano 2019 non nos imos deter. É máis, seguiremos impulsando este tipo de políticas —sobre as cales xa lles avancei na Comisión 3ª hai uns días—, continuaremos traballando en garantir o acceso ás vivendas a todos os galegos e ás galegas e, por suposto, non deixaremos desamparado a ninguén.

Con este obxectivo, o orzamento do Instituto Galego da Vivenda e o Solo medra un 3 %, pasando dos 92,98 millóns de euros aos 95,70 millóns de euros no ano 2019. Con Xestur e co Consorcio Galego do Casco Vello o orzamento total é de 119,6 millóns de euros. É dicir, o esforzo está reflectido nos orzamentos.

Para dotación de novas vivendas de promoción pública o próximo ano dispoñemos de 7,6 millóns de euros, e continuaremos coa construción de pequenos grupos de vivendas modulares de promoción pública e de tipoloxía unifamiliar, impulsando así a innovación en materia de edificación. Seguiremos prestando atención a todos os colectivos que o necesitan. Así, poremos en marcha as axudas para a construción de vivendas para as persoas maiores, con 2 millóns de euros, sempre co obxectivo de responder ás novas demandas, que son as

novas demandas dunha sociedade que avanza. Por outra banda, convocaremos axudas para a adquisición de vivendas en concellos de menos de 5.000 habitantes para menores de 35 anos, cumprindo así un dobre obxectivo. Por un lado, que os concellos de menos habitantes poidan seguir con vida e, por outro lado, para que aos xoves, que é un colectivo vulnerable á hora da adquisición dunha vivenda, poidamos facilitarlles a vida para adquirir as mesmas. Neste sentido, imos destinar 800.000 euros no ano 2019.

Consideramos que a promoción de solo residencial para vivendas protexidas, tanto de promoción privada como pública, é fundamental para atender á demanda deste tipo de vivendas tamén nas grandes cidades. Nesta liña dispoñemos a través de Xestur de solo urbanizable en Ferrol, Lugo e Pontevedra e estamos a actuar no Parque Ofimático da Coruña, onde, xunto aos 5 millóns que adxudicamos neste ano 2018, dispoñemos de 3,5 millóns máis para o ano 2019. No que corresponde ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, continuaremos coa ampliación de San Paio de Navia en Vigo, á que no 2019 destinaremos 6 millóns de euros.

Pero non só apostamos pola vivenda nova, senón que seguiremos rehabilitando vivendas baleiras nos cascos históricos. Esta aposta pola rehabilitación reflíctese nos orzamentos do ano 2019 e faise con 36 millóns de euros. Isto supón un incremento do 9 % con respecto ao ano 2018, pero se analizásemos os últimos dous anos, o incremento é dun 20 %. Nesta liña de actuación destaca especialmente o Plan Rexurbe que ten unha dotación de 7,3 millóns de euros.

Efectivamente, a xente aposta polo alugamento. Son novas tendencias e son indicadores en función, efectivamente, da crise ou simplemente porque muda a tendencia. Por iso apostamos polo fomento do alugamento como unha fórmula eficaz de acceso a un fogar, especialmente coa mobilización de ducias, de miles, de fogares e vivendas que continúan desocupadas na nosa comunidade. E aí, por suposto, tendémoslles a man a todos eses concellos onde vostedes gobernan e onde tiveron oportunidade de converter en realidade todo aquilo que dicían, pero atopámonos con que non se fixo absolutamente nada. ¡Claro!, é que non se pode vivir sempre de titulares, xa pasaron preto de tres anos e, ao final, nin unha soa, a única cidade que se adheriu foi Santiago, e para iso nin sequera se puxo a traballar.

Seguimos falando do orzamento do Instituto Galego da Vivenda e Solo para o 2019, que prevé 7,2 millóns de euros para alugueiros, incrementando o orzamento un 38 %, pero vexo que a vostedes non lles gusta falar de datos e do orzamento, gústalles dicir que hai problemas. Efectivamente hai problemas, pero, cando os hai, aí está a Xunta de Galicia, trátase de fin de semana ou en calquera momento.

Ademais, destinaremos máis de 1,6 millóns de euros ao mantemento do parque público de vivendas en alugamento. Así mesmo, articularemos axudas a promotores, concellos ou cooperativas para a construción de vivendas en alugamento cunha obriga de destino aos 25 anos; un programa no cal o investimento para o ano 2019 vai ser de 2,3 millóns de euros.

Coincidirá comigo en que a tendencia actual pasa por centrar os esforzos na mobilización de vivendas baleiras para poñelas no mercado a prezo limitado, ou polo menos iso é o que pactaron vostedes en Madrid co actual Goberno, non sabemos se ao final isto vai saír adiante ou non. O que si sabemos é que en Galicia, grazas a que hai estabilidade, vai saír para adiante.

Faise en Galicia, estase propoñendo por parte do Goberno central e, por suposto, os indicadores dinnos que imos por bo camiño. Polo tanto, hai algo no que coincidimos, na mobilización das vivendas baleiras, e para iso témonos que poñer todos a traballar.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Por suposto, tamén nos centramos nos máis desfavorecidos, naquelas persoas que por un ou outro motivo se poden atopar en situacións como o caso de Vigo, e, efectivamente, dáse-lles unha solución. A solución máis rápida posible pero tamén a máis factible, e dentro dunhas ordes que son as que ten a Consellería e as que quita adiante a Xunta de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Vázquez.

Na rolda de réplica tan a palabra o señor Sánchez García.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Enténdanme ben porque pode que estean moi susceptibles. Nin quero chamarlles porcos nin eu tiro margaritas, pero intentar ter un debate honesto de vivenda con vostedes é como tirarlles margaritas aos porcos. Porque ao que veu vostede unha vez máis aquí é a non falar en serio deste tema e a desviar o debate. Volveu insistir no mantra dos concellos, ¡xa está ben!

Mire, vostede di que o que lle pasa a esta señora, se o concello de Vigo se adherise ao programa de vivendas baleiras, non pasaría e tería unha vivenda en Vigo. ¿Como pode mentir así? ¿Como pode mentir así, se neste programa se adheriron cincuenta e tres concellos e só se puxeron á disposición do programa dezaseis vivendas? ¡Só dezaseis vivendas en todo o país! Deberíalle de caer a cara de vergonza de vir aquí, aínda encima, a exixir con ese programa.

Vostede, se fose honesta, viría aquí e diría por que motivos só se puxeron dezaseis vivendas neste programa. ¿Por que? *(Aplausos.)* ¿Por que? Pero vostede non vai vir aquí dicir isto, *[vai vir aquí botar merda nos demais]* *(Palabras retiradas polo señor Sánchez García.)* para non asumir a súa responsabilidade. Iso é o que vai facer vostede aquí.

Mire, vostede dixo: o que se pode facer aquí... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Module vostede a súa actitude e fale en serio dunha vez por todas. Vostede dixo que a solución que lle deu a esta señora, que é darlle unha vivenda a 130 quilómetros, era a que se pode facer dentro das ordes que hai actualmente aprobadas. Pois iso é do que lle estamos falando, de que as ordes actualmente aprobadas non serven para darlle unha solución a esta señora, e o parque público que hai hoxe en día en Galicia non serve para darlle unha solución a xente como esta señora. Iso é o que estamos dicindo.

Cando unha administración como a Xunta de Galicia lle dá como alternativa irse a 130 quilómetros, de Vigo a Vila de Cruces, é que algo non funciona. E vostede debería de ter polo menos a humildade de vir aquí e recoñecelo. ¡Xa está ben!

Vostede sacou outra vez o tema dos orzamentos. Mire, en 2010 —xa non lle poño o do 2009—, nos orzamentos do 2010, ¿sabe canto significaban os orzamentos de vivenda en relación coa riqueza deste país, co PIB? O 0,29 % do PIB. E coa súa suba —tan cacarexada hoxe— van significar o 0,13 %. Vostede dixo textualmente: o esforzo está reflectido nos orzamentos. Pois, evidentemente, o seu esforzo en vivenda está reflectido nesta baixada do peso das funcións de vivenda nos seus orzamentos. A vostedes impórtalles un nabo (*Aplausos.*) a xente. Impórtalles un nabo porque están mantendo as mesmas políticas que botaron á xente das súas casas.

Vostede fala dos concellos. Cando máis desafiuzamentos houbo en Galicia foi cando gobernaba no Estado, na Xunta e nas principais cidades galegas o Partido Popular. Mire as cifras e as estatísticas e verá que aí foi cando houbo máis desafiuzamentos.

Vostede evita falar das súas responsabilidades igual que evita falar de por que se paralizou a construción de vivenda de protección oficial, debido, fundamentalmente, á aprobación da súa lei. Pasouse de construír, no 2010, 2.900 vivendas de protección oficial, a 4 en 2016 e a 12 en 2017. E agora prométenos, como gran promesa para reverter esta situación, unhas duascenas e pouco vivendas.

No ano 2017, en Navarra, que aínda non chega a 600.000 habitantes, iniciáronse 192, e está na media estatal de construción de vivenda de protección oficial. Vostede estame falando dunhas cifras que producen risa, e así é a realidade, señora conselleira. Se quere falar en serio algunha vez e non tomarlle o pelo á xente, fágao, pero o que está facendo aquí é faltarlle ao respecto a toda esa xente que está sufrindo un dos peores dramas que pode pasar unha persoa, que é que o boten da súa vivenda cos seus fillos, e iso está pasando a diario neste país. E está pasando a diario porque as súas políticas buscan favorecer os bancos, como vimos onte coa sentenza do Tribunal Supremo.

Neste país a nivel lexislativo, a nivel executivo e a nivel xudicial amparouse a banca fronte aos dereitos das persoas. E aquí non importou, cando a xente se ía, que neste país fosen á rúa seis familias cada día mentres se estaban metendo miles de millóns de euros nos bancos, ¿verdade? ¡E non pasou nada! E vostedes só actuaron cando tiña custo electoral, e ademais poñendo medidas cosméticas e parches.

Entón, fale e diga: ¿está disposta a aumentar o parque público de vivenda de Galicia dun xeito significativo, para que poida servir para regular o mercado e para que poida servir para darlle solución a moita xente que ten traballos precarios e que, desgraciadamente, ten salarios baixos? ¿Está disposto a apoiar o Partido Popular no Estado o aumento da estabilidade dos arrendatarios na vivenda cunha reforma da Lei de arrendamentos urbanos? ¿Está disposto a apoiar o Partido Popular que se cobren recargos ás vivendas baleiras para axudar, efectivamente, con políticas fiscais á mobilización de vivenda baleira? Porque neste país, señora conselleira, grazas ao bloqueo do Partido Popular, ter unha vivenda baleira para especular é tan barato como ter unha vivenda posta en alugamento, e esa é unha das claves polas que o seu programa non funciona, porque vostedes tampouco queren que funcione. Porque aquí quen fai as políticas de vivenda, desgraciadamente, segue sendo a banca e fondos voitre como Cerberus, e non as institucións públicas, que son as que deberían de facelas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Sánchez.

Señor Sánchez, eu agradézolle a explicación que deu ao principio e non teño nada que dicir. O de botar merda, se lle parece, borramoslo tamén da acta. Dixo vostede que se viña aquí a botar merda. Creo que é unha expresión que sobra e, se lle parece ben... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pode vostede substituír ese adxectivo por outro, supoño que non terá ningún problema. Polo decoro da Cámara.

Moitas grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, señor presidente.

Señor Sánchez, se cre vostede que por berrar ou utilizar certas palabras a xente o vai ter máis en conta a vostede ou ao seu grupo... ¡os galegos e as galegas son bastante máis intelixentes! A seriedade da Xunta de Galicia está máis que demostrada, e demostralla aos cidadáns en cada convocatoria electoral que existe, por iso apoian maioritariamente o Partido Popular.

Non utilice vostede a ninguén, por favor. Non berre sobre ninguén. A Xunta de Galicia está para amparar, e vostedes —dígollelo unha vez máis— teñen a oportunidade de demostrar que serven para algo máis que para falar pero resulta que non o están facendo.

Póñolle un exemplo de grande interese, que é o caso da Coruña. ¿Que están facendo vostedes agora mesmo? ¿Por que están paralizados? ¿Por que o Instituto Galego da Vivenda e Solo tivo que agardar ata o mes de agosto para facer as adxudicacións pertinentes? ¿Por que levamos tempo e tempo? Porque hai administracións que non cumpren os seus deberes, e ese é o Concello da Coruña. Empecen a demostrar que serven para facer políticas sociais e non simplemente para falar desas políticas sociais. En canto a honestidade, créame que hai xente que ten que volver nacer para ser igual de honestos que outros. (*Aplausos.*)

Dito isto, direilles que no ano 2019 non imos esquecer o noso compromiso de ofrecer axuda a todos os afectados por desafiuzamentos, xa sexa a través de non pagamentos de alugueiro ou de hipoteca. Contamos con doce medidas que continuaremos aplicando o tempo que sexa preciso e destinaremos no ano 2019 2,6 millóns de euros.

Por un lado está o Programa Realoxo. Eu entendo que non o queren escoitar porque non queren velo, pero esa é a realidade. É o Programa Realoxo de afectados para execucións hipotecarias, que garante unha vivenda ao cen por cento dos solicitantes que cumpran os requisitos, e que se continuará facendo coas mesmas garantías de futuro.

No caso de non pagamento de alugueiro contamos co Bono de Alugueiro Social. Consiste nunha axuda de 200 euros mensuais durante doce meses, prorrogables outros doce meses,

e unha axuda única de 600 euros para facer fronte aos pagos atrasados ou aos gastos de formalización dun novo contrato.

Alégrome de que vostede o saiba, pero teno que saber tamén o resto da sociedade. Sobre todo porque vostede di que non hai absolutamente nada e que non hai ningún tipo de sensibilidade. No ano 2019 este bono contará con 2,2 millóns de euros, o que supón o dobre de contía coa que se creou este programa no ano 2015.

Para facilitar aínda máis o acceso á vivenda, incluímos unha nova medida dentro do paquete das rebaixas fiscais incluídas nos orzamentos do ano 2019. Baixaremos do 8 % ao 7 % o imposto sobre transmisións patrimoniais na adquisición dunha vivenda usada para uso habitual. Un descenso que aínda será máis forte, do 4 % ao 3 %, para tres colectivos específicos: familias numerosas, persoas con discapacidade e menores de 36 anos. Grazas a elas, uns dez mil galegos ao ano pagarán menos impostos ao comprar unha vivenda deste tipo. Iso supón unha rebaixa de ingresos para a Xunta de 8 millóns de euros, e iso é no que nos imos centrar, señor Sánchez. Galicia convértese deste xeito nunha das comunidades con menor tributación neste eido.

Sei que non podemos coincidir, é imposible que coincidamos, por un lado, por como vostedes xestionan. Porque se ao final o resultado é que nalgunha cidade mercamos pisos a amigos e despois os tribunais o que nos din é que os devolvamos, por esa liña é pola que non vai a Xunta de Galicia. Tampouco imos pola vía de que se poida comer tres veces ao día, como din algúns. Precisamos que se coma máis veces ao día. *(Aplausos.)*

É algo que a vostedes non lles gusta escoitar, pero esa é a realidade. Polo tanto, non nos serven as políticas que fan as Mareas en relación coas vivendas e en relación cos alugamentos. Si que lle serven á sociedade as políticas da Xunta de Galicia, e iso fai que poñamos sobre a mesa distintos plans aos cales se poden adherir, plans que levaban tamén no seu programa electoral e que non foron capaces vostedes de poñer en marcha, pero que si os puxo a Xunta de Galicia.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Polo tanto, señor Sánchez, en definitiva, mudamos as políticas porque muda a sociedade e apostamos polo benestar dos galegos e as galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moita grazas, señora conselleira.

**Interpelación de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa Rede galega de atención temperá**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Blanco Rodríguez.



**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Señora conselleira, interpelámola hoxe por un tema que nos preocupa moito ao PSdeG: a atención que ten que prestar o Goberno galego aos nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento ou risco de padecelo, iso que se coñece na xerga de política social como «atención temperá». Para aqueles ou aquelas que non teñan coñecemento este é un termo moi descoñecido; soamente o coñecen aqueles que se adican a este eido e tamén, por desgraza, aquelas familias que se ven abocadas a botar man dela. Son aquelas intervencións que se levan a cabo en nenos e nenas de entre cero e seis anos —non soamente neles e nelas, senón na súa familia e no seu contorno—, encamiñadas a dar respostas a esas necesidades especiais para mellorar a súa autonomía persoal e a súa inclusión social, e tamén neses itinerarios máis adversos que se viron incrementados nestes anos de crise —de pobreza severa—, de crise familiar —nesa crise que hai tamén de estilos de crianza na actualidade— e neses nichos onde se perpetúa a desigualdade, o desequilibrio emocional e o fracaso escolar, laboral e persoal, que ten unha grave repercusión na futura vida destas persoas.

Un servizo que se está prestando na nosa comunidade autónoma na actualidade e que, debido á súa situación actual —á fragmentación, á descoordinación, á falta de equidade territorial— e, sobre todo e fundamentalmente, a ese raquítrico orzamento que adica o Goberno galego, nos sitúa practicamente como *farolillo* vermello en atención a estes nenos e nenas en toda España.

Non só somos a segunda comunidade despois de Canarias con menor investimento de toda España; somos a que peor inviste, das que menos cobertura ofrece —o dezaioito por cento— e das que peor paga o traballo destas profesionais, que está altamente recoñecido —di a conselleira—: menos de vinte euros á hora. Eu recoméndolle, señora conselleira, que fale con estas profesionais sobrecargadas de traballo, como lle direi ao longo da miña intervención.

Segundo estes datos, para aproximarse á media estatal Galicia necesitaría investir arredor de seis ou sete millóns de euros anuais. O que vén reflectido nos orzamentos do ano 2019 é un total de 1,9 millóns de euros; é dicir, iso sería tres veces máis do que se vai investir. Estase a incrementar esa distancia entre Galicia e o resto das comunidades autónomas. Houbo outras autonomías que entenderon a necesidade de facer un investimento forte nesta materia, e pónolle un exemplo: a Comunidade Autónoma de Aragón, coa metade de poboación infantil que Galicia, inviste tres veces máis en atención temperá.

¿Considera vostede que é suficiente este orzamento? (*A señora Blanco Rodríguez amósalles un documento aos membros da Cámara.*) Este é o gráfico: aquí estamos nós e aquí está o resto das comunidades autónomas. ¿Considera que isto é suficiente para dar unha atención de calidade a estes nenos e nenas?

Ademais, esta rede existe soamente no papel, a través dese decreto do ano 2013, dese protocolo de coordinación. Hai que lembrar que estes equipos ou ben se xestionan a través dos concellos, das propias mancomunidades, ou tamén da Asociación Galega de Atención Temperá.

Debera existir unha coordinación entre o ámbito educativo, o sanitario e o social, pero o certo é que hai unha tremenda descoordinación, unha falla de complementariedade nas actuacións. Non hai un único modelo de intervención e isto leva a que as familias estean perdidas e a que anden de peregrinación por non ter un centro de referencia.

¿Quen xestiona estes servizos? Os últimos seis que se puxeron en marcha foron subvencionados durante dous meses, do 1 de setembro ao 31 de outubro. O resto, os concellos e as mancomunidades con subvencións periódicas, con concellos facendo verdadeiros equilibrios orzamentarios para poder pagar a estas persoas, posto que as axudas e eses cartos chegan a posteriori de facer as contratacións, con condicións absurdas de xustificación de gasto que levan tamén a unha excesiva burocratización deste servizo, porque non existe ese software que ten que haber para xestionar este servizo tan complexo. O que lle quero preguntar é que é o que vai facer para solucionar esta excesiva burocratización e os problemas que hai.

Das ordes que se levan publicado para os concellos, a primeira foi unilateral e completamente hiperburocrática; ademais, houbo moitos concellos que xa directamente tiraron a toalla e nin se presentaron. A segunda orde, a do 2018 —como nos teñen acostumados, en período preelectoral—, ademais de unilateral, foi unha auténtica verbena, señora conselleira, para facer clientelismo, creando e xerando unidades onde non era necesario, mentres hai outras que están sobrecargadas de traballo.

E diciamos tamén que se pode facer a través do convenio renovable anualmente coa propia Asociación Galega de Atención Temperá, que xestiona outras tres unidades.

Hai unha falla de equilibrio territorial, non hai unha planificación e adícase o mesmo número de profesionais para comarcas que teñen dez mil habitantes e para outras que teñen cen mil. Hai, polo tanto, algunhas que non teñen ningún medio, outras que teñen exceso e outras que teñen unha tremenda sobrecarga de traballo, o que leva a que haxa, nalgúns destes casos, unha listaxe superior aos cincuenta días, cando o estándar internacional —e por iso se chama atención «temperá», porque se supón que é canto antes— é de trinta días como máximo.

Póñolle un exemplo. Na rede hai unidades con tres profesionais: no Salnés, para atender douscentos cincuenta e sete nenos, e en Antas de Ulla, para atender catro nenos e nenas. Dígame se a vostede isto lle parece xusto, se lle parece que se están racionalizando os propios recursos públicos.

Estas carencias orzamentarias e normativas, ademais, teñen o reflexo nesta escasa extensión da rede. Trinta anos despois de que se creara a primeira —no ano 1987 na Pobra—, de trescentos trece concellos hai noventa e dous con este servizo; máis do setenta por cento sen cubrir. *(A señora Blanco Rodríguez amósalles un documento aos membros da Cámara.)* E pódese ver perfectamente, señora conselleira, neste mapa que nos proporcionou tamén a Asociación Galega de Atención Temperá.

Ademais, non hai interlocución sobre o desenvolvemento normativo desta rede. Non sei vostede, agora que acaba de chegar á consellería, pero o seu antecesor, dende logo, non mantivo un diálogo constante e fluído para estendela e atender as reivindicacións destes profesionais.

Non hai transparencia sobre o custo de cada servizo, o número de profesionais e o número de nenos e nenas atendidos. Non hai continuidade nesa Axenda de atención temperá importantísima do 2015 ao 2017, non hai plan de formación nin no 2015 nin no 2016 da propia EGAP, non hai reunións do Consello Autonómico nin da Comisión Técnica. O que hai, señora conselleira, é un auténtico caos e unha auténtica desidia na atención aos nenos con necesidades especiais nesta comunidade autónoma.

Claro, isto ten consecuencias; isto ten gravísimas consecuencias. A primeira é que hai unha tremenda inestabilidade profesional, e voulle poñer un exemplo: no concello de Burela — esa xestión que hai na Mariña lucense — resulta que hai tres profesionais para atender toda a poboación. Hai dúas profesionais que están fixas e hai unha que está descontinua, que depende desas axudas que chegan tarde, cun Concello que ten que facer verdadeiros xogos malabares para poder manter esa contratación. E claro, os equipos mínimos son tres persoas. Se non poden contratar esa logopedista, non hai equipo; se non hai equipo, non hai subvención; se non hai subvención, non hai atención a eses nenos e nenas. ¿Que ten previsto vostede facer para solucionar este problema?

Hai fallas na estabilidade e na formación dos propios equipos, hai limitacións na coordinación cos pediatras e co persoal educativo, nas sinerxías que se teñen que dar entre os propios concellos, e hai moitísimas dificultades para coidar e afondar neses procesos fundamentais de vinculación e de cooperación cos nenos e nenas e coas familias, que iso é o que implica a atención temperá.

Nós hoxe, señora conselleira, o que lle pedimos é, ademais de dar resposta ás preguntas que veñen recollidas nesta iniciativa, que nos conteste a unha a maiores: ¿considera vostede que é suficiente o orzamento que o Goberno galego adicará no ano 2019 para atención temperá, tendo en conta que nos vai seguir situando á cola de España en atención a nenos e nenas con estas necesidades e que nos vai situar moi por debaixo da media de todas as comunidades autónomas?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Blanco.

Ten a palabra a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Moitas grazas, presidente.

Deputadas e deputados.

Señora Blanco, repasando a pregunta que me formularon por escrito e escoitándoa agora a vostede, o certo é que hai algunhas valoracións nas que estamos de acordo, pero a verdade é que tamén hai outras nas que eu non lle podoo dar a razón. Mellor comezar polas que estamos de acordo.

É certo que a atención temperá é un servizo que pode beneficiar de xeito substancial o desenvolvemento das rapazas e rapaces galegos aos que se lles identifica algún tipo de trastorno ou

que están en risco de padecelos. É certo que a atención temperá lles facilita ferramentas para ser máis autónomos e gozar cada vez dunha maior calidade de vida cando se fagan maiores. É certo que a Xunta de Galicia debe apostar por este modelo de identificación do tratamento precoz dos posibles trastornos no desenvolvemento. E é certo —e xa o avanzo para que vostede o teña en conta na súa réplica— que aínda seguimos tendo moita marxe de mellora.

De todos modos, señora Blanco, quen non estea familiarizado coa atención á discapacidade e escoite hoxe a súa intervención pode caer na idea errónea de que a atención temperá en Galicia non está a vivir o maior avance da súa historia. E sería realmente unha pena que hoxe quedasen sen recoñecer os importantes progresos que estamos a facer neste campo. E cando digo «estamos» non me refiro única e exclusivamente á Xunta de Galicia, porque nesta aposta pola atención temperá hai moitos actores que merecen hoxe un recoñecemento.

Falo dos excelentes profesionais que traballan nas unidades de atención temperá de toda Galicia, tanto os dos hospitais como os que integran a Rede galega de atención temperá. Falo da Asociación Galega de Atención Temperá, cuxo esforzo por reclamar un maior compromiso por parte de todos é digno de recoñecemento, de mención, e está a producir cada día os seus froitos. E falo tamén, por suposto, dos concellos galegos, que maioritariamente se están implicando na mellora da atención dos nenos e nenas de cero a seis anos con algún trastorno no desenvolvemento ou que están en risco de padecelos.

Grazas á implicación e ao traballo de todos, a situación da atención temperá en Galicia ten hoxe moi pouco que ver co que había no ano 2009. Porque hai nove anos —e deixando á parte as unidades que había e que segue habendo nos hospitais— este servizo estaba tan só ao alcance da veciñanza de quince concellos en toda Galicia, que son os das comarcas do Salnés e do Deza.

Hoxe o panorama en Galicia cambiou moito e cambiou para mellor, xa que o número de concellos beneficiados se multiplicou por seis, e hoxe son máis de noventa os concellos que dispoñen dun servizo de atención temperá. Estas unidades atenderon ao longo do pasado ano máis de oitocentos oitenta nenos e nenas.

Por iso, cando falamos de atención temperá en Galicia é necesario tamén pensar nas familias de Ribadeo, nas familias de Vilardevós ou nas familias de Ribeira, que antes tiñan que percorrer moitos quilómetros para acudir á unidade de referencia do seu hospital, e que agora teñen un recurso de atención a moi poucos minutos do seu propio domicilio.

Señorías, considero que non sería honesto facer un diagnóstico da situación sen referirnos sempre ao punto de partida, e neste caso partiamos dunha situación na que a oferta de atención temperá en Galicia era francamente mellorable. Para poñer remedio a esta situación, hai cinco anos a Xunta de Galicia aprobou o decreto de creación da Rede galega de atención temperá, coa vocación de prestar un servizo interdisciplinar, un servizo continuado e un servizo flexible.

Para que a atención temperá funcione dun xeito óptimo é necesario que estea situada o máis preto posible dos seus potenciais usuarios. Por iso, neste decreto recoñécese que o ámbito

no que é máis eficaz a atención temperá é o ámbito municipal, tanto pola súa proximidade como polo coñecemento da situación específica da poboación. Isto non significa, por suposto, que a Xunta de Galicia desatenda o seu compromiso e a súa implicación coa atención temperá e coas persoas que poden padecer un trastorno no desenvolvemento, senón que no ano 2016 lanzamos unha orde pioneira para axudar os concellos galegos a financiar unidades de atención temperá. Esta iniciativa supuxo, entre o ano 2016 e o ano 2017, máis de 1,1 millóns de euros para poñer a disposición dos concellos galegos seis unidades de atención temperá. E, á vista da boa acollida que tivo esta orde e do compromiso que demostraron moitos concellos, este ano incrementouse a dotación da orde de axudas un trece por cento, coa que conseguimos financiar o funcionamento de seis novas unidades e puxéronse en marcha outras sete unidades. Ademais, cómpre ter en conta que a Xunta de Galicia está a financiar tamén, a través dun convenio de colaboración, tres unidades que ten a Asociación Galega da Atención Temperá nas comarcas do Deza, do Salnés e de Bergantiños.

En definitiva, señorías, cinco anos despois da creación da Rede galega de atención temperá existen dezaseis unidades que dan servizo a noventa e dous concellos en toda Galicia, seis veces máis que no ano 2009. ¿Pero significa iso que xa está todo feito e que non temos nada máis que facer? Pois por suposto que non. Por iso, no Proxecto de orzamentos, que xa está á disposición deste parlamento, a Orde de axudas para financiar as unidades de atención temperá dos concellos galegos vaise incrementar en máis dun dezasete por cento, ata chegar a 1,9 millóns de euros. Con este incremento vanse consolidar as dezaseis unidades que xa existen e vanse poñer en marcha no ano 2019 cinco novas unidades.

Deste xeito, señorías, Galicia logra dous importantes obxectivos: por unha banda, dar seguridade ás unidades de atención temperá xa existentes e, por outro lado, ir incrementando progresivamente o alcance da Rede galega de atención temperá. Porque estamos máis comprometidos ca nunca coas familias que teñen un neno ou unha nena con trastornos no desenvolvemento ou que están en risco de padecerlos, porque estamos máis comprometidos ca nunca coa atención á discapacidade. Por iso, dende o ano 2009 incrementouse nun cincuenta e oito por cento o orzamento destinado ás persoas con distintas capacidades. Dende o 2009 creáronse máis de mil cen prazas públicas de atención á discapacidade. E en 2019 dedicaremos a este colectivo tres millóns de euros máis, que servirán non só para consolidar as prazas existentes, senón para crear novas prazas públicas, e tamén para a apertura do centro ocupacional Infanta Elena, en Monforte de Lemos, que contará con trinta prazas ocupacionais e dez prazas residenciais.

En definitiva, señorías, Galicia é hoxe unha comunidade máis acolledora coas persoas con diferentes capacidades, dende os primeiros anos da súa vida ata cando se vaian facendo maiores. Dende logo, hai que recoñecer que aínda queda traballo por facer, aínda quedan barreiras que derrubar, pero, co compromiso de todos e coa implicación plena da Xunta de Galicia e do conxunto da sociedade, non me cabe dúbida de que o conseguiremos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Para a rolda de réplica ten a palabra a señora Blanco Rodríguez.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Ben, igual que ocorre, señora conselleira, con todos os empregados e empregadas públicas: moi boas palabras e moi pouco orzamento. Para a Asociación Galega de Atención Temperá nós temos todo o respecto; o que nos gustaría é que o Goberno galego tivera todo o orzamento dispoñible tamén para iso. (*Aplausos.*) Porque, asumindo ese tratamento de máis do corenta por cento dos nenos e nenas con capacidades especiais, resulta que reciben pouco máis do dezaseis por cento do orzamento. Entón, as boas palabras, moi ben, pero estou convencida de que tamén lles gustaría ter máis investimento.

Mire: vostede veu aquí como se descubriran a pólvora, permítame que llo diga con todo o respecto. Eu xa lle dixen que a primeira unidade se montou hai máis de trinta anos. Veñen falando de que se fixeron un montón... Ben, pois resulta que, das dezaseis unidades que hai, once levan en marcha desde antes do 2016 —non me mire así—: a do Salnés, a de Bergantiños, a da Pobra, a da Mariña lucense, a de Ordes, a de Outes, a do Deza, a de Cangas... Non teño tempo para ler as once, pero seguro que ten o cadro vostede tamén. Non dixen que tamén se desmantelaron outras tantas: a das Pontes, a de Santa Comba, a do Rosal... Non descubriu nada.

A min explicárame vostede como vai poñer en marcha cinco unidades novas con trescentos mil euros máis. A media por unidade para que non sexan *low cost* é de aproximadamente cento vinte e cinco mil euros, co cal, ¿que tipo de unidades vai crear vostede? Unidades de baixo custo e unidades simplemente —como lle dicía na miña primeira intervención— para facer electoralismo ás portas da campaña electoral.

E fala vostede —e quero facer un inciso aquí— do Infanta Elena e —non sei se o mencionou tamén— do Procap de Ourense. A ver, señora conselleira, é certo que a revenda política non é delito, pero é que chega un momento en que é cansino escoitar ano tras ano os mesmos proxectos e as mesmas promesas electorais que se levan repetindo dende hai oito anos. Entón, está ben que o fagan, que o fagan dunha vez por todas, pero é que no caso do Procap non hai nin unha soa pedra posta ata o de agora.

Mire: onte dicía un deputado do Partido Popular nesta cámara —e voulle facer caso hoxe— que hai que ter un espello no que mirarse, que hai que poñer exemplos propios. E eu quero poñer exemplos propios.

Castela-A Mancha, cunha poboación de nenos menores de seis anos moi semellante á galega: mentres a Xunta de Galicia inviste catorce euros —¡catorce euros, señora conselleira!— por neno e nena, Castela-A Mancha, sesenta e oito euros por neno e nena —case cinco veces máis—. En Castela-A Mancha teñen cincuenta e catro centros, nós temos dezaseis. E están preparando xa unha lei de universalización da atención temperá que vai ser a vangarda de España.

En Andalucía... Ben, pois en Andalucía é curioso, porque é a que máis inviste de toda España: 28,8 millóns de euros, fronte aos 1,9 millóns de euros que van investir vostedes. E o seu candidato do Partido Popular en Andalucía, o señor Moreno Bonilla, di que é un xerro de

auga fría... ¡28,8 millóns! Claro, eu non teño o número, pero déronme ganas de poñerme en contacto e preguntarlle: se iso é un xerro de auga fría, unha comunidade autónoma que é a quinta en poboación infantil de nenos de cero a seis anos, pero é a undécima en número de centros de rede e a duodécima en investimento, ¿entón que é? ¡Unha auténtica xeada de recursos públicos! Iso é o que é, señora conselleira. Ben, hai unha falta de diálogo e de concertación para desprezar esa rede, sígollo repetindo.

Dixo vostede tamén —que o teño apuntado por aquí, a ver se o atopo— que están facendo un grandísimo esforzo en atención temperá. Mire: é unha cuestión ideolóxica, eu enténdoo, pero non o miren pola parte social, mírenlo pola parte económica. Di a ecuación de Heckman —ese Premio Nobel— que por cada euro de investimento á atención temperá se aforran un mínimo de oito noutros servizos. Entón, eu píddolle que, se polo menos non o fan polos nenos e polas nenas, o fagan para ter aforro económico.

Ben, e se temos en conta esas previsibles secuelas da pobreza que xerou a crise —desigualdades—, necesitaríamos entre trinta e corenta equipos, o que permitiría que houbera unha rede accesible, próxima e gratuíta, que é o que di o decreto, efectivamente —que foi o que repetiu—, pero que non existe na actualidade. Un sistema de apoio que vén producir enormes retornos moi beneficiosos: retornos persoais, sociais e educativos. Non é unha prestación de beneficencia, señora conselleira, é unha aposta intelixente polo futuro dos nenos e nenas desta comunidade autónoma que nós lle pedimos que poña en marcha, e que, dende logo, impulse dunha maneira decidida.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Peche desta interpelación, conselleira de Política Social.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Grazas, señor presidente.

Deputadas e deputados.

Señora Blanco, vostede compara Galicia con outras comunidades autónomas, e eu doulle a razón en que hai comunidades autónomas que están mellor ca nós porque xa levan moitos máis anos traballando nesta dirección. Nós no ano 2009 atopámonos unha Galicia con cero unidades de atención temperá financiadas entre a Xunta e os concellos, e hoxe son máis de trece —máis as tres que temos en colaboración coa Asociación Galega de Atención Temperá.

En 2018 e 2019 o investimento da Xunta de Galicia na Rede galega de atención temperá está a crecer a un ritmo de dous díxitos: un trece por cento este ano e un dezasete por cento no ano 2019. E píddolle asegurar, señora Blanco, que seguiremos financiando novas unidades, pero, sobre todo, que lles daremos seguridade ás unidades xa existentes.

Vostede fala tamén dos prazos da orde. Aquí, neste parlamento, pódese discutir de todo, e nós estamos dispostos a admitir as críticas, pero tamén a xustificar a nosas decisións. Pero

o que realmente cremos é que este parlamento non merece que se enturbe o debate con imprecisións. A última orde de axudas aos concellos galegos para poñer en marcha unidades de atención temperá cobre doce meses: dende o 1 de novembro de 2017 ao 31 de outubro do ano 2018. Os concellos que puxeron en marcha a súa unidade hai un ano recibiron o total da subvención, e os concellos que puxeron en marcha a unidade de atención temperá máis tarde recibiron a parte proporcional da subvención. Supoño, señora Blanco, que non dirá vostede neste parlamento que a Xunta de Galicia financie unidades de atención temperá que aínda non están abertas, porque iso sería enganar a todos os galegos e a todas as galegas.

A vostede preocúpalle tamén a estabilidade no orzamento, e agradézollo, porque para a Xunta de Galicia esta inquedanza é compartida. Por iso, todas as unidades de atención temperá que están funcionando no día de hoxe e que se presenten á convocatoria do ano que vén —todas, absolutamente todas— terán asegurado o seu financiamento pola Xunta de Galicia.

Se falamos de trámites, quero dicirle que dende o Goberno galego estamos traballando para que, na vindeira convocatoria da orde de axudas aos concellos para crear unidades de atención temperá, se simplifiquen por segunda vez os procedementos e se reduzan as cargas administrativas. Pero tamén cabe recordar aquí que, obviamente, todas as axudas públicas, e especialmente as que contan con financiamento europeo, requiren dun certo esforzo para tramitalas e, sobre todo, para xustificalas. Pero a intención da Xunta de Galicia é que os profesionais das distintas unidades dediquen o máximo tempo posible á atención ás rapazas e aos rapaces que tanto o necesitan, e dediquen o mínimo tempo posible a facer trámites.

Señora Blanco, vostede hoxe veu aquí dicir que non se necesitan unidades de atención temperá nalgúns concellos. Eu, realmente, iso compréndoo, porque cando vostedes gobernaban soamente había quince concellos que estaban cubertos por unidades de atención temperá.

E vostede tamén mencionou o desmantelamento da unidade das Pontes. Mire: o concello das Pontes e a mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol —é dicir, todos os nenos e nenas de cero a seis anos de Ares, de Cabanas, de Cedeira, de Fene, de Ferrol, de Mugar dos, de Narón, de Neda e de Valdoviño— non van ter unidade de atención temperá porque o concello que a lideraba renunciou á subvención unha vez que foi concedida. (*Murmurios.*) E iso é certo, señora Blanco. (*Murmurios.*)

Fala tamén do programa informático. Quero dicir neste parlamento que nas vindeiras semanas a Rede galega de atención temperá contará cunha potente ferramenta informática que reducirá a carga burocrática.

Polo tanto, en resumo, señora Blanco, ten o meu compromiso de que a Xunta de Galicia seguirá mellorando o alcance e os recursos da Rede galega de atención temperá. E o mellor aval de que o Goberno galego vai cumprir coa súa palabra é todo o que leva feito en materia de discapacidade ao longo de todos estes anos: nove anos nos que se incrementou o orzamento un cincuenta e oito por cento, nove anos nos que se crearon máis de mil cen novas prazas públicas de atención á discapacidade e nove anos nos que se multiplicou por seis o número de concellos cubertos polas unidades de atención temperá financiadas pola Consellería de Política Social e pola Xunta de Galicia.



Mire: no ano 2009 vostedes só cubrían quince concellos en toda Galicia, no ano 2018 xa se presta servizo a máis de noventa concellos en toda Galicia. *(A señora García Martínez amósalles dous documentos aos membros da Cámara.)* Señora Blanco, compare: 2009 e 2018. *(Aplausos.)* E seguiremos incrementando os recursos no ano 2019 —un dezasete por cento máis de fondos para a Rede galega de atención temperá—; seguiremos creando novas unidades e prevemos que xa sexan cinco novas no ano 2019, e seguiremos, señora Blanco, sobre todo, ao carón das familias galegas para garantirilles que quen máis o necesita teña os mellores servizos e teña os mellores profesionais para que estes rapaces gañen en autonomía, gañen en calidade de vida e, sobre todo, para gañar en futuro.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Pasamos ao punto 6 da orde do día, preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a solicitude da Fiscalía de Ourense para a citación como imputados de dous cargos da Consellería de Facenda por un presunto delito de acoso inmobiliario**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos coa pregunta de dona Noela Blanco, do Grupo Parlamentario Socialista.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Moi bo día.

Señor conselleiro, cando no ano 1999 o señor Fraga decidiu a extinción das antigas cámaras da propiedade urbana, Lucila, unha veciña de Ourense, levaba trinta e seis anos residindo no edificio onde estaba a sede desta cámara —a partir do ano 1994, a través dun contrato de alugamento dunha renda antiga por unha subrogación tras o falecemento da súa parella—. No ano 2001 comeza un periplo burocrático e legal onde a Xunta de Galicia intentou por todos os medios botar esta persoa do seu piso. O penúltimo capítulo é esa querela presentada polo fiscal xefe de Ourense contra o Goberno galego na persoa de dous cargos: a secretaria xeral da consellería, alto cargo dende o ano 2012, e o subdirector de Patrimonio, aos que solicita imputar —e efectivamente, o xulgado aceptou esa imputación— por un presunto delito de coaccións inmobiliarias a unha muller que está, señor conselleiro, a piques de cumprir noventa e tres anos.

A propia querela di que a situación cambiou dende a chegada, no ano 2012, desta secretaria xeral, e que «se infrinxiron medidas de presión non lexítimas» —estou citando textualmente a querela da Fiscalía—, irregularidades en que os querelados entenderon que a Xunta debía recuperar a plena posesión do edificio e facelo utilizando calquera vía para isto.

Despois de fracasar a intención xudicial por dúas sentenzas da Xunta de Galicia seguiu este presunto acoso. No ano 2018 —neste ano, en xaneiro— pasou algo tan esperpéntico, señor

conselleiro, como que, estando estas persoas residindo nos seus pisos, vostedes sacaron un concurso —que adxudicaron— para a rehabilitación desta cámara para servizos administrativos. En febreiro clausuraron o ascensor deste edificio por deficiencias graves, e Lucila, dende entón, posto que rompeu a cadeira, ten que estar residindo nun hotel.

O peor de todo, señor conselleiro, non soamente é o presunto acoso inmobiliario, que é indignante e vergoñento; o peor é que vostedes saíron inmediatamente, tanto vostede como o presidente da Xunta de Galicia, a defender actuacións que lembran máis as dunha mafia que ocupa pisos que ás dunha administración pública. Aínda máis grave se cabe é esta situación se temos en conta que se trata do presunto acoso a unha persoa maior que está vivindo soa.

Eu quérolle preguntar hoxe, señor conselleiro, se van seguir por esta senda, e querémoslle xa pedir dende aquí, nesta primeira intervención, dende o PSdeG, que cese dunha vez por todas estes dous altos cargos, porque, dende logo, quen ten que ser garante dos dereitos da cidadanía non pode estar agora mesmo presuntamente acosando unha cidadá deste país.

Máis nada e moitas grazas, polo de agora. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Resposta do conselleiro de Facenda.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas, señor presidente.

Señoría, tres cuestións:

A primeira é que quero expoñer que a Xunta, como calquera administración, dispón dunha serie de inmobles que constitúen o seu patrimonio, e que temos a obriga de optimizar e evitar a súa perda. ¿Para quen? Para o conxunto de cidadáns. Neste sentido, o obxectivo do Goberno é velar polo patrimonio público e poñelo ao servizo de todos os cidadáns galegos. Por esta razón —como supoño que coñecerá— temos en marcha en todas as cidades de Galicia un plan patrimonial que ten dous obxectivos fundamentais: o primeiro, recuperar todo o patrimonio público e poñelo ao servizo dos cidadáns; e o segundo, evitar pagar alugueiros, co conseguinte aforro e co conseguinte reinvestimento neses edificios.

A segunda cuestión é explicar as actuacións que estamos levando a cabo na cidade de Ourense. Na liña do xa exposto, recuperamos —como tamén supoño que coñecerá— un inmueble na dita cidade para a Axencia Tributaria de Galicia. Antes pagabamos un alugueiro —alugueiro que deixamos de pagar—; temos un edificio propio, un edificio rehabilitado e prestamos mellores servizos. Pois ben, o que queremos facer co edificio de Concepción Arrenal é exactamente o mesmo. Trátase dun edificio que ata 2015 estivo a pleno funcionamento con servizos —tamén coñecerá— de carácter xudicial que xa non ten, e que neste momento pretendemos rehabilitar para toda a cidadanía de Ourense. Polo tanto, o noso único obxectivo é preservalo, darlle uso para que non se deteriore e non pagar o alugueiro que estamos pagando noutras dependencias.

E a terceira cuestión é aclarar que, se ben é certo que este edificio público ten a singularidade de ter uns inquilinos que pagan unhas rendas baixas, os inquilinos, nestes momentos —segundo me transmiten— contan con todos os servizos agás un: o ascensor, por pezas moi especiais que se están fabricando. Soamente estamos pendentes de determinadas licenzas para telo en servizo. E para facer as obras ofrecémoslles aos inquilinos que en lugar de vivir nese edificio o puidesen facer noutro lugar ao mesmo prezo ou recibir unha indemnización equivalente. O obxectivo non é outro que conciliar os dereitos dos inquilinos co dereito de todos os ourensáns de poder ter un novo edificio.

Señoría, o Goberno galego actuou, actúa e actuará en defensa do interese xeral de todas as galegas e de todos os galegos; neste caso, especialmente, dos cidadáns de Ourense.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Señor conselleiro, o interese xeral é o do dereito á vivenda da cidadanía, non o interese inmobiliario da Xunta de Galicia; iso é o primeiro. E despois, mire: o do ascensor... É que eu teño a querela aquí. O ascensor leva clausurado desde febreiro de 2018 —nove meses— porque lle falta unha peza. Fáltalle unha peza... ¿Que é, de Swarovski? ¿De que é, señor conselleiro, para que, en pleno século XXI, tarde nove meses unha peza dun ascensor? (*Aplausos.*) ¡Home, por favor! Non nos tomen o pelo e non lle tomen o pelo a esta señora maior, que o está pasando mal por estes feitos.

Mire, a propia querela di que o estado do edificio é «lamentable e insalubre», feito constatado ante notario o pasado mes de marzo. Oito meses. O ascensor, xa como di a canción, señor conselleiro: «¿Pa cando?». ¿Para cando o ascensor?

Ben, esta intimidación —di a propia querela— fíxose sen sinalar ningunha contraprestación, indemnización ou solicitude de acordo. Igualmente, non se sinalou o acordo, orde, disposición ou acto administrativo. Nada, non propuxeron absolutamente nada; non o di o PSdeG, dí a propia Fiscalía.

Vólvolle repetir e volvémoslle pedir desde o PSdeG que cese dunha vez por todas estes dous cargos da Xunta de Galicia, e que o faga precisamente polo interese común, o interese xeral —como di vostede— da cidadanía, porque non poden seguir velando polos dereitos dos galegos e das galegas e dos ourensáns e das ourensás —como ben dixo vostede— quen presuntamente os están acosando. E tome tamén as medidas precisas para que estas persoas poidan desfrutar, mentres non se chegue a un acordo, da súa vivenda en condicións de dignidade.

E, señor conselleiro, senten a negociar; non como David contra Goliat, senten con tranquilidade, senten con respecto e fágano, sobre todo, porque neste caso —tanto que presume o

Goberno galego de protexer as persoas maiores— estamos falando, e non o podemos esquecer, dunha persoa de noventa e tres anos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Facenda.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Permítame que lle diga, señoría— como trataba de adiantar a primeira vez—, que somos os primeiros interesados en tratar de aclarar este asunto.

Lamento profundamente tamén algunhas das expresións que vostede utilizou no día de hoxe. Neste parlamento, obviamente, cadaquén fala do que quere, pero o bo que ten é que tamén consta en acta. Non confunda a temperanza e a miña moderación nestes momentos na formulación da pregunta que vostede me fai con ningún símbolo de febleza, por favor. Porque, en esencia, estamos ante o proceder en defensa do interese xeral de dúas persoas moi cualificadas, dous funcionarios que o único que fixeron —volvo repetir— é tratar de xestionar o patrimonio propio e, ao mesmo tempo, conxugar os intereses das persoas que viven nese edificio.

Vólvolle repetir: ofrecémoslles e seguiremos ofrecendo, como non pode ser doutro xeito, un alugueiro equivalente ou unha indemnización, sempre dentro dos parámetros nos que se move a economía pública.

Por outra parte, nós sempre colaboraremos coa xustiza, pero —volvo repetir— o interese deste goberno sempre foi, é e será a defensa do seu patrimonio, conxugando os intereses privados que concorren neste caso, para ter cada vez mellores espazos públicos e modernos á disposición, neste caso, da cidadanía de Ourense. Polo tanto, volvo dicirlles: non detecto nin detectei ningún interese particular no proceder de dous funcionarios nese presunto acoso que vostede acaba de dicir.

Polo tanto, mantemos a tranquilidade, pero non interprete das miñas palabras ningún símbolo de febleza.

E, sen máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o remate da execución do Plan director para o proxecto de saneamento integral do concello de Lalín**

**O señor PRESIDENTE:** Saudamos os alumnos e alumnas de sexto de primaria do centro Mestre Martínez Alonso de Mos. Benvidos ao Parlamento, e tamén os profesores que os acompañan.

Pregunta de dona Patricia Vilán, do Grupo Parlamentario Socialista.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Benvidos estes nenos xa pre-ESO de Mos.

Conselleira, titular de prensa do 30 de setembro de 2017: «Lalín recibe catro millóns e medio de euros do Plan Feder para saneamento». Foi anunciado por Alonso, ex-director de Augas de Galicia, e Crespo informou de que a petición fora xestionada por el.

Titular do 22 de abril de 2018: «O Partido Popular solicita un tanque de tormentas para a EDAR de Lalín con fondos Feder».

Se alguén que non é de Lalín lese estes titulares pensaría que en Lalín goberna o Partido Popular, claramente. Pois non, xa non; era o seu feudo, sempre gobernara, é verdade, pero perdeu a maioría absoluta en 2015 e deixou de gobernar Lalín. E Crespo, ex-alcalde do Partido Popular, ese que informou de que a petición fora xestionada por el, agora é concelleiro, portavoz do Grupo Popular na oposición e senador do Partido Popular. Mais por estes titulares de prensa parece que a relación institucional ou a relación oficial entre Augas de Galicia, que é un ente instrumental, e o Partido Popular é a que predomina. E tanto é así que hai máis ou menos seis meses este portavoz do Partido Popular era recibido polo ex-director de Augas de Galicia, que, por certo, nunca recibiu a concelleira de Medio Ambiente do Goberno de Lalín, pese a que o pediu varias veces.

O tema que trataron o portavoz do Partido Popular e o ex-director de Augas foi, literalmente —dixo Crespo— «a miña moción sobre a mellora do saneamento e depuración en Lalín». Esa moción xa saíra adiante por maioría en 2017 no Concello, pero trataron «a miña moción». O curioso é que este portavoz da oposición persoalmente lle deu conta a Augas de Galicia incluso antes de que o propio Concello remitise esa moción a Augas de Galicia.

E se é paradigmático que se reciba a bombo e platillo —medios de comunicación por diante— un portavoz da oposición cando dende o Goberno estiveron traballando neste asunto, aínda é máis paradigmático que o ex-director de Augas de Galicia dixese que se terá en conta a moción porque «un plan director nunca sobra e fai falla para futuros proxectos como un saneamento integral». E ¡tachán!, o saneamento fora a proposta estrela do último programa para as eleccións municipais do Partido Popular de Lalín.

O certo é que a concelleira de Medio Ambiente levaba meses traballando cos técnicos de Augas de Galicia, os técnicos xa fixeran os proxectos e os pregos hai tempo que estaban listos. O certo é que dende hai máis dun ano o Concello non ten noticia ningunha sobre o estado de execución destes proxectos nin destes pregos nin de nada sobre a obra. As actuacións son catro millóns e medio de euros de fondos Feder —como dicía antes— e hai risco de perdelos

pola pasividade dende a Administración autonómica. E o certo é que o plan de saneamento non figura nas actuacións prioritarias de Augas de Galicia, aínda que existiría a posibilidade de tramitar unha emenda aos orzamentos de 2019 e así incluílo, se fose posible.

A pregunta tena vostede por escrito, é moi clara: ¿cando ten previsto o Goberno rematar a execución do Plan director para o saneamento integral do concello de Lalín?

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Señoría, máis que nada unha aclaración sobre a xuntanza á que fai vostede referencia: a reunión do director de Augas de Galicia e o concelleiro de Lalín foi vinte días despois de ser aprobada esa moción no Pleno e o certo é que, se tanto lle preocupara ao Concello, non tardaría o Concello máis de corenta días en remitir esa moción. Dende logo, iso si é pasividade, e non celeridade e preocupación, porque o Concello de Lalín demorou ata o 8 de xuño a remisión dese acordo plenario. Iso si que é pasividade, señoría.

E temos por costume atender todas as solicitudes, todas as peticións de xuntanza. Pero a min o que me sorprende é que o Partido Socialista, que si que é profesional do uso partidista das institucións... Permítame: o ministro de Fomento recibiu primeiro o secretario xeral do Partido Socialista, Gonzalo Caballero, antes que a conselleira, que lle solicitou cita antes. Iso si que parece que o Partido Socialista quere facer pensar aos galegos que o presidente da Xunta é Gonzalo Caballero, e iso si que é enganar.

Tamén vimos como o PSOE de Redondela anuncia información que vai ir ao Consello de Ministros. (4683)

Dígame vostede se iso non é utilizar de forma partidista as institucións. E tamén vimos o delegado do Goberno visitar as obras do AVE a Galicia —desbloqueadas polo Goberno anterior— sen informar a ninguén. Iso si que é ser profesionais do uso partidista das administracións. *(Aplausos.)*

En calquera caso, unha aclaración: sabe vostede que o saneamento, o alcantarillado e o abastecemento son competencias municipais; de feito, hai pouco xa dicía —e coincidiamos— o deputado que está ao seu carón —a señoría Luis Álvarez— que é unha competencia municipal. Polo tanto, de acordo: entendo que son unha competencia municipal o saneamento, o alcantarillado e a depuración.

O que vimos facendo dende a Xunta de Galicia é axudar a unha competencia municipal, porque non podemos invadir as competencias municipais. Polo tanto, axudamos para intentar

que, de xeito eficaz e eficiente, as competencias que ten un concello as poida realizar mellor, colaborando e traballando. E por iso coincidimos.

Si que houbo visitas dos técnicos de Augas de Galicia. E o sorprendente é que o Concello non tiña ningún coñecemento sobre a súa rede de alcantarillado; un coñecemento practicamente nulo desa extensa rede de douscentos quilómetros que practicamente ten o concello, e que é rede unitaria. A rede unitaria non é separativa e, por ser unitaria, ten eivas importantes —alivios cando chove moito, por exemplo—, un conxunto de eivas e deficiencias que non tiñan nin detectadas nin analizadas. Non tiñan coñecemento da súa rede.

Dende logo, o noso apoio técnico terano, elaborando ese Plan director do saneamento do centro urbano de Lalín. Pero o que me sorprende é que nunha competencia municipal o Concello non teña coñecemento da súa rede e non teña detectados os seus problemas. É a súa competencia, señoría, creo que nese punto básico ten que estar de acordo.

Pola miña parte nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Réplica, señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Claro, conselleira, é que cando vostede di que non se comunican as mocións do Concello de Lalín... Neste parlamento, na Comisión de Medio Ambiente, pero que ten que ver con Infraestruturas, a baixada de velocidade da N-550 foi acordada por todos os grupos parlamentarios. Foi unha proposición non de lei unánime na Comisión, que se remitiu, supostamente —remitiuse dende a Presidencia do Parlamento—, ao Goberno da Xunta de Galicia. Ademais, era o Goberno o que tiña que comunicarllo ao Goberno do Estado, que era a quen se instaba. Dende maio, na Dirección Xeral de Tráfico e no Goberno de España non teñen ningún —ningún!— tipo de notificación por parte do Goberno da Xunta de Galicia, o que quere dicir que, ao mellor, ás veces son necesarios máis de vinte, de corenta e de sesenta días para facer esas comunicacións entre administracións.

Debería vostede ter en conta que o seu propio grupo parlamentario votou a favor desa proposición non de lei. Ao mellor está ben que levante un teléfono e que a mande a Madrid, porque non é ningunha tontería. A vida das persoas está en xogo na N-550. (*Aplausos.*)

O curioso, conselleira, é que vostedes parece que só se acordan de Lalín —acordábanse antes, cando gobernaba o Partido Popular; acórdanse de Crespo para recibilo— para sacar na Televisión de Galicia mentiras respecto do tenente de alcalde; ese parece ser o único interese que teñen vostedes. Agora acórdase vostede de que Lalín non fixera os deberes no seu día. Por certo, gobernaron vostedes sempre, dende a democracia —salvo dende o ano 2015, sempre—, e nunca lles importou nada sobre o saneamento nin sobre como estaban as redes de saneamento en Lalín; importan agora.

Conselleira, os pregos están rematados, o proxecto estaba feito e hai unha necesidade con relación a isto en Lalín. ¿É prioritario para a consellería e para a Xunta de Galicia o saneamento e tamén a depuración —que si que é competencia da súa consellería— ou non? ¿Deixou de ser prioritario? ¿Por que se está demorando agora mesmo se xa estaba todo feito?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** ¿Hai risco de que se perdan esas catro...

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo. Grazas. *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Como dicía, son competencias municipais e, polo tanto, estamos axudando nas competencias municipais. Actualmente quen goberna son os representantes do Goberno actual do Concello de Lalín e, polo tanto, é o Concello actual o que ten que coñecer as necesidades actuais. *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Temos disposición absoluta para asesorar, para traballar e para apoiar nunha competencia —volvo insistir— municipal. Dende logo, como non se coñecen os problemas e non se teñen detectados nin identificados, redactaremos ese plan director para ver o conxunto das necesidades, dado que o actual grupo de goberno carece desa información necesaria, que é responsabilidade do actual grupo de goberno.

Eu creo que está a obviar vostede algunha actuación. Hai vertidos de competencia municipal que subsanou Augas de Galicia —seis puntos de vertidos—. Esquece que, dende logo, hai moitos aspectos mellorables e hai incumprimentos dos sistemas de depuración, e dende Augas de Galicia véñse facendo un control e axuda ás estacións depuradoras de máis de dous mil habitantes equivalentes —xa o sabe vostede—. E dentro dese control e axuda, na inspección que realizamos temos detectados bastantes incumprimentos das depuradoras que actualmente xestiona o Concello de Lalín, e —volvo insistir— é da súa competencia tanto a rede de colectores como os sistemas de depuración.

Polo tanto, ¿que fai o Concello de Lalín cando recada anualmente por taxa de alcantarillado e por taxa de abastecemento oitocentos mil euros ao ano?, ¿onde inviste os oitocentos mil euros ao ano que o Concello de Lalín recada cada ano en concepto destes servizos de saneamento e abastecemento?, pregúntome eu. ¿Onde están? ¿Son finalistas? Eu agardaría que, polo menos, sexa para explotar ben as depuradoras, para ter ben os colectores, pero o certo é que vemos que non se explotan ben as depuradoras, que non están ben os colectores de competencia municipal... Oitocentos mil euros cada ano recadados para este tipo de actuacións, porque é responsabilidade municipal.



En calquera caso, dende a Xunta de Galicia, apoio e compromiso co saneamento e depuración. Estamos ultimando os pregos técnicos dese plan de saneamento local en Lalín para definir esa rede, definir as deficiencias, detectalas e, por suposto, definir as actuacións necesarias para ter un sistema de saneamento mellor e executalas. Pero, partindo da premisa fundamental, é competencia municipal; a colaboración, polo tanto, tamén municipal. E o que traballamos é o que non se fixo ata agora nos últimos anos (*A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.*), onde o actual Goberno ten responsabilidades: coñecer a rede e identificar os problemas que non detectaron vostedes, a pesar de recadar anualmente oitocentos mil euros ao ano.

Pola miña parte nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación coa venda de Itínere**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de don Xosé Luis Bará, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**A señorO señor BARÁ TORRES:** Bo día, señora conselleira. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Risos.*)

Non, se queren xa a damos por substanciada. (*Risos.*) Non sei, supoño que terá algo que dicir sobre este tema, señora conselleira. (*Risos.*) (*A señora Vázquez Mourelle pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Un pequeno despiste. Non hai problema, empezamos outra vez. (*Risos.*) Empeza a contar agora o tempo. Cando queira, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Bo día, señora conselleira.

Desde hai dous anos asistimos —parece que a Xunta de Galiza como convidada de pedra— a unha pelexa encarnizada polo control do Grupo Itínere, que é propietario de Audasa, e, sobre todo, polo control da xoia da coroa, que é a AP-9, que supón máis da metade dos ingresos do grupo e que o ano pasado tivo uns beneficios de corenta e cinco millóns de euros, nada máis e nada menos. Un gran negocio con concesión autorizada polo Partido Popular ata o 2048 con substanciosos ingresos por unhas peaxes absolutamente abusivas, que subiron o corenta e dous por cento nos últimos oito anos e que teñen novas subidas anunciadas xa para os próximos anos.

Ademais, estamos convencidos de que este proceso especulativo de venda está detrás, tamén, do veto do Partido Popular á transferencia da AP-9, porque non se pode mover nada mentres non se resolva esta cuestión.

Estamos ante a loita por un botín apetitoso, no que participan grandes grupos internacionais e fondos especulativos, fondos voitre como Globalvia ou como o grupo holandés APG

en alianza co fondo Corsario. O pasado mes de outubro confirmouse a venda do pouco que quedaba de galego na AP-9 —a parte da banca— por case trescentos millóns de euros. Pasaron tres meses desde o anuncio da oferta de Globalvia e a Xunta non moveu un dedo; a Xunta mirou para outro lado, púxose de perfil e permitiron que os fondos voitre se apropiaran do que quedaba de galego da AP-9.

Claro, vostedes dirán que fixeron o que levan facendo nestes vinte anos, que é protexer os intereses da concesionaria; que defenden a propiedade privada; que defenden e son respetuosos coas leis de libre mercado, coas leis da oferta e a demanda, e que non son partidarios da intervención pública nestas cuestións. A intervención pública só vale para regalarlle cincuenta mil millóns de euros á banca (*Aplausos.*), só vale para dismantelar o sistema financeiro galego —para iso si vale a intervención pública— ou para ditar sentenzas que favorecen os intereses da banca no caso das cláusulas chan ou —como vimos onte— no caso dos impostos sobre as hipotecas.

Con vostedes, señora conselleira, señoras e señores do Partido Popular, a banca e os poderosos sempre gañan e os voitres que rapinan a riqueza galega —como se ve neste caso— sempre gañan. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

O certo é que trae vostede —eu encantada de contestarlle, de verdade, alégrome de poder contestarlle— novamente un asunto que é competencia estatal: a AP-9. E, polo tanto, como vostedes non teñen representación no Congreso, utilizan este parlamento para falar temas do Estado. En calquera caso, encantada de contestarlle. O certo é que é unha maneira —outra vez— de dicir que xestionamos moi ben as estradas autonómicas, ao seu gusto, e que, polo tanto, estamos facéndoo ben, porque novamente traen vostedes unha pregunta de temas do Estado. En calquera caso, o que lle teño que dicir sobre este asunto en concreto: saben perfectamente vostedes que a Xunta foi coherente e foi, dende logo, activa sobre todo o que está a acontecer sobre a AP-9.

O certo é que non teñen vostedes a potestade exclusiva de defensa dos intereses dos galegos en relación coa AP-9, e deberían de sabelo por todo o que fixemos en relación coa AP-9. Defendemos dende a Xunta de Galicia o verdadeiro interese xeral —esta Xunta de Galicia e non a Xunta de Galicia do Bipartito— en relación coa AP-9, como moitas veces dixen aquí e informei aquí. Polo tanto, si que velamos polo interese xeral porque, ademais, é o eixo vertebrador onde vive o sesenta da poboación galega.

Dende logo, gustaríanos coñecer de primeira man, en boca do ministerio, eses movementos de capital en relación coa AP-9, non a través dos medios de comunicación. E por iso, na próxima xuntanza que teremos na Comisión da AP-9 —que conseguimos dende este goberno

para poder falar de primeira man sobre a AP-9 e ter voz na AP-9—, temos na orde do día concretar e falar deste asunto e coñecer os detalles desa operación. En calquera caso, son operacións de capital privado que non autoriza a administración —neste caso, a administración que goberna o Partido Socialista—, operacións que entendemos que non deben e non deberían darse. E así, velaremos para influír na calidade da xestión da AP-9 —que son pregos, normativas e contratos que hai que cumprir— e velaremos pola calidade do servizo, principalmente, porque non sería admisible outra cousa.

A aposta e o traballo da Xunta de Galicia non mudará, señor Bará. Seguimos claramente o seguimento da AP-9 para que teña un servizo de calidade. Seguiremos reclamando a titularidade, porque estamos convencidos de que unha xestión directa, dende logo, velará por un mellor servizo, unha mellor xestión e un mellor funcionamento. E, por iso, seguiremos loitando pola transferencia da AP-9, non votando en contra, como outros que sabe vostede, porque non son os únicos defensores desta autoestrada. Polo tanto, traballo e empuxe na defensa dos intereses dos galegos sobre esta cuestión.

E insisto en que as operacións de capital privado, pasando de mans privadas a mans privadas, non deben afectar na calidade do servizo, non deberían afectar. Vixiaremos por que sexa así, agardando que na próxima Comisión de seguimento da AP-9 nos poidan informar de primeira man, en boca do Ministerio de Fomento, sobre este asunto.

Pola miña parte nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Réplica, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Señora conselleira, acaba de confirmar vostede que non fixeron nada desde que no mes de xullo se anunciou a venda desa parte galega, propiedade da banca, da AP-9. Din agora que llo van preguntar ao Goberno central non se sabe cando, pero é que xa está efectivizada e non fixeron nada.

Claro, vostedes son perfectamente coherentes. Díxoo claramente aquí. Son coherentes defensores da propiedade privada —dalgunha propiedade, sobre todo—, protectores dos intereses dos donos de Audasa. Demostrárono primeiro coa privatización e tamén coa ampliación da concesión. Sendo o señor Feijóo vicepresidente da Xunta e conselleiro de Obras Públicas déronlle a bendición a esa operación, da que se beneficiou tamén unha empresa amiga do Partido Popular implicada na trama Gürtel. E o Partido Popular tamén é protector dos intereses da banca, da venda a prezo de saldo, por mil millóns de euros, despois de recibir nove mil millóns de euros de fondos públicos. Un negocio para o Estado e un festín de beneficios para a banca, que, ademais, tamén nos agasallou cun festín de beneficios de máis de seiscientos millóns de participacións en sectores claves da economía galega, como o enerxético, o mineiro, o naval e o tecnolóxico, que venderon tamén e dos que ingresaron todas estas cantidades. E agora a AP-9, co silencio, coa complicidade e coa pasividade da Xunta de Galiza. Teñen que dicirnos aquí de que lado están. Xa o sabemos, pero díganos claramente: están do lado da banca. Deixen de mirar para outro lado, póñanse á fronte da defensa dos

intereses do país, exerzan como goberno e non como axentes dos especuladores, dos depre-  
dadores e dos corsarios que nos saquean.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Do lado dos galegos, señoría, do lado dos galegos e do interese xeral. (*Aplausos.*) E voulo explicar eu con feitos. A historia está aí, señoría.

En calquera caso —como dicía— é un dos puntos da orde do día da Comisión da AP-9. Di vostede que non sabe cando: o 13 de novembro. O próximo 13 de novembro poderemos falar, na orde do día está este asunto para poder falar co Ministerio de Fomento. Pero máis alá de quen son os accionistas, preocúpanos o servizo, que se preste un servizo de calidade; preocúpanos esta escalada inadmisíbel de prezos das peaxes da AP-9, porque algo que si que realmente nos ten preocupados é esa suba do un por cento acumulativo durante vinte anos que deixou asinada no 2011 o ministro José Blanco.

Eu creo que non están lexitimados para dar leccións sobre a AP-9. Foron os principais opo-  
sitores da AP-9, votaron en contra da transferencia. (*Murmurios.*) Non hai memoria... Es-  
tando no Bipartito bonificaban peaxes, dábanlle cartos á concesionaria para unha peaxe  
estatal, dábanlle cartos dos galegos para unha peaxe do Estado; iso é o que fixeron vostedes.  
E agora tamén falan de rescate, pagar miles e miles de millóns a *tocateja* á concesionaria.  
(*Murmurios.*) Ese é un principio básico da economía: mellor os cartos hoxe que mañá. Estánlle  
facendo un favor vostedes á concesionaria pedindo eses miles de millóns para pagalos a *to-  
cateja*. Eu xa lle digo que nós velaremos polo interese xeral e polos galegos.

Hai dúas formas de traballar, vostedes calaban e pagaban á concesionaria moitos cartos anual-  
mente. ¿E que conseguiu este goberno? Conseguiu máis nun ano que en corenta anos: a Comi-  
sión da AP-9 —si, señoría— para ter voz e voto, para poder opinar e poder defender os galegos  
e tamén para rachar ese convenio ruinoso para Galicia que firmaron vostedes no Bipartito: ca-  
trocentos millóns de euros á concesionaria de forma directa por esa peaxe do Morrazo a Re-  
dondela, catrocentos millóns de euros que rachou este goberno. Unha operación redonda para  
Audasa e ruinoso para Galicia; asinárono vostedes e rachouno este goberno (*Murmurios.*), ¡si,  
si! E o Consello de Estado recoñeceu por escrito —está por escrito, voulo ter que mandar— o  
enriquecemento inxusto de Audasa con ese convenio asinado polo Bipartito, por vostedes.

Polo tanto, en canto ás peaxes, saben que esa subida escalonada foi un Real decreto do mi-  
nistro Pepe Blanco do ano 2011, esa suba acumulativa. E o Partido Socialista hai pouco ben  
dicía que se podía reverter e pagar con fondos dos orzamentos do Estado para que iso non  
se fixera, e o que fan é culminar esa subida escalonada da peaxe, polo tanto, en contra das  
súas propias iniciativas e decisións de hai moi pouco tempo. En calquera caso, nós solicita-  
remos na Comisión a flexibilización. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Debatemos agora, de xeito acumulado, dúas preguntas. Unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Socialista.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á adxudicación dunha praza de docente na Escola de Restauración de Bens Culturais, de Pontevedra, no concurso de traslados de 2016**

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e seis deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á adxudicación dunha praza de docente na Escola de Restauración de Bens Culturais, de Pontevedra, no concurso de traslados de 2016**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e para iso ten a palabra a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día, conselleira.

Preguntámoslle pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que anula a adxudicación dunha praza no concurso xeral de traslados do ano 2016, unha praza que foi adxudicada á cuñada da secretaria xeral de Igualdade, da señora Susana López Abella. E para colocala, ¿que fixo a Xunta de Galiza? Pois crear unha praza á medida desa persoa, unha praza ad hoc, unha praza que nin sequera fora reclamada pola propia Escola Superior de Restauración de Pontevedra. Porque o obxectivo do Goberno galego, o obxectivo da Xunta de Galiza non era atender as demandas do centro, senón garantir un posto de traballo na función pública deste país á cuñada da secretaria xeral de Igualdade.

Para entendernos: unha cacicada. Nepotismo, é dicir, trato de favor a familiares ou amigos, aos que se lles dan cargos ou empregos públicos polo mero feito de selo, sen ter en conta outros méritos.

Di a sentenza —e leo textualmente—: «A praza foi ofertada ad hoc para que a mesma fose adxudicada á mencionada persoa, cando non existe en Galiza esa especialidade. Non é necesaria, nunca se impartiu na escola correspondente e a súa incorporación causa graves trastornos á calidade da docencia e á repartición de materias nos departamentos».

Pero é que a sentenza vai máis alá e sinala que a cuñada da secretaria xeral de Igualdade se integrou de maneira anómala na función pública galega e que con anterioridade xa fora incluída de maneira irregular na listaxe de persoal temporal da Consellería de Educación, da que foi excluída por reclamación das persoas prexudicadas. Pilláronos e, lonxe de rectificar, foron a peor. Non só crearon unha praza ad hoc para ela no ano 2016, senón que intentaran xa colocala no ano 2014. ¡Un escándalo, un escándalo! ¡Unha cacicada absolutamente inadmisibile! (Aplausos.)

Pero é que, ademais, xa advertira no ano 2014 a Valedoría do Pobo do que estaban a facer ante as queixas da CIG, pero nada, vostedes erre que erre. Erre que erre porque o obxectivo da Xunta non era cumprir a lei, senón colocar esta persoa, aínda que para iso fose necesario incorrer nunha ilegalidade, nunha desviación flagrante de poder, como di a sentenza. Unha actuación ilegal, un exemplo —insisto— flagrante de nepotismo e de caciquismo, polo que desde o BNG lle esiximos desde xa que sexan cesadas ou que dimitan as persoas responsables. Por iso lle preguntamos que é o que pensan facer. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Agora ten a palabra polo Grupo Parlamentario Socialista a señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Bo día, señora Pomar.

Antes de nada, permítame que subscriba gran parte da exposición e das verbas pronunciadas pola voceira do BNG. E deseguido, reciba xa de antemán as miñas máis sinceras desculpas. E si, digo desculpas no meu nome e no do resto do meu grupo parlamentario, porque somos uns verdadeiros maleducados.

Porque é precisamente a nosa mala educación a gran culpable de que no día de hoxe non poidamos ver as cousas coa mesma perspectiva que este goberno. Esa mala educación que nos leva a ter a convicción de que os procesos concursais teñen que ser limpos e transparentes, tamén a que nos compromete coa igualdade de oportunidades para todas e para todos e a que nos leva a defender que as prazas da función pública se deben crear e ofertar co fin de atender as necesidades sociais e non para atender o interese dos amigos ou familiares interesados ou interesadas en ocupalas, *(Aplausos.)* como aconteceu neste caso claro de nepotismo cunha familiar da secretaria xeral de Igualdade. Unha mala educación, en definitiva, señora conselleira, que é a reacción a esa outra educación que vostedes confunden co bo goberno e que naturalizou o uso dos tratos de favor no outorgamento de subvencións e a falla de transparencia na adxudicación de postos de traballo, de obras e de contratacións, saltándose, por un lado, todo tipo de comportamento ético e, por outro lado, cometendo ilegalidades, como se demostrou neste caso.

Eu agardo —e dígollo con total franqueza— que vostede, como nova incorporación deste goberno, comparta con este Grupo Socialista cando menos un ápice da nosa mala educación, que lle permita impulsar un novo modo de facer as cousas —con maior transparencia e equidade— e que alonxe da súa consellería esas «torcidas actuacións», expresión que se reflicte nesta sentenza que condena o Goberno galego, neste caso, empanado polo bafo do amiguismo e do enchufismo. Sexa consciente de que forma parte dun Goberno cunha consellería, como é a de Vicepresidencia, da que depende a Secretaría Xeral de Igualdade, e que está, precisamente neste asunto, non empanada, senón anegada de responsabilidades políticas.

Entendo que a de hoxe é para vostede unha terapia de choque para aprender a sobrelevar este tipo de bochornos, máxime cando, neste caso, a nosa pregunta ía dirixida á Consellería de Vicepresidencia, pero o señor Rueda declina unha vez máis a súa responsabilidade e pásalle literalmente o marrón. *(Aplausos.)*

En todo caso, agardamos que poida vostede trasladarnos que tipo de responsabilidades políticas vai asumir a Consellería de Vicepresidencia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza tras a sentenza condenatoria do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na que se anula a praza docente outorgada a unha parente da secretaria xeral de Igualdade.

Nada máis polo momento e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Resposta da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

**A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo):** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Ben, asistimos hoxe a un claro exemplo de como unha mesma sentenza xudicial pode dar lugar a distintas interpretacións sobre a mesma, pero tamén de como, aínda así, hai coincidencia á hora de aproveitar para facer crítica ao Goberno galego sen ter en conta nin todos os feitos nin que o fallo non é firme, xa que contra el cabe recurso.

O BNG ve a sentenza como aval duns feitos probados que son gravísimos xa que, ao seu entender, dá a razón ao sindicato nacionalista CIG-Ensino en todos os pasos dados varios anos atrás para denunciar un caso de nepotismo e de enchufismo.

Pola súa banda, a interpretación do PSdeG céntrase en falar dunha sentenza condenatoria que provocou grande alarma social e que evidencia un procedemento totalmente irregular levado a cabo pola Consellería de Educación para favorecer a incorporación dunha docente que está emparentada cun alto cargo da Xunta de Galicia.

Pero cabe preguntarse: ¿de que falamos realmente hoxe? A recente sentenza de outubro de 2018, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, correspóndese coa resolución dun recurso de apelación fronte a unha sentenza anterior, de marzo de 2018, do Xulgado do Contencioso número 1 de Santiago de Compostela.

A reclamación do sindicato baseábase na impugnación do destino adxudicado no concurso xeral de traslados a unha funcionaria de Artes Plásticas, especialidade de Conservación e Restauración de Documentación Gráfica, na Escola de Restauración de Pontevedra. Para a organización sindical, a dita adxudicación no concurso de traslados realizouse con desviación de poder, e xustifica esta acusación en que a persoa adxudicataria ten relación de parentesco cun alto cargo da Xunta de Galicia, é directora do Mupega e tiña o seu destino definitivo en Asturias.

En relación con este asunto, a anterior sentenza do Xulgado de Santiago inadmitía a reclamación da CIG contra a desestimación dun recurso de reposición contra unha resolución da

Consellería de Educación, pola que se publicaba a adxudicación definitiva de destinos do concurso de traslados de persoal docente. A sentenza do xulgado baseou a non-admisión da apelación na falta de lexitimación activa do sindicato para impugnar a resolución administrativa. O sindicato decidiu, entón, recorrer, e agora o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pronúnciase a favor do mesmo.

Así pois, a actual sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia falla, precisamente, sobre a lexitimación do sindicato para impugnar a resolución administrativa da Consellería de Educación, non tanto sobre o resultado concreto da mesma. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E, contrariamente ao que realizara o Xulgado do Contencioso-Administrativo, o Alto Tribunal galego entende agora que o sindicato si que ostenta lexitimación activa, aínda que tamén admite que o recorrente foi incapaz de acreditar un vínculo especial e concreto entre a defensa xeral dos intereses do persoal docente e o obxecto do preito.

Pese a que non senta doutrina, unha sentenza anterior de outubro do 2016 serve á sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para determinar que o sindicato obtén un beneficio tanxible ao recorrer, xa que depende das súas posturas e da combatividade que mostre a posibilidade de incremento dos seus afiliados, que, en parte, pode vir condicionada polo resultado das impugnacións que promova. A sala basea, pois, neste argumento a existencia da lexitimación activa do sindicato e, ademais, entende que, ao non existir máis afectada que a única aspirante, debe recoñecérselle a esa organización a lexitimidade.

Sobre este concepto de lexitimidade é sobre o que a sentenza fundamenta o novo fallo de estimar o recurso da CIG e de anular os actos administrativos impugnados da praza de funcionaria adxudicada. Así, dá por válidos todos os argumentos e valoracións recollidos no recurso do sindicato.

Pois ben, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional respecta o fallo —insisto, respecta o fallo—, pero sostén que non se actuou con desviación de poder e que as medidas adoptadas, ademais de axustarse ao dereito, tiñan como única finalidade ampliar a oferta de coñecementos que se imparten por especialistas neste centro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Por estes motivos, decidimos recorrer esta sentenza perante o Tribunal Supremo. A decisión de presentar recurso baséase tamén en que a sentenza non se fundamenta no incumprimento ou vulneración de ningún precepto xurídico. Fronte á consideración de que a oferta da praza non se sustentou en criterios pedagóxicos, desde a Administración educativa mantemos que estaba xustificada, tal e como recolle o informe da Subdirección Xeral de Ensinanzas de Réxime Especial, que sinala expresamente que a impartición por docentes de diferentes especialidades redundaría nunha mellor formación do alumnado en todas as especialidades.

Para a Consellería, a afirmación da directora do centro de que a incorporación de profesorado alleo ás especialidades que se imparten produce trastornos na repartición das materias de Conservación e Restauración resulta contraditoria coa realidade, xa que no actual cadro de persoal docente existe profesorado de secundaria en comisión de servizos, polo tanto, alleo a esas especialidades.



Cómpre sinalar que calquera profesor do corpo de Artes Plásticas e Deseño pode impartir, sexa cal sexa a súa especialidade, materias de primeiro e segundo curso. Polo tanto, desde a Consellería rexéitase a impugnación do sindicato CIG, que parece buscar unicamente a preservación de prazas ocupadas por persoal interino ou non especialista fronte a unha docente funcionaria de carreira. Ademais, hai que ter en conta que a relación de parentesco cun alto cargo non pode ser motivo de exclusión nun proceso selectivo a unha praza pública. (*Murmurios.*) Non, señorías, non pode ser. (*Balbordo.*)

Por último, negamos a existencia de ocultación de datos, xa que o mesmo sindicato recorrente declarou...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira. (*A señora Pomar Tojo pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Grazas. Terminou o seu tempo.

Réplica, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Eu non dou crédito, dígollo sinceramente.

Señora conselleira, eu voulle ler directamente o que di a sentenza porque non hai moita interpretación posible: «Estamos ante un claro caso de desviación de poder, unha torcida actuación da Administración tendente a alcanzar unha finalidade contraria ao ordenamento xurídico. Non só se actuou con falta de transparencia, senón que o feito se fixo con manifesto ocultismo, impedindo o acceso da parte actora á información que debe existir en todo o procedemento de selección. Nin sequera os requirimentos da valedora do Pobo permitiron acceder a esa información».

De verdade, é que non hai interpretación posible para facer esa torcida actuación, para ir en contra do disposto na lei, para actuar de maneira absolutamente ilegal. O único obxectivo que tiña a Xunta de Galiza —o único obxectivo, e por iso só hai unha persoa que intentara acceder a esa praza— era colocar esta persoa e, para iso, créase unha praza ad hoc que non pediu nin sequera a dirección da Escola Superior de Restauración.

¿Pero é que sabe o que é máis grave? Que non está pasando só aí. Sabemos —e vostede tamén o sabe, porque hai unha comunicación formal da Dirección da Escola de Arte Dramática— que denunciaron diante da súa consellería que a Inspección Educativa modificou a solicitude que a propia Dirección da ESAD fixera de dúas prazas vacantes no mes de xullo do presente ano. Mesmo chamaron telefonicamente á escola para ameazar e exixir o cumprimento das súas ordes, a pesar de que —igual que acontecía na Escola de Restauración de Pontevedra— non solicitaran esas prazas vacantes. Un proceder —insisto— que lembra moito ao que aconteceu na Escola de Restauración.

Somos moi claras: é absolutamente inadmisíbel, é un exemplo claro de nepotismo e de caciquismo. Exiximos dimisións da Secretaría Xeral de Educación e tamén da secretaria xeral de Igualdade. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Réplica, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Señora Pomar, o malo de darlle moitas voltas á tortilla é que, ás veces, se pode queimar. (*Aplausos.*) Eu entendo o mal momento que debe de estar vostede a pasar, e que a súa resposta se incline máis por confiar no bo proceder e vontade deste goberno e no recurso á sentenza que en recoñecer que as cousas non se fixeron ben.

Eu intúo que talvez nese xerme de mala educación da que antes lle falaba —e que agardo que comparta con nós— vostede si cre que as cousas se poden facer doutro modo, non como nos educou este goberno. E sentenzas coma esta poden e deben ser evitadas por parte da Consellería que agora dirixe, que non volva ser acusada nin condenada por torcidas actuacións.

Por iso non podo evitar preguntarlle tamén polo estado do seu lombo. Porque supoño que nese curso acelerado que recibiría do señor Rueda para sobrelevar os bochornos que vostede herda das actuacións doutros e doutras tamén lle falarían da mochila que lle toca carrexar. E xa se daría conta de que esa mochila vai ben cargada e, polo tanto, o seu lombo vai sufrir, e moito. Porque enténdanos ben: nós sabemos diferenciar entre o que é legal e o que é ético, e este goberno carece moito de ambas as dúas cousas. Favorecer fillos ou fillas con subvencións, adxudicar contratos a familiares directos, deseñar postos de traballo con nomes e apelidos ou outorgar descaradamente subvencións a concellos da mesma cor política son prácticas ilegais. E incluso as que poidan ser e seguir canles legais, sen dúbida distan moito —e vostede sábeo— de ser éticas.

Por iso, eu hoxe pregúntolle, señora conselleira, primeiro, se se sente cómoda co peso da mochila que herdou, e segundo, se non cre que con este caso probado de nepotismo por parte do Goberno galego se abre a oportunidade para liberar de peso esa mochila, depurando as responsabilidades políticas que empanan este caso, incluso coas dimisións dos ou das responsables políticas implicadas que obviaron as diferentes denuncias e incluso as propias recomendacións...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...da Valedoría do Pobo no ano 2015.

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo. Grazas.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche destas preguntas, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

**A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo):** ojo): Grazas, presidente.

Ben, agradezo o seu compadecemento. En todo caso, terei que facer clases de musculatura se tanto peso teño que carrexar.

O que lles quero dicir, señorías, é que desde a Consellería negamos a existencia de ocultación de datos, xa que o mesmo sindicato recorrente declarou a existencia da praza na mesa sectorial que se reúne antes de realizar calquera convocatoria de concurso. Esta foi publicada no DOG do 19 de xaneiro do 2016. E tamén se lle deu resposta ao requirimento de información do Valedor do Pobo, aínda que a Administración reconece a demora na resposta.

Das intervencións que acabamos de escoitar vemos que o seu foco está centrado nunha circunstancia allea ao sistema educativo, como é a relación de parentesco dunha funcionaria cun alto cargo da Xunta. Poñer o foco aquí obriga a facer unha reflexión conxunta: ¿acaso os familiares das persoas que traballan na Xunta, ou nos concellos, ou nas deputacións ou nesta cámara non poden optar nin a un posto de traballo nin a unha praza pública? (*Murmurios.*) ¿Non será que o que hai que garantir é que haxa igualdade de trato para todos os aspirantes? ¿Non será que hai que ter en conta a valía e os méritos á hora de ocupar unha praza? ¿Non será que as prazas deben ofertarse en beneficio do conxunto da cidadanía?

É certo que hai unha sentenza non favorable á Xunta, como antes xa a houbo non favorable ao sindicato, que por iso recorreu. Neste punto é polo que —insistimos: respectando o fallo da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pese á limitada motivación que parece presentar— a Administración educativa sostén que non se actuou con desviación de poder e que as medidas adoptadas tiveron, teñen e terán por finalidade o servizo educativo. As medidas adoptadas neste concurso de traslados fundaméntanse en criterios a prol do sistema educativo. Volvemos ao de sempre: un caso puntual e aínda non firme non pode servir para cuestionar a lexitimidade e a validez das actuacións administrativas da Consellería de Educación.

Desde o respecto á xustiza —insisto: desde o respecto á xustiza— a Administración educativa non pode evitar manifestar a súa sorpresa por que unha sentenza con pronunciamentos tan graves como a imputación da desviación de poder ou o nepotismo non estea fundamentada no incumprimento de ningún precepto xurídico vulnerado. Ao longo de toda a sentenza non existe nin unha soa cita do incumprimento dunha norma xurídica, nin no que se refire ao procedemento de tramitación do concurso nin no que se refire á imposibilidade de adjudicación da praza por unha funcionaria de carreira. ¿Non resulta curioso que pase isto?

Fronte a toda a argumentación da sentenza, a Administración, respectando o fallo —e volvo repetir: respectando o fallo—, debe manifestar que a funcionaria non estaba en excedencia e que, polo tanto, podía concursar á praza; que a Administración entendeu que a oferta desta praza estaba máis que xustificada, tal e como se recolle no informe da Subdirección Xeral de Ensinanzas de Réxime Especial, que expresamente sinala que a impartición por docentes de diferentes especialidades podería reportar unha mellor formación do alumnado en todas elas; que a sentenza non ten en consideración que calquera profesor do corpo de Artes Plásticas e Deseño pode impartir, sexa cal sexa a súa especialidade, materias de primeiro e segundo curso, tal como recolle a normativa en vigor; que tampouco ten en consideración que a impugnación estea baseada no interese de preservar prazas ocupadas por persoal interino

ou que non pertence á especialidade que está a impartir materias comúns; que a sentenza entende que existiu ocultación de datos ao sindicato recorrente, pero que a propia CIG declarou a existencia da praza na mesa sectorial e que, ademais, a praza foi publicada correctamente no DOG.

Ademais, a Administración educativa, na súa defensa dos profesionais que superaron unha oposición, entende que un profesor dunha especialidade determinada obtida por oposición —sexa cal sexa o corpo no que adquiriu a súa condición de funcionario— pode impartir con maior calidade os seus coñecementos que un profesor que nin é do corpo nin é da especialidade.

Señorías, no caso que nos ocupa non se deberían confundir as especialidades que se imparten na Escola de Restauración de Pontevedra coa habilitación que os diferentes profesores teñen para impartir as distintas materias ofertadas. Así, como criterio no sistema de provisión de prazas para garantir un mellor ensino aos alumnos e alumnas, a resolución da Consellería baseouse na premisa de que debe prevalecer un aspirante con categoría de funcionario e especialidade concreta e habilitada para impartir unha materia sobre a condición de docentes interinos ou profesores de ensino secundario sen especialidade de Artes e Deseño.

Así pois, lanzo a seguinte reflexión ou a seguinte pregunta: ¿resulta desviación de poder pensar que unha profesora especialista e acreditada mediante oposición pode impartir en mellores condicións unha materia que outros docentes interinos ou pertencentes a un corpo sen especialidade de Artes e Deseño? Desde a Consellería entendemos que a resposta debería de ser doada. Por iso, e tamén porque a propia sentenza —que respectamos— menciona que o recorrente foi incapaz de acreditar un vínculo especial e concreto entre a defensa dos intereses do persoal docente e obxecto do preito, cremos oportuno interpoñer recurso ante o Supremo.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez, do G. P. de En Marea, sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgunha xuntanza coas principais plataformas web de reservas de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de dona Luca Chao, do Grupo Parlamentario de En Marea.

**A señora CHAO PÉREZ:** Grazas, presidente.

Señor conselleiro, sabe vostede que, de acordo co Estatuto galego de autonomía, o Goberno da Xunta ten a competencia exclusiva na promoción e ordenación do turismo. Nese senso, cabe entender a necesidade dunha actuación decisiva do Goberno galego co fin de ordenar e garantir a viabilidade deste sector chave da economía galega; viabilidade, non pan para hoxe e fame para mañá; viabilidade, non unicamente Xacobeo; así como a necesidade de garantir a convivencia axeitada dos nosos pobos e cidades; convivencia e non exclusión da poboación autóctona.

E, neste senso, un dos problemas vinculados co turismo que máis preocupan á cidadanía nos últimos tempos é o da proliferación de vivendas turísticas nas rúas en que viven, moitas delas ilegais. Basta dar unha volta polas principais rúas das nosas cidades para comprobar como Airbnb, Homeaway ou Wimdu, entre moitas outras, están transformando o modo de facer turismo e tamén transformando o modo de vivir da xente. A problemática asociada a esta transformación é ben relevante. Dunha banda, cómpre falar de diñeiro furtado ás arcas públicas, toda vez que en moitos casos —como sabe— falamos de negocios invisibles; tamén, por suposto, de competencia desleal contra o sector turístico regrado, que segue e respecta —como non podería ser doutro xeito— a lei e a normativa turística, paga os seus impostos e, sobre todo, xera postos de traballo. E, por suposto, tamén se relaciona coa expulsión da poboación autóctona, incapaz de asumir a carestía dos prezos do alugueiro e dos servizos; en definitiva, a substitución do uso residencial de moitos lugares das nosas cidades por un uso turístico pouco sustentable. Este efecto de expulsión implica unha perda do tecido económico e social das nosas cidades, que acaba transmutando en negocios orientados aos turistas estacionais e exclúe os dedicados á poboación residente durante todo o ano.

¿E que di o Goberno desta situación? Pois permítame citar textualmente as palabras da señora Nava Castro, que son clarividentes: «Creo que é un síntoma bo que o alugamento se entenda como vivenda de uso turístico e non só para estudantes». ¿Ignora a directora de Turismo de Galicia a importancia que ten o alugamento para as persoas universitarias en cidades como Compostela? ¿Ignora o enorme esforzo que supón para as familias galegas, que teñen que esforzarse cada mes para pagar os pisos? ¿Considera axeitado que os prezos suban e suban e sexa cada vez máis difícil atopar este tipo de vivendas? ¿Acaso pretenden substituír as persoas que veñen cursar estudos universitarios por turistas? É unha burla, unha falta de respecto para todas as familias deste país que asumen os custos e unha falta de seriedade absoluta pretender abordar a cuestión pisoteando sen rubor o dereito de toda a cidadanía a ter unha vivenda digna.

Dende En Marea consideramos urxente modificar o decreto que regula este tipo de negocios, aumentar as inspeccións e obrigar as plataformas web a ofertar unicamente vivendas turísticas regularizadas, tal como se obrigou, por exemplo, na cidade de Barcelona, grazas ao traballo do seu goberno. De aí a nosa pregunta: ¿tivo o Goberno da Xunta algunha xuntanza coas principais plataformas web operadoras de reservas para abordar esta situación? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Chao.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Chao, vostede sabe que Galicia foi a primeira comunidade autónoma que regulou —a través dun decreto do ano 2017— todo o que ten que ver coas vivendas de alugamento no mundo turístico. Neste decreto, tanto para protexer o usuario —as persoas que queren

utilizar este servizo— como para protexer os propietarios, deixou moi clara unha diferenciación. Por unha parte, hai apartamentos turísticos, que é unha actividade económica. Por outra parte, hai vivendas turísticas. E, por outra, hai vivendas de uso turístico que son, como vostede se refire, os alugamentos normais, ordinarios, que se fixeron constantemente e que, dalgún xeito, non están vencellados en gran medida a empresas nin a ningún tipo de multinacional, nin moito menos, senón que soen ser, na súa inmensa maioría, actividades económicas complementarias para as familias que teñen un piso como estratexia de aforro ou que teñen unha vivenda que deciden alugar.

Unha vez máis —tamén o vimos onte—, por parte de En Marea xorde unha visión, se se quere, bastante negativa, bastante pexorativa, de todo o que ten que ver coa actividade turística, e creo que o están facendo como unha especie de seguidismo de titulares mediáticos que xorden noutras comunidades autónomas ou noutras cidades pero que, francamente, é moi difícil poder extrapolalos a Galicia.

Ademais, utiliza unha serie de afirmacións que, se se me permite, son absolutamente falsas, non teñen ningún tipo de soporte na veracidade nin nas estatísticas. Vostede di —así o pon— que «prolifera as vivendas de uso turístico ilegais». Eu creo que iso é falso, e, se non o é, se vostede o coñece, o que ten que facer é denuncialas, obviamente, como calquera cidadán. Pero é falso o que vostede está dicindo.

Tamén entendemos que é falso o que vostede di de que «a actividade ilegal é numerosísima na nosa comunidade». Como tamén é falso que vostede diga que «aquí se está a expulsar a poboación autóctona —segundo a súa terminoloxía— dos seus barrios de orixe». E creo que tamén é falso o que vostede plantexa sobre que este decreto é incapaz de ordenar e de regularizar unha situación neste caso vencellada á actividade de alugamento de vivendas de uso turístico.

Temos un decreto, temos unha ordenación, que, efectivamente, funciona ben; que clasifica as diferentes modalidades de alugamento; que non entra no que son os alugamentos clásicos, para entendernos, pero o que fai é protexer tanto os posibles usuarios, cunhas determinacións concretas, como os posibles propietarios das vivendas, con outras determinacións concretas; e que diferencia entre unha vivenda turística e unha vivenda de uso turístico.

Vostede o que plantexa aquí é se houbo xuntanzas coas plataformas que comercializan este produto. Obviamente, señoría, ¿pero como non ía habelas? ¿Como non ía habelas? É máis, entendemos que é positivo, e estamos seguros de que, se non as fixeramos, vostedes nos estarían acusando de non facelas. ¡Claro que houbo reunións para explicar un marco normativo absolutamente legal...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** ...un marco normativo que protexe os usuarios, un marco normativo pioneiro en España que, neste caso, tamén protexe os propietarios das vivendas!

Moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rodríguez.

Ten a palabra, para o turno de réplica, a señora Chao Pérez.

**A señora CHAO PÉREZ:** Agardamos que a negación sexa o primeiro paso para a aceptación. ¡Quen sabe, igual até é o primeiro chanzo para facer algo! Mire, pode vir aquí tratar de negar a maior, pero os datos son os que son, non titulares, non seguidismo doutras cidades, senón datos.

Podemos citar o caso de Compostela, que polo visto vostede non o sabe pero forma parte do top 100 das cidades máis turísticas do mundo. O top 100, non un sitio illado.

Nesta cidade son máis de tres mil as prazas turísticas irregulares que diariamente se ofertan. E insisto no de prazas, pois no documento rexistrado comprobamos un erro cando falamos de vivendas; queremos dicir prazas. É evidente que o aumento dos pisos turísticos está a ter un efecto moi significativo na redución dos alugamentos ordinarios. Non o dicimos nós, dío a Federación Galega de Empresas Inmobiliarias, que algo disto debe saber. Din que no ano 2017 había sete mil vivendas para arrendar no mercado da comunidade. Pois ben, ao peche do terceiro trimestre deste ano, a cifra caeu ata o 4.300, case un 40 % menos. Para que nos fagamos unha idea do que isto significa, baste dicir que, por exemplo, nesta cidade hoxe hai máis pisos turísticos que pisos dispoñibles para alugamento tradicional, e a señora Nava Castro dicindo que ¡fantástico!, só faltou *¡viva el vino!*

Pero hai máis. No conxunto de Galicia, as vivendas particulares que se empregan como pisos turísticos aproxímanse ás seis mil cincocentas, ofrecendo un total de case trinta e catro mil camas. ¿Sabe isto a que equivale? Ao 60 % de todas as prazas que ofrecen os hoteis de entre unha e cinco estrelas no noso país. Todos os hoteis xuntos non suman máis de cincuenta e sete mil camas: menos recursos, menos calidade e menos emprego, que debería preocuparnos. E temos que insistir tamén no diñeiro furtado ás arcas públicas, do que tampouco dixo vostede nada.

Pois ben, ¿falamos de actividade ilegal? Si, falamos de actividade invisible para as arcas públicas. Segundo os últimos datos, o ano pasado nesta cidade houbo máis de medio millón de pernoctacións deste tipo, cun impacto directo de preto de 9 millóns de euros invisibles para as arcas públicas que a vostedes non lles importan, alén da competencia desleal para o sector hoteleiro e do seu custo de oportunidade. Este si que paga os seus impostos.

¿Quere dicirnos vostede que a Xunta de Galicia non ten que facer nada? ¿Pode dicirnos a que acordos se chegou, se de verdade se realizaron esas xuntanzas?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora CHAO PÉREZ:** ¿Cantas vivendas foron regularizadas en Galicia dende a entrada do devandito decreto? ¿Que datos ten o Goberno sobre vivendas turísticas ilegais? ¿Cantas inspeccións se realizaron dende que...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Chao.

**A señora CHAO PÉREZ:** ...entrou en vigor o decreto? ¿Cantos expedientes sancionadores?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora CHAO PÉREZ:** ¿Van facer algo para obrigar as plataformas web a retirar os anuncios ilegais?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas. Xa rematou o seu tempo. *(Aplausos.)*

Ten a palabra para a réplica, por parte do Goberno, o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** Señora Chao, vostede basea toda a súa argumentación e todo o seu discurso nunha afirmación absolutamente gratuíta. Vostede di que as vivendas de uso turístico son ilegais. A partir de aí, todo o que diga non vale para nada, absolutamente para nada, porque están regularizadas e son absolutamente legais. Vostede poderá dicir aquí que non lle gustan. Está no seu dereito político a facelo. Agora, dicir que son ilegais é unha auténtica falsidade, e vostede estalles chamando ilegais a moitísimas persoas, familias, xubilados, amas de casa, que teñen pisos de alugamento e que, afortunadamente, grazas a que agora hai un decreto da Xunta de Galicia do ano 2017 que regulariza esta situación, poden desenvolver a súa actividade dun xeito absolutamente legal, con seguridade para o usuario e con seguridade tamén para a propia familia. Non pode dicir que son ilegais. E claro, a partir de aí, todo o que di...

Eu podería calar agora mesmo e quedar tan pancho, por dicilo dun xeito rápido; pero voulle dar algúns datos porque creo que é bo que se coñezan. Vostede fala de Santiago de Compostela e fala de Galicia. Mire, en Galicia equivocouse. Hai máis vivendas de uso turístico que as que vostede di. Vostede di que hai seis mil pero hai máis. Hai sete mil dúascentas corenta e oito. Non sei por que se opón. Todos os espazos turísticos de Galicia e de España teñen vivendas de alugamento, porque ao mellor hai familias que non teñen recursos económicos para ir de hotel, ou non teñen segunda residencia ao lado da praia ou da montaña, e usan vivendas de alugamento en Sanxenxo, en Baiona, en miles e miles de sitios, e creo que iso non é malo, señoría, non é malo.

En Santiago ao revés, vostede pon de máis. En Santiago hai catrocentas cincuenta e catro vivendas de uso turístico e hai dúas mil prazas, non tres mil como di vostede. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Agora, tamén lle pediría que se vostede sabe, se coñece que existe algunha ilegal, por favor, fágallelo saber aos inspectores. Por certo, inspectores que nesta lei de acompañamento teñen maiores capacidades xurídicas para poder intervenir e inspeccionar para que haxa un bo control, unha boa ordenación e unha defensa dos intereses e dos dereitos dos cidadáns para usar esta alternativa turística. Vostede verá, como acabo de



dicir, que ao mellor moitas familias non teñen diñeiro suficiente para ir a un hotel e poden optar por unha vivenda turística.

Señoría, eu creo que aquí, como en todas as cousas, o importante é sempre o sentidiño e estar no termo medio, estar no centro, como está o Partido Popular. ¿E cal é a nosa visión disto? Hai dúas visións, no caso das vivendas turísticas. Por unha parte, hai a prohibición total da Marea. É curioso, opóñense a que unha familia poida alugar unha vivenda, ¡curioso!, para uso turístico. E despois hai, neste caso, a Comisión Nacional do Mercado e da Competencia, que di que todo laxo, un deixar facer absoluto.

Afortunadamente, Galicia ten un decreto que regulariza, que dá seguridade e que posibilita...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** ...que as familias que usen estes servizos teñan seguridade e teñan un control, e que as arcas públicas teñan tamén a garantía de que se fai unha actividade legal, non ilegal. E se vostede coñece algunha ilegal, o que ten que facer vostede é denunciálo.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rodríguez.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D. José Manuel Rey Varela e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o estado de tramitación do expediente para a declaración de Ferrol como cidade Patrimonio da Humanidade**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra o señor Rey Varela.

**O señor REY VARELA:** Señor presidente, señor conselleiro, señorías, moi bos días.

Ferrol, unha cidade lóxica enclavada nunha terra máxica, segundo as palabras do escritor universal ferrolán Torrente Ballester, aspira a ser Patrimonio da Humanidade. Un camiño que inicia a Real Academia Galega de Belas Artes no ano 2000 e acada o consenso dos grupos municipais no Pleno do Concello de Ferrol, que comeza a traballar da man do académico Rodríguez Villasante para confeccionar o expediente e obter esta importantísima declaración.

O seguinte paso importante prodúcese no ano 2007. No ano 2007, a candidatura do Ferrol da Ilustración inclúese na lista indicativa da Unesco, valorando especialmente que no século

XVIII se constrúe o Arsenal e a Cidade-praza, seguindo os parámetros racionalistas e ilustrados da man dos enxeñeiros militares chegados a Ferrol para facer *ex novo* este importantísimo conxunto e dar cumprimento ás ordes reais dos monarcas Felipe VI en 1726 e Fernando VI en 1749, da man de importantes persoeiros como o Marqués da Ensenada, que planifica tres departamentos marítimos en toda España, e da man do mariño e investigador Jorge Juan, que consegue que todas esas técnicas ilustradas se apliquen a estas novas construcións, o que fai único, precisamente, este conxunto elevado ante a Unesco.

O seguinte paso, por parte do Concello de Ferrol, adóptase no ano 2013. O Concello encárgalle á Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegá a dixitalización, catalogación, bases de datos, exposicións e difusión do importantísimo labor investigador que se tiña feito nos anos anteriores para presentar o expediente definitivo ante a Xunta de Galicia.

Co cambio de goberno municipal e tras tres anos de parálise, coincidindo co manifesto de alcaldes promovido polo Foro Ferrol Vivo, o Concello, previa adxudicación, por certo, a unha empresa privada para a reformulación do expediente, diríxese novamente, logo de tres anos, á Xunta de Galicia, á Dirección Xeral de Patrimonio.

Coñecemos tamén, hai moi pouco tempo, que ese expediente se ía reformular outra vez, de acordo cunha parte importante do mesmo, que é o órgano de xestión, posto que é imprescindible acadar o consenso dos concellos e o consenso do Ministerio de Defensa para ir todos na mesma liña.

Tendo en conta toda esta información, e a importancia para Ferrol e para Galicia desta declaración, é polo que lle pregunto oficialmente como se atopa o expediente para a declaración de Ferrol como Patrimonio da Humanidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rey Varela.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, como tiveron ocasión de dicir nas miñas dúas últimas comparecencias, tanto na comparecencia de orzamentos como onte mesmo nesta Cámara, unha das prioridades do Goberno galego no eido da xestión de cultura é potenciar e sacar adiante os expedientes que ten agora mesmo Galicia para candidatar a Patrimonio da Humanidade, en concreto tres: a Ribeira Sacra, as Cíes-Illas Atlánticas e tamén o Ferrol da Ilustración. Son tres candidaturas que entendemos reais, serias e que, dalgún xeito, están orientadas a acadar este máximo recoñecemento da Unesco destes tres bens.

Hai diferenzas. As dúas primeiras, Ribeira Sacra e Cíes-Illas Atlánticas, son promovidas neste caso pola Xunta de Galicia. A terceira, o Ferrol da Ilustración, é promovida polo Concello. Iso

non quere dicir, en ningún momento, que dende a Xunta, que dende o departamento de Patrimonio, se faga diferenza. Trabállase en positivo, trabállase dando o mesmo apoio ás dúas impulsadas por nós ca á impulsada polo Concello. Pero, obviamente, a diferenza é que en todo o que ten que ver coa documentación, co expediente administrativo, cos trámites, ten que ser o Concello, neste caso o Concello de Ferrol, quen ten que levar a iniciativa.

A Xunta ten demostrado sempre o apoio técnico e institucional a esta proposta do Concello de Ferrol. De feito, no ano 2017 houbo un moi serio risco de que este expediente puidese caer da lista indicativa, e, afortunadamente, coas xestións neste caso da Dirección Xeral de Patrimonio, púidose manter ante o Ministerio de Cultura.

Hai moi pouco, eu tiven a oportunidade de estar no propio ministerio e tamén na sede da Unesco, en París, falando das tres candidaturas. Falamos das tres candidaturas, propuxemos as dúas que impulsa a Xunta e tamén falamos da terceira candidatura, que impulsa o Concello de Ferrol. E hai que ter unha cuestión moi presente, que ser declarado Patrimonio da Humanidade, á parte de ser un enorme privilexio, tamén leva consigo uns compromisos para os equipos propoñentes, para as administracións propoñentes. Ten que haber unha protección, ten que haber unha serie de medidas tendentes a manter os valores culturais que fan senlleiro e con carácter universal un ben, e ten que haber unha programación, ao longo do tempo, que posibilite, con determinadas actividades e accións, manter vivo ese proxecto.

Ata o momento, somos conscientes de que se está traballando nun documento —está na páxina web— por parte do Concello. Estamos traballando ese documento, desde o punto de vista técnico, conxuntamente cos propios técnicos municipais. É un proceso moi complexo, tremendamente complexo. Detectamos algunhas eivas nesta documentación, eivas significativas que fan, dalgún xeito, que o proxecto non poida avanzar máis aí. E os nosos técnicos que están traballando neste documento teñen a obrigaición de facer as apreciacións técnicas, conxuntamente cos técnicos municipais do Concello de Ferrol, para que...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** ...se poida armar unha candidatura sería que ante a UNESCO poida pasar os filtros necesarios e lograr un anhelo común que, sen dúbida, é conseguir que esa xoia arquitectónica e cultural que é o Ferrol da Ilustración...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** ...como vostede ben describiu, poida acadar o distintivo de Patrimonio da Humanidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rodríguez.

Para o turno de réplica ten a palabra o señor Rey Varela.

**O señor REY VARELA:** Moitas grazas, señor presidente.

Moitas grazas, conselleiro. Moitas grazas, sobre todo, pola aclaración, porque creo que é moi importante saber que neste momento, desgraciadamente, ese expediente non está completo na Xunta de Galicia para elevalo, por parte do Estado, ao centro de patrimonio mundial, que é o que adopta a decisión da súa inscrición.

Dende logo, poderíamos lamentar o atraso da presentación do expediente completo. Efectivamente, a parte do órgano de xestión é unha parte moi importante, pero lamentar, desgraciadamente, non serve de nada, creo, señor conselleiro, que temos que pensar no presente e temos que pensar, sobre todo, no futuro.

Polo tanto, unha vez aclarada pola súa parte a defensa por parte da Xunta de Galicia, do Goberno de Galicia, desas tres candidaturas, incluíndo, por suposto, a candidatura de Ferrol, que non é promovida pola Xunta, senón que é promovida polo titular dalgunha das infraestruturas, como é o Concello de Ferrol, o que eu lle pediría é que tratemos de traballar conxuntamente, como se vén facendo, porque creo que non debemos perder nin un minuto, nin unha semana, nin un mes máis. Non podemos perder máis tempo, porque o feito de que non se teña presentado neste momento quítanos todas as posibilidades da súa acreditación para este ano, pero tamén para o ano 2019 e para o ano 2020, porque están pechadas as candidaturas de España ante o centro de patrimonio mundial.

Créame, señor conselleiro, que Ferrol o merece, que a candidatura o merece. Vostede coñece perfectamente este conxunto, de feito, cando eramos compañeiros de goberno puidemos visitalo. Polo tanto, pídolle toda a colaboración co Concello de Ferrol para defender esta candidatura e, sobre todo, para conseguir esta importante declaración para este conxunto histórico da Ilustración, pero tamén para todos os ferroláns.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Cultura e Turismo.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** Moitas grazas.

Señor deputado, non teña a menor dúbida, pero nin a menor dúbida, de que a Xunta de Galicia vai colaborar co Concello de Ferrol, coa cidade de Ferrol e coa súa contorna, co conxunto de Ferrolterra, para sacar adiante esta candidatura, importantísima, que pode supoñer unha reactivación económica e social que encha de orgullo aos ferroláns e a todos os galegos, e conseguir que esta xoia arquitectónica e urbanística do Ferrol da Ilustración poida acadar o que entendemos que xa é, pero que merece o recoñecemento explícito, neste caso por parte da Unesco, como unha xoia senlleira a nivel mundial.

Obviamente, levamos traballando co Concello neste ámbito. Temos unha liña de traballo aberta. Tense orientado de xeito informal a candidatura actualmente presentada, o docu-

mento actualmente presentado. Somos conscientes de que hai unha eiva importantísima que hai que salientar, porque se non cae o expediente, que está vencellado ao plan de xestión. A responsabilidade do promotor é xestionar ao día seguinte o ben que é declarado Patrimonio da Humanidade, pero o plan de xestión, onde se fundamenta a conservación e a difusión dos valores singulares do ben, ata o momento non o temos, e para telo é necesario que os propietarios do ben, varios concellos —Ferrol, Ares, Mugardos—, a propia Xunta, tamén o Ministerio de Defensa e algúns particulares, estean coordinados e estean aliñados nesta demanda.

Polo que sabemos —insisto, polo que sabemos—, xa que esta iniciativa é impulsada polo Concello, ata o momento algúns destes propietarios do ben, como pode ser o Ministerio de Defensa, aínda non coñecen este plan de xestión, son descoñecedores deste plan de xestión, igual que algúns outros colectivos, e é necesario que se inicie canto antes a elaboración e a firmeza no plantexamento dun plan de xestión, que é unha obriga necesaria por parte do propoñente para poder ter —entre comiñas— ese «premio» ou ese «recoñecemento» que supón que un ben pase a formar parte neste caso dunha lista mundial tremendamente competitiva como é a do Patrimonio da Humanidade.

En todo caso, como xa dixen ao principio desta intervención, señor deputado, pode estar absolutamente tranquilo, a cidade de Ferrol pode estar tranquila, toda a contorna de Ferrolterra pode estar tranquila, porque a Xunta de Galicia está a traballar, conxuntamente co Concello, para impulsar esta candidatura, pero é necesario corrixir certas eivas da documentación presentada para que poida seguir avanzando nunha loita tremendamente competitiva, tremendamente dura, pero que ao final tamén merece a pena.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a situación de precariedade dos servizos de atención á drogodependencia, en especial no que atinxe ás mulleres**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de dona Paula Vázquez Verao, do Grupo Parlamentario de En Marea.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Bo día, conselleiro.

Fíxese, 769,57 euros/mes; 786,18 euros/mes, psicóloga; 1.18,78 euros/mes, educador terapeuta. ¿Sabe vostede o que son? Pois son as nóminas de profesionais da Fundación Monte de Gozo, Proxecto Home, que, como todo o mundo sabe, se dedica a algo tan fundamental como promover a reinserción social e a rehabilitación das persoas con trastornos de adicción, que, desgraciadamente, está de actualidade porque, como denuncia a plataforma de Proxecto Home, en nome de quen facemos esta pregunta, están a sufrir represalias por unha cuestión tan fundamental como reivindicar melloras laborais. Melloras laborais que simplemente piden equipararse ao convenio estatal de acción e intervención social, porque esta fundación

mantén na práctica un convenio de empresa encuberto que supón duras condicións para o persoal con estas nóminas. Fíxese, ¡ademais outro caso de precariedade laboral no noso país!

Por citar algúns exemplos, o feito de que se fagan excesivas horas de máis. Se o convenio estatal fixa 1.750 horas anuais, este convenio de empresa encuberto supón 1.826 horas, pero é que houbo casos de persoas que fixeron 2.300 horas anuais. E por reivindicar que se lles equiparen as súas condicións laborais a unhas condicións laborais decentes foron represaliadas estas persoas, as dezasete de Proxecto Home.

Pero non só iso, non só é unha cuestión laboral, hai tamén unha falta de formación continua interna, o que leva a que as profesionais teñan que actualizarse por si mesmas, e todas as propostas de mellora que estas profesionais lle fixeron á Xerencia de Proxecto Home non foron tidas en conta, co cal hai unha desactualización dos métodos de intervención desta asociación a respecto do resto do Estado.

As represalias chegaron a puntos como que se cesaron e trasladaron cargos con antigüidade e traxectoria avaladas por teren reclamado estas melloras laborais. E ademais quitaron das terapias estas persoas para poñer xente sen experiencia. É evidente que isto afecta ao servizo, como afecta ao servizo o feito de que se pechara o centro de Lugo ou o de Pontevedra por estas mesmas represalias, ou algo tamén polo que lle preguntamos especificamente, que se mingudara a actividade no centro das Cernadas.

O asunto é que non estamos só ante un conflito laboral, que é grave, porque a situación laboral nesta fundación e o ambiente realmente é tremendo. O asunto é que estamos ante unha cuestión de fondo, que é a falta de recursos asistenciais para a atención de persoas con trastornos adictivos. ¿Por que? Porque a Xunta descansa a súa rede asistencial neste tipo de asociacións e fundacións, que, como esta, pisotean os dereitos laborais e que, en última instancia, aínda que neste caso falamos dunha decisión unilateral da Xerencia, dependen da Igrexa no seu padroado.

Así que lle preguntamos especificamente por unha cuestión ben concreta. É gravísimo que en Proxecto Home se negaran a acoller derivacións ao centro das Cernadas. ¿Por que? Porque afecta a un colectivo vulnerable, que son as mulleres con adiccións...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** ... con fillas e fillos a cargo, e era a única comunidade terapéutica que tiña este servizo de acollida. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Vázquez Verao. Terminou o seu tempo.

Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moi bos días, señor presidente.

Señora deputada.

O circuío de asistencia sanitaria aos trastornos aditivos é un documento que foi elaborado ante a necesidade de mellorar a coordinación entre os centros de drogodependencia, saúde mental e atención primaria, e sempre coa finalidade de ofrecer unha prestación sanitaria equitativa, de calidade e eficiente.

Tal e como se recolle neste circuío asistencial, recoméndase que as persoas con trastornos adictivos que soliciten tratamento sexan atendidas inicialmente nos servizos de Atención Primaria, que os derivarán en caso necesario ás unidades de condutas adictivas ou os servizos de saúde mental, segundo o problema que presente cada paciente. Todo isto sen prexuízo da prestación de asistencia a pacientes que acceden directamente ás unidades, como ocorre habitualmente cos usuarios de drogas ilícitas.

Para a atención ás adiccións na nosa comunidade autónoma, a Consellería de Sanidade conta cun catálogo de programas asistenciais que definen os tratamentos, programas e protocolos que regulan a asistencia nos centros conveniados. Dentro do catálogo, inclúese un programa específico para mulleres xestantes, independentemente do Proxecto Home.

Nestes momentos estamos elaborando un novo plan de trastornos adictivos, no que, de xeito coherente co que a estratexia nacional de adiccións indica, se prevé incorporar a perspectiva de xénero nos proxectos a acometer, e especificamente atender os patróns de consumo máis frecuentemente observados nas mulleres; introducir medidas para proporcionar coidados efectivos as que dixeron ser vítimas de violencia machista, e intervencións preventivas.

Polo que se refire ao tratamento de atención ás persoas drogodependentes, o orzamento executado en Galicia no ámbito das adiccións no ano 2018 ascendeu a un total de 12.381.181 euros, que se desglosa en 1.400.039 para a prevención; 10.110.000 para atención integral incluíndo asistencia; 682.330 para inserción laboral; 18.150 para investigación e 130.000 para atención sociosanitaria en alcoholismo e ludopatías.

Dito orzamento foi incrementado no ano 2018 nun 5 % sobre o 2017 para os programas a desenvolver en comunidades terapéuticas, e nun 3 % para programas desenvolvidos por entidades sen ánimo de lucro nos ámbitos de asistencia ambulatoria, incorporación social, programas xurídicopenais e prevención de recaídas en alcoholismo e ludopatías.

Para atención ás adiccións, na nosa comunidade autónoma contamos cos seguintes recursos. Centros de atención ambulatoria, 17 unidades de atención a trastornos adictivos, 6 unidades de atención a alcohol, tabaco e adiccións sen sustancia, incluíndo as ludopatías. 400 de aco-llida.

En recursos de segundo nivel, temos recursos de apoio ao tratamento e recursos de apoio á reinserción, con cinco pisos que atenderon a 168 persoas. Pero ademais, tanto en Lugo como en Monforte, como en Burela e Lugo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro, ten outro turno.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...en Pontevedra temos outras unidades asistenciais para tratar todos estes pacientes.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Vexo que non opinou sobre a situación laboral de Proxecto Home. A nós parécenos pertinente que a Xunta o faga, non só porque recibe fondos públicos esta fundación, senón tamén porque os seus recursos están integrados dentro dese sistema. Porque a realidade é que aínda non hai unha integración total e integral do tratamento das persoas con trastornos adictivos no sistema público. Ese documento que vostede citou así o dispoñía. Había que avanzar nesa integración e no aumento de recursos e non é así, nin na coordinación. Fíxese, o Pleno de Vilagarcía en setembro pasado demándalle a Xunta que avance nisto, que garanta unha asistencia de calidade ás persoas con problemas de adicción dende o Sistema público de saúde. O Plan que vostede citou de trastornos adictivos que se está a elaborar xa tiña que estar feito, porque a súa vixencia remataba en 2016 e estamos en 2018. Hai un abandono da asistencia ás persoas con trastornos adictivos.

Falou de que hai un programa específico para mulleres xestantes. Pero, ¿que hai das mulleres que precisan un recurso de internamento con menores ao cargo como o que o centro das Cernadas dispensaba? ¿E por que a Xunta non opina sobre unha decisión totalmente arbitraria da Xerencia de Proxecto Home, que deixa de acoller, habendo prazas libres, internamentos neste centro, cando é o único que permite esta situación: integrar a mulleres con trastornos adictivos coas súas crianzas menores de 3 anos ao cargo. Mesmo xa houbo un caso dunha muller da Mariña á que lle foi denegado ese servizo. É tremendo. E a nós parécenos que non se pode vir gabar o sistema de atención e de recursos asistenciais e trastornos adictivos en Galicia cando parte do mesmo depende de asociacións e de fundacións... Por certo, cada vez máis, moitas vense afogadas pola falta de orzamentos de que dispón a Xunta, e cada vez son máis opacos estes orzamentos da Consellería de Sanidade.

Por iso preguntamos, ¿cal é a alternativa para as persoas que se estaban tratando no centro de Lugo? Persoas, por exemplo, que da Mariña van ter que ir a Santiago para recibir un tratamento pola súa adicción. E ¿cal é a alternativa e cales son os recursos para mulleres con trastornos de adicción? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moitas grazas, señor presidente.

A colaboración da Consellería de Sanidade coa entidade do terceiro sector denominada Fundación Monte do Gozo está regulada anualmente por un convenio de colaboración. O último é de



data de 23 de febreiro de 2018, e circunscrito ao desenvolvemento de programas psicoterapéuticos e educativos de atención integral en persoas en risco e con trastornos adictivos, e o tratamento da rehabilitación, en réxime de comunidade terapéutica, de dependencia alcohólica.

Os fondos destinados ao financiamento dos programas desenvolvidos pola entidade Proxecto Home ascenderon no ano 2017 a 819.588 euros, e no 2018 a 860.535 euros, o que supuxo un incremento dun 5 % neste último exercicio.

Polo tanto, non sei por que fala de presupostos opacos, cando os presupostos están publicados e sábese exactamente en que consiste cada un deles.

Segundo o recollido no convenio, desde a fundación teñen a obriga de remitir os datos referentes ao volume detallado de actividades e de gastos. No desglose enviado no ano 2017, referente á comunidade terapéutica, o 66 % do gasto está en relación coas nóminas de persoal, e o 15 % coa alimentación dos residentes. No referente ao programa xeral, o 77 % do gasto está en relación coas nóminas

A maiores deste convenio, desde o ano 2018 recibiron financiamiento público da Xunta de Galicia, a través de fondo de IRPF 2017, por valor de 162.595 euros, para programas específicos, entre os que se encontran a atención en comunidade terapéutica de mulleres xestantes.

Proximamente publicarase unha nova convocatoria de axudas a través dos mesmos fondos de IRPF para actuacións de índole socio-sanitaria en trastornos adictivos, incluíndose os programas realizados no ámbito da comunidade terapéutica e na atención ás necesidades de xénero, coas que a Xunta de Galicia se amosa especialmente concienciada.

Todo isto contextualiza o compromiso da Consellería de Sanidade coa atención a persoas con trastornos relacionados con uso de sustancias.

A raíz das informacións xurdidas nos últimos meses sobre as condicións asistenciais que se ofrecían a persoas con trastornos relacionados co uso de sustancias a través da colaboración co Proxecto Home, desde a Consellería de Sanidade convocouse a Comisión de seguimento prevista no convenio actualmente vixente, co fin de valorar se a situación referida menoscababa a atención prestada ás persoas que requiren este servizo.

Desde a fundación garántennos que ningún usuario deixará de recibir atención, e desde o Servizo Galego de Saúde continuaremos velando polo cumprimento do convenio de colaboración que mantemos coa fundación Monte do Gozo.

Señorías, desde a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde traballamos para prestar a mellor asistencia posible ás persoas que están a sufrir trastornos adictivos, e, desde logo, para nada estamos de acordo co criterio e a cualificación que fai esta deputada de abandono. Temos unha relación extraordinaria, cunha coordinación moi boa, con todas as asociacións que están traballando neste ámbito, e, desde logo imos seguir impulsando esta colaboración.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Marta Rodríguez Arias e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a evolución que presenta a atención á dependencia en Galicia nos últimos anos**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Grazas, presidente

Señora conselleira, segundo o último informe do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, Galicia rexistra un notable impulso na atención á dependencia nos últimos anos. Concretamente, Galicia supera a ratio de atención do conxunto o Estado en 9 puntos. A ratio de Galicia é do 87 % e a ratio nacional é do 78 %. Por riba de moitas comunidades autónomas que a oposición hoxe, neste Pleno, gustou de comparar a súa actividade coa da Xunta de Galicia. Estamos falando de que Galicia, en atención, está moi por riba de comunidades como Andalucía, Aragón, Cataluña, Valencia ou Estremadura.

Ademais, reduciuse a lista de espera en dependencia nun 43,5 % no último ano, atendendo a máis de 58.500 persoas, dando prioridade aos servizos profesionais fronte ás axudas económicas, reforzándose o servizo de axuda no fogar, o servizo mellor valorado polas persoas en situación de dependencia en Galicia, e ademais puxéronse en funcionamento máis de 4.600 novas prazas en centros de día, residencias e centros de Alzheimer.

O obxectivo da Xunta de Galicia para esta lexislatura é atender a 60.000 persoas en situación de dependencia, pero como ben dixo o presidente da Xunta no debate do estado da Autonomía, ese é un obxectivo que se vai adiantar e se vai cumprir durante este ano 2018: atender a 60.000 persoas en situación de dependencia.

Ademais vostede, na Comisión 3<sup>a</sup>, informou de que o orzamento que se vai destinar para atender as persoas en situación de dependencia no vindeiro ano son 383 millóns de euros, o que significa que en cinco anos incrementou o orzamento asignado á dependencia en máis de 87 millóns de euros.

Independentemente destes datos, señora conselleira, aínda quedan persoas por atender en Galicia, aínda se pode avanzar moito en atención á dependencia, por iso nós hoxe lle queremos preguntar: ¿cal é a evolución, non só das persoas atendidas en Galicia, senón cal é a evolución da Lei de dependencia na nosa comunidade?

Polo de agora, máis nada. Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Arias.

Resposta da conselleira de Política Social.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez Arias, mellorar a atención á dependencia non é só un dos obxectivos do meu departamento, un dos obxectivos de todo o Goberno galego, senón que é, e debe de seguir sendo sempre, unha prioridade de futuro para Galicia.

O xeito no que unha sociedade trata os seus maiores, o xeito no que unha sociedade trata as persoas con discapacidade, e o xeito no que trata a todas aquelas persoas que precisan de máis axuda para as tarefas cotiás, é un dos mellores indicadores do vigor e da valía desta sociedade.

O tecido social galego é robusto e é solidario, por iso, dende o ano 2009 o número de persoas en situación de dependencia que dispoñen dun recurso de atención multiplicouse por catro, ata chegar hoxe ás 58.400 persoas atendidas.

Isto significa que a Xunta de Galicia seguiu apostando por mellorar o apoio ás persoas en situación de dependencia, mesmo tamén nos momentos máis complicados da crise económica.

Froito deste esforzo, a ratio de cobertura das prestacións á dependencia está amplamente por riba da media nacional. Mentres que no conxunto do Estado se sitúa no 77,5 %, aquí en Galicia estamos 9 puntos por riba, no 86,8 %. En definitiva, hai catro veces máis persoas dependentes atendidas que reciben unha prestación que no ano 2009. Estamos mellor que a media española, e estamos moito mellor —como vostede ben dicía— que moitas comunidades autónomas, pero segue aínda sen ser suficiente, por iso seguimos a incrementar os fondos, por iso seguimos axilizando o sistema, e por iso seguimos sempre marcándonos novos obxectivos.

A Xunta marcouse o obxectivo de atender a 60.000 persoas para toda a lexislatura, e adiantamos o compromiso de 60.000 dependentes atendidos para este ano 2018, e coido que remataremos este ano 2018 con 60.00 galegos e galegas atendidos. Por iso, para este ano a Xunta de Galicia incorporou dúas importantes novidades. Por unha banda, o Bono Autonomía en Residencia, e pola outra, un reforzo de máis de 1,5 millóns de horas anuais de servizo de axuda no fogar para os concellos de Galicia para que presten este servizo.

Señorías, considero que estamos avanzando polo camiño adecuado, pero aínda queda traballo por facer. Por iso, se o ano 2018 foi o ano do incremento da cobertura da atención á dependencia, o ano 2019 será o ano do incremento das contías que perciben todas as familias.

No vindeiro ano, máis de 19.000 familias galegas vanse beneficiar dun crecemento xeneralizado das prestacións, dun crecemento dun 10 % para as axudas a coidador, un 15 % para as axudas de asistente e entre o 20 e o 75 do Bono Autonomía.

Grazas, presidente (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Ten outro turno despois, conselleira. Rematou o seu tempo. Grazas.

Réplica, señora Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Grazas, conselleira.

¡Que fácil é dar receitas máxicas cando un está na oposición, pero que complicado é solucionar os problemas da xente cando un está no Goberno! O que nos demostra a oposición — parece que lle fai graza— é que cando vostede explica as medidas que se están levando a cabo para atender as persoas en situación de dependencia en Galicia, eles dan solucións fáciles a problemas complexos, pero o que demostran noutras comunidades onde eles gobernan, e mesmo en concellos galegos onde levan tres anos gobernando, é que logo non aplican esas receitas máxicas que tanto proclaman.

É certo que queda aínda moito por facer, efectivamente, pero tamén é certo que nunca antes houbo máis recursos para atender as persoas en situación de dependencia, nunca houbo antes máis persoas atendidas, nunca houbo antes máis servizos e nunca houbo máis grazas.

Dende logo, hai que seguir cara adiante. E nós esperamos que ese obxectivo das 60.000 persoas dependentes atendidas neste ano poida ser unha realidade.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Arias.

Peche da pregunta, conselleira de Política Social.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Moitas grazas, presidente.

Señora Rodríguez Arias, é certo que a Xunta de Galicia está apostando por mellorar cada día máis o sistema de promoción da autonomía e atención á dependencia, pero tamén é certo que para acadar este obxectivo non podemos estar sos, precisamos o compromiso dos concellos para executar todas as horas do servizo de axuda do fogar que teñen concedidas, e precisamos tamén dun Goberno central que cumpra coa filosofía e o espírito da Lei de dependencia.

Hai pouco máis dunha década, un executivo da mesma cor política que o actual, deseñou e aprobou un texto legal moi ambicioso, que marcaba obrigas tanto para as comunidades autónomas como para o propio Goberno central. O certo é que só unha parte se está a cumprir, e nós o que pedimos agora é o que pedimos sempre, nada máis e nada menos. Galicia está a cumprilos, financiando tres de cada catro euros do sistema de atención á dependencia, e o que lle exiximos ao Goberno central é que el tamén financie a súa parte. Deste xeito, as galegas e os galegos disporíamos de máis financiamento para seguir mellorando as prestacións que reciben as persoas en situación de dependencia. Con máis recursos innovadores, como as Casas do maior ou o «cohousing», con máis servizos profesionais, nos que Galicia é unha das comunidades de referencia e xa supoñen máis do 80 % do total das prestacións. En definitiva, con máis alternativas e maiores contías para que cadaquén se faga maior como libremente desexe.

A Xunta de Galicia seguirá traballando nesta liña, e farémolo, por unha banda, porque mellorar os servizos de atención á dependencia é apostar tamén pola conciliación. Hoxe en día hai moitas familias galegas que coidan os seus maiores e que precisan dun maior apoio profesional e maiores contías, e o Goberno galego vaino cumprir. Farémolo tamén porque, despois de estar os nosos maiores toda unha vida dándoo todo por nós, axudándonos, coidándonos, nesta etapa da súa vida eles tamén precisan este coidado, e, polo tanto, o Goberno galego non os vai a deixar sos, o Goberno galego vai continuar cumprindo.


Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Non hai máis asuntos. Remata aquí o Pleno.

Boa tarde a todos.

*Remata a sesión ás tres da tarde.*



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25